

PLENO DO PARLAMENTO

***17 de novembro de 2025
10.00 horas***

***Debate de totalidade do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma
para o ano 2026***

Fascículo II

SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1.1.1. Proxectos de lei

I Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026

[133060](#)

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

A) Emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
— Número de rexistro: 38405

[133063](#)

B) Emenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
— Número de rexistro: 38390

[133075](#)

C) Emenda do Grupo Parlamentario Mixto
— Número de rexistro: 38150

[133080](#)

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto

A) Emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
— Números de rexistro: 38406 a 38419

[133086](#)

B) Emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia
— Números de rexistro: 38392 a 38404

[133201](#)

Grupo II

Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)

1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego
— Números 26 a 63 (núm. de rexistro 38427)

[133282](#)

B) Emendas do G. P. Socialista de Galicia
— Número de rexistro 38428

[133376](#)

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións

A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego

— Números 1 a 26 (núm. de rexistro 38427)

[133282](#)

B) Emendas do G. P. Socialista de Galicia

— Número de rexistro 38428

[133376](#)

I Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

[133062](#)

— 1 Emenda do G. P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 38421)

[133388](#)

— 1 Emenda do G. P. Socialista de Galicia (doc. Núm. 38391)

[133398](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1.1.1. Proxectos de lei

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa reunión do 10 de novembro de 2025, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026, que rematou ás 18.30 horas do 7 de novembro de 2025 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego, Socialista de Galicia e Mixto, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego
Documentos cos números de rexistro: 38405, 38406 a 38419 e 38427.

b) Documentos presentados polo G. P. Socialista de Galicia
Documentos cos números de rexistro: 38390, 38392 a 38404 e 38428.

c) Documentos presentados polo G. P. Mixto
Documento co número de rexistro 38150.

A Mesa, de conformidade co disposto nos artigos 112.3, 129 e 130 do Regulamento da Cámara e coas regras de tramitación do Proxecto de lei de orzamentos, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro. Cualificalos como emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2026.

Segundo. Admitir a trámite as emendas seguintes:

Grupo I

Emendas de devolución global ou de calquera sección ou axente xestor de gastos (con efectos devolutivos)

1. Emendas de devolución global

A) Emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Número de rexistro: 38405.

B) Emenda do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Número de rexistro: 38390.

C) Emenda do Grupo Parlamentario Mixto

Número de rexistro: 38150.

2. Emendas de devolución dos orzamentos das seccións ou de axentes xestores do gasto**A) Emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Números de rexistro: 38406 a 38419.

B) Emendas do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia

Números de rexistro: 38392 a 38404.

Grupo II**Emendas que modifican a contía global dos orzamentos ou transfiren créditos entre seccións (sen efectos devolutivos)****1. Emendas que modifican a contía global dos orzamentos****A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

Números 26 a 63 (núm. de rexistro 38427), que incrementan a previsión dos ingresos.

O aumento do gasto nas actuacións previstas nas emendas finánciase mediante a modificación de determinados tributos estatais cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación de novos impostos, coa supresión de beneficios fiscais e cun aumento da recadación. De se aceptaren, sería necesario modificar o dereito tributario substantivo.

B) Emendas do G. P. Socialista de Galicia

Número de rexistro 38428, que incrementa a previsión de ingresos.

O maior gasto nas actuacións previstas na emenda finánciase cunha redución de determinados gastos e co incremento dos ingresos por tributos cuxa recadación está cedida total ou parcialmente á Comunidade Autónoma de Galicia, por sancións tributarias, por transferencias e por ingresos patrimoniais.

2. Emendas que transfiren créditos entre seccións**A) Emendas do G. P. do Bloque Nacionalista Galego**

Números 1 a 26 (núm. de rexistro 38427), que transfiren crédito entre aplicacións de diferentes seccións.

Os Servizos Xurídicos informan que, de se aceptaren, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais con orzamento limitativo ou estimativo que están afectadas por elas: orzamento administrativo, orzamento de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e orzamento de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado, coa finalidade de asegurar o seu equilibrio orzamentario e financeiro.

B) Emendas do G. P. Socialista de Galicia

Número de rexistro 38428, que transfere crédito entre aplicacións de diferentes seccións. Considérase formalmente como unha emenda transversal e, igualmente, como unha emenda que incrementa o importe global dos estados de gastos e ingresos, razón pola que figura clasificada nas epígrafes 1 e 2 do grupo II. En relación con esta emenda, que incrementa os gastos tanto con baixas de gastos como con incremento de ingresos, faise a mesma observación anterior.

Polo tanto, de se aceptar, sería preciso facer os correspondentes axustes na contabilidade orzamentaria das entidades públicas instrumentais con orzamento limitativo ou estimativo que están afectadas por ela: orzamento administrativo, orzamento de explotación (conta de perdas e ganancias estimada) e orzamento de capital (estado de fluxos de efectivo estimado), e no balance estimado, coa finalidade de asegurar o seu equilibrio orzamentario e financeiro.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Cualificación de emendas á totalidade de devolución presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas

A Mesa da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 10 de novembro de 2025, examinou a relación de documentos presentados dentro do prazo de formulación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que rematou ás 18.30 horas do 7 de novembro de 2025 e que foron rexistrados polos grupos parlamentarios do Bloque Nacionalista Galego e Socialista, que se indican a continuación:

a) Documentos presentados polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego

Documento co número de rexistro 38421

b) Documentos presentados polo G. P. Socialista de Galicia

Documento co número de rexistro 38391

A Mesa, de conformidade co disposto no artigo 112.3 do Regulamento da Cámara, adopta o seguinte ACORDO:

1º. Cualificalas como emendas á totalidade de devolución ao Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas.

2º. Admitilas a trámite.

Santiago de Compostela, 10 de novembro de 2025

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, doc. núm. **37243 (12/PL-000010)**.

Nada muda, os erros permanecen:

A necesidade dun cambio para impulsar o futuro que Galiza precisa.

Introdución

O Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 inicia o seu informe económico-financeiro sob o lema de orde “Todo muda, nada permanece”. Porén, a realidade é que neste proxecto apenas se verifican cambios relevantes ou acertados ao tempo que permanecen erros de planificación, orientación e decisión política e económica. Desta maneira, este proxecto podería ser o de calquera outro ano, mesmo o de calquera outra realidade territorial da nosa contorna, e non os orzamentos esperábeis despois do ano no que Galiza viviu unha vaga de lumes absolutamente histórica e devastadora como a iniciada en agosto de 2025, nin os orzamentos esperábeis para intervir na cronificación do empobrecemento que trouxo a concatenación de crises de inflación, nin os orzamentos necesarios para reverter a erosión dos servizos públicos ou modernizar a

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:51
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

economía e os sectores estratéxicos ante a incerteza internacional, os cambios tecnolóxicos e os retos dunha crise climática que está fóra de cuestión.

1. Galiza ante un mundo en tensión e un ciclo económico de ralentización

A incerteza internacional é xa unha constante, agravada nos últimos anos pola intensificación de conflitos bélicos e do avance do xenocidio do Estado de Israel contra Palestina. Este é o contexto no que o noso país debe abordar aínda as consecuencias dun ciclo económico de concatenación de crises, da financeira á de prezos pasando por unha pandemia histórica. Esta sucesión de acontecementos e as decisións políticas tomadas no marco dun neoliberalismo irreformable, deixa enormes desigualdades no social e evidencia enormes carencias no ámbito económico e produtivo. Máis aínda, todo isto está condicionado polos impedimentos ao exercicio dun autogoberno real e a perda de soberanía coas decisións impostas polo Estado e pola Unión Europea acompañadas por un goberno incapaz de defender os intereses galegos.

Sen dúbida, a análise do Proxecto de orzamentos para o ano 2026 non pode ignorar un feito absolutamente relevante para as finanzas deste e dos próximos anos, a escalada militar e armamentística imposta pola OTAN e pola estratexia dos USA coa imposición do 5% do PIB en gasto militar e mesmo, no caso estadounidense, na imposición de compras nese ámbito a cambio dunha presunta rebaixa das expectativas arancelarias. Esta situación, inadmisíble dun punto de vista humano, pacifista e da liberdade e solidariedade entre os pobos, ten consecuencias tamén no ámbito económico e orzamentario ao significar, a todas luces, unha redución da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade de investimento nos servizos públicos, nos dereitos sociais e na transformación económica.

Asemade, no contexto que determinará a Galiza de 2026 seguen presentes enormes incógnitas, desde as consecuencias cada vez máis intensas da crise climática ou a evolución da Intelixencia Artificial aos cambios e transformacións no ámbito económico e enerxético. Sen dúbida isto afecta a unhas previsións económicas que desde o ámbito máis internacional ao estatal e galego prognostican unha rebaixa evidente no ritmo de crecemento. Desta maneira, as previsións máis optimistas para o Estado español son as da Comisión Europea, que coinciden coas da OCDE, e fixan un crecemento do PIB do 2,6% para 2025 e do 2% para 2026. Estas previsións, aínda que prevén sobordar as previstas para a Zona Euro, están por debaixo das medias estimadas para o PIB Mundial. Así, a previsión é de desaceleración do crecemento para 2026, moderación da inflación que se mantén persistente en determinados ámbitos e lixeira caída da taxa de desemprego.

Respecto da economía galega, tamén se prevé un cambio de ritmo que leva a unha rebaixa do crecemento. De feito, podemos sinalar que o PIB de do 2024 medrou por baixo da media segundo a contabilidade do INE. Así mesmo, a propia Xunta de Galiza rebaixa as expectativas fixadas hai menos de dous meses no debate do Teito de gasto e prevé reducir o crecemento no ano 2026 até o 1,9. Unha vez máis, como xa aconteceu despois do ciclo de fin de recesión despois da crise financeira, a pregunta é se Galiza aproveitou o período expansivo e recursos como os fondos extraordinarios europeos para transformar a economía, corrixir as debilidades e atender as urxencias coa vista posta nos cambios de paradigma que require este contexto. A resposta é negativa tendo en conta, por exemplo, que Galiza segue entre as rexións cun nivel competitivo medio-baixo canto aos datos do Índice





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Competitividade Rexional (ICREG) elaborado polo Consello Xeral de Economistas; o baixo investimento en I+D+i; que Galiza presenta unha taxa de desemprego moito máis elevada que a rexión norte de Portugal e a media europea; a contracción, por terceiro ano consecutivo, do sector primario; a terciarización da economía ou a persistencia, como indica a Memoria económica do CES, de desigualdades significativas do punto de vista social (nomeadamente o 55% dos fogares compostos por un adulto con nenos e mozos a cargo ou o 50% da poboación con nacionalidade estranxeira, están en risco de pobreza).

Así, a historia repítese e permanece a incapacidade dos gobernos do Partido Popular de anticiparse aos problemas e aproveitar as oportunidades. Desta maneira, este orzamento nace fracasado, cunhas contías absolutamente insuficientes de partida e cunha proposta decepcionante do punto de vista do gasto.

En termos xerais, o Proxecto confirma a falta dun proxecto autocentrado, queresolva os problemas estruturais da nosa economía e mellore a situación social e cultural do país. Son uns orzamentos que diminúen en termos reais, con aumento do pagamento da débeda e un aumento dos beneficios fiscais ao tempo que nin sequera se compensa a inflación tomando como ano de referencia o último ano pechado, isto é, 2024.

O importe total do gasto non financeiro dos orzamentos da Administración Xeral da Xunta para o exercicio 2026 é de 14.240 millóns de euros, que supera en 63 millóns o límite de gasto non financeiro aprobado polo Consello de Xunta o pasado 1 de agosto para a elaboración dos Orzamentos para 2026, debido á incorporación de fondos adicionais vinculados á reprogramación dos fondos FEDER e á creación do programa Restore que atende necesidades derivadas polos incendios forestais (20 M€); ao incremento das transferencias do Plano Estatal de Vivenda





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(19,5 M€); ao reparto de fondos para o Bono Alugueiro á Mocidade (6 M€), e a outros fondos non previstos en agosto. Con este incremento de 63 millóns chega até os 14.240 millóns, un 2,1% superior ao fixado para 2025, 286,1M€ a maiores.

Porén, se consideramos a inflación de 2024 que foi de +2,7% ou variación interanual en setembro de este ano 2025 que acada o 2,9% o incremento do 2% non é suficiente para compensar o aumento dos prezos. Para compensar a inflación o límite de gasto debería ter aumentado en case 120 millóns máis. Máis aínda, se consideramos que o incremento dos compromisos de pagamento da débeda pública aumentan en máis de 95 M€ en 2025 e que, aínda que diminúan a respecto de 2025, a Xunta vai recibir 150,3 M€ do MRR Mecanismo de Recuperación e Resiliencia en concepto de transferencias correntes e de capital, non existe un aumento real da capacidade de gasto e investimento da Xunta, senón un decrecemento, cuxas consecuencias experimentamos no día a día as galegas e galegos sufrindo, por exemplo, unha atención sanitaria cada vez máis precarizada e inaccesible.

A todo isto súmase a incapacidade para negociar un novo sistema de financiamento e a posición antigalega e antisocial do goberno da Xunta do Partido Popular ao rexeitar unha quita da débeda de máis de 4.000 millóns de euros, un terzo dos máis de 12.000 millóns de euros aos que nos levaron as súas políticas de mala planificación e malas decisións.

Máis aínda, estes orzamentos entran, un ano máis, na adhesión acrítica ao recuperado marco de déficit, que constrinxen a autonomía económica e financeira de Galiza e que o goberno do Partido Popular abraza, mantendo unha crítica política ao goberno do Estado pero sen que iso se traduza nun cuestionamento do seu enfoque





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

centralista e neoliberal. Este é un problema político e económico para o exercicio do noso autogoberno e para o sostemento dos servizos públicos esenciais e Galiza xa foi situada no punto de mira no Informe da AIREF de mediados de xullo.

2. Da cinza á vida: recuperármonos da vaga de lumes de 2025 e prepararnos para o futuro.

Galiza viviu no pasado mes de agosto unha das peores vagas de lumes forestais da súa historia recente. A catástrofe ambiental, social e económica que deixou en gran parte do noso territorio, especialmente nas comarcas de Ourense, requiriu dunha reacción inmediata e contundente que nin chegou nin chega neste Proxecto de orzamentos para o anos 2026.

En canto ás dimensións reais do desastre, o sistema europeo Copernicus fixo unha estimación de máis de 143.000 hectáreas queimadas no mes de agosto (145.000 en todo o ano), mentres que a Xunta deu uns datos sensibelmente inferiores: 108.411 en agosto e 110.994 en todo o ano. Esta vaga de lumes é a consecuencia directa dunha xestión absolutamente negligente por parte do goberno galego, tanto na prevención como na xestión da emerxencia. O modelo de loita contra o lume do Partido Popular demostrou, unha vez máis, o seu absoluto fracaso.

A falta de planificación, de prevención e de recursos eficientes por parte da Xunta converteu a situación nunha auténtica catástrofe. A xestión foi errática, sen a coordinación necesaria, deixando a moitas brigadas e concellos traballando en circunstancias extremadamente adversas e, en moitos casos, en total desamparo. Malia o esforzo heroico de brigadas, veciñanza e persoas voluntarias, a política forestal do PP non está á altura das necesidades dun país co 70% da súa superficie





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arbórea. Esta vaga de lumes deixa unha lección clara: non podemos seguir como estabamos e, lamentablemente, malia a propaganda do goberno e as afirmacións do Presidente da Xunta de que isto traería cambios no Orzamento isto non é real, cuns simples cambios pola chegada de fondos europeos e pola estratexia do goberno de responsabilizar outras administracións das súas competencias.

Galiza merece un modelo de monte e de rural diferente, que xere riqueza, poña en valor a nosa contorna natural e que nos protexa de forma efectiva. É por iso que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego defende un cambio estrutural e unha estratexia integral sobre o conxunto do territorio que teña como obxectivo evitar que un desastre deste tipo se volva a repetir e que se condensa no Plan da Cinza á Vida. Fronte ás políticas fracasadas do pasado, Galiza precisa unha alternativa de futuro para o noso medio rural, un plan que procure a atención inmediata ás persoas afectadas, a recuperación ambiental real, un novo modelo de monte multifuncional, unha prevención estrutural e eficaz, e a revitalización socioeconómica do rural. Un Plan, en definitiva, que non existe neste Proxecto inválido, temerario e insolvente no que o medre da consellaría responsábel do Medio rural é anecdótico e a consellaría responsábel da área de loita contra a crise climática sofre un enorme recorte.

3. Atallar a crise dos servizos públicos e dos dereitos sociais como a vivenda.

A presentación deste Proxecto de orzamentos coincide no tempo cun amplo número de mobilizacións sociais no ámbito dos servizos públicos. De distintas mobilizacións locais e comarcais por demandas sanitarias a importantes folgas e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

manifestacións nos sectores dos coidados, no ensino público ou na atención a menores. Non hai ámbito en Galiza dos servizos públicos esenciais que neste momento non teña usuarios e usuarias e/ou traballadores e traballadoras en pé pola falta de persoal, as condicións laborais ou o acceso a estes.

Esta situación é consecuencia de máis dunha década de políticas contrarias ás necesidades dos servizos públicos esenciais. A maiores da necesidade dun mellor sistema de financiamento, Galiza precisa mellores propostas orzamentarias e unha mellor distribución dos recursos. Así, neste Proxecto de orzamentos non se inclúen medidas para abordar esta crise e, máis aínda, avánzase na privatización dos servizos, como exemplifica o ámbito dos coidados ou os futuros CIM móbiles, tamén privatizados.

Estes orzamentos tampouco van dar resposta á desigualdade social que, tal e como advirte o informe do CES, é aínda preocupante en distintos sectores. Máis recentemente, tamén neste sentido alertaba o Informe anual da EAPN, que recoller que aínda que a pobreza e a exclusión social mellorou os seus índices, case 509.000 persoas residentes no noso país permanecen en risco de pobreza e exclusión social e que a pesares do incremento no emprego feminino e unha menor fenda salarial, segue persistindo unha maior precariedade laboral e pobreza nas mulleres.

Dentro das preocupacións sociais e das causas do empobrecemento continúa a salientar a situación da vivenda. Así, segundo a EAPN, os fogares en situación de pobreza continúan a facer un maior esforzo no pago da vivenda, un 33,2% dos seus ingresos e segue a existir unha fenda importante entre as persoas que viven de alugueiro e as que viven en propiedade. Desta maneira, un 36,1% de persoas que viven de alugueiro están en risco de pobreza fronte a un 14,8% que viven en propiedade, amosando co impacto da suba dos alugueiros. Fronte a isto, é precisa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha reorientación das políticas de vivenda que non existen nestes orzamentos nin nos precedentes do goberno do Partido Popular, que nestes recortou un 50% o investimento en vivenda e que ademais deixa cada ano millóns de euros sen executar e que non desenvolveu as vivendas protexidas que prometeu.

4. Avanzar nunha relación económica xusta co Estado español: quita da débeda e dereito a decidir sobre os recursos dos galegos e galegas.

Hai algo que mudou do escenario de debate e aprobación dos Orzamentos de 2025 á actualidade é que hoxe hai unha proposta firme con criterios por parte do Estado respecto de como abordar a quita da débeda das comunidades autónomas de réxime común. Este paso político, que no seu día foi demandado polo Parlamento Galego no Debate do Estado da Nación de 2023, chega despois de que o Bloque Nacionalista Galego, coa súa defensa dos intereses de Galiza, conseguira no seu acordo de investidura a homologación en termos de dereito daquelas comunidades que non acudiran ao Fondo de Liquidez Autonómica. Porén, non muda a actitude negacionista do goberno galego, que nega a realidade de que unha quita abre a oportunidade para Galiza de abordar un dos seus maiores problemas económicos, que é que os gobernos do Partido Popular triplicaron a débeda nos seus mandatos até superar os 12.000 millóns de euros.

Exemplo da necesidade de avanzar na quita é este Proxecto de orzamentos, no que malia non haber débeda nova porque non o permite o marco legal europeo e estatal, aumenta a contía de recursos económicos destinados á débeda. Así, as necesidades de endebedamento para 2026 ascenden a 1.728,58 M€, un 5,77%, superior ás de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2025 para satisfacer os vencementos da débeda ao longo do exercicio futuro de 2026.

Ademais, unha vez máis, estes orzamentos certifican que Galiza sofre unha insuficiencia crónica de recursos para financiar os nosos servizos públicos fundamentais, tal e como o propio Consello de Contas avaliou no 2024 nun informe que pon cifra a este déficit: unha media 1.535 millóns de euros anuais entre 2009 e 2021. Polo tanto, cada exercicio económico que o goberno galego non avanza nunha mellor relación económica co Estado ou segue sen asumir que Galiza debería ter a chave dos seus cartos e polo tanto capacidade de decisión a través dunha facenda galega propia, é tempo perdido que nos impide avanzar.

Así as cousas, neste Proxecto de orzamentos para 2026 nada significativo muda e os erros permanecen, sendo polo tanto necesario o seu rexeitamento un cambio para impulsar o futuro que Galiza precisa.

Por todos estes motivos, a través da presente emenda á totalidade, o **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)** solicita a devolución do **Proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galiza para o ano 2026**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:06



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 38405
Data envío: 07/11/2025 16:53:53,687

CSV: REXPG-EDIKxDpW1-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:53:53
Nº Rexistro: 38405
Data envío: 07/11/2025 16:53:53,687

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:53:54

CSV: REXPG-EDIKxDpW1-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:32:37
Nº Rexistro: 38390
Data envío: 07/11/2025 16:32:37,479

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto do artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

De novo vémonos na obriga de presentar unha emenda á totalidade aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, porque seguen sen dar resposta ás necesidades da cidadanía galega, ademais de presentar algunha debilidade nas rebaixas fiscais.

Son uns orzamentos que non afrontan os grandes retos aos que se enfronta Galicia a día de hoxe, nin a curto nin a medio prazo: vivenda, política social, reto demográfico.

Abonda con revisar os grandes números para darse conta que se destina máis diñeiro a pagar a débeda pública que á atención primaria ou política social.

Pero é que tampouco apostan pola igualdade territorial. Nin se albisca a recuperación da nosa riqueza marisqueira.

A promoción do galego, ten un pequeno impulso, pero moi lonxe do que debería ser unha normalización efectiva. Ou o de cultura, que tamén dista moito do que debería ter un territorio como Galicia.

Por non falar das consellerías de Medio Ambiente e de Economía e Industria que perden peso nos orzamentos do 2026.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:27
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133075

28071 Madrid

CSV: REXPG-YDv2vbc2-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:32:37
Nº Rexistro: 38390
Data envío: 07/11/2025 16:32:37,479

Os concellos seguen sendo os grandes abandonados por parte da Xunta de Galicia porque o financiamento vía fondo de cooperación local non cobre nin as competencias impropias que están a ser asumidas polas entidades locais.

Pero calquera ámbito de actuación que toquemos, poñen de manifesto unha perda de oportunidades.

Estes non son uns orzamentos xustos, nin teñen ás persoas no centro dos seus obxectivos.

Son absolutamente insuficientes e que ademais mostran unha perda real de capacidade porque o incremento previsto está por baixo da inflación estimada e do crecemento económico esperado.

Todo isto prodúcese nun contexto onde a economía española medra por encima da media da eurozona, cun mercado laboral que segue mellorando, coas empresas españolas que gañan peso en mercados exteriores e en competitividade e nun avance en transición verde e dixital. E deste contexto Galicia debería beneficiar.

Pero, estes orzamentos, ademais conteñen un modelo fiscal inxusto, e que beneficia aos que máis teñen.

Uns orzamentos que deixarán de ingresar, polo menos, 793 millóns de euros.

E cando ao comezo citábase algunha debilidade. Esta a recolle a AIReF no seu informe de xullo de 2025, que indicou que Galicia incumpriu no ano 2024 a regra de gasto. É máis, detalla que nos anos de aplicación das actuais regras fiscais, a Comunidade Autónoma de Galicia incumpriu unha vez o obxectivo de estabilidade, tres a regra de gasto e ningunha o obxectivo de débeda.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133076

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:32:37
Nº Rexistro: 38390
Data envío: 07/11/2025 16:32:37,479

Pero tamén destaca na súa conclusión, que o impacto negativo das medidas permanentes de rebaixa fiscal e de incremento do gasto prevista pola comunidade, acentúase o risco de incumprimento da regra de gasto en 2026 e anos seguintes. E que o plan económico fiscal da Comunidade Autónoma de Galicia non contén medidas correctivas nin elementos que substancien a corrección da desviación no exercicio seguinte e manteñan o gasto computable nunha senda de cumprimento no futuro.

Beneficios fiscais no seu maior parte para quen menos o necesita, risco de incumprimento da regra de gasto, e detracción de ingresos para poder dedicalos a políticas imprescindibles para dar respostas ás necesidades dos galegos e as galegas.

Por todo o exposto, consideramos que queda suficientemente xustificado, que o Grupo Socialista pida a devolución destes orzamentos polo que considera falta de ambición para resolver os problemas e atender as necesidades das persoas. Ou dito doutra forma, uns orzamentos sen alma porque no van dirixidos a solucionar os principais problemas dos galegos e das galegas.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133077

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:27:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:32:37
Nº Rexistro: 38390
Data envío: 07/11/2025 16:32:37,479

CSV: REXPG-YDv2\lbc2-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:32:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:32:37
Nº Rexistro: 38390
Data envío: 07/11/2025 16:32:37,479

CSV: REXPG-YDv1bc2-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTARIA
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 981 55 15 83
gp-mixto@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galicia

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

O Grupo Mixto do Parlamento de Galicia, representado por D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana, presenta ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, a seguinte **EMENDA Á TOTALIDADE, DE DEVOLUCIÓN, ao proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026.**

Exposición de Motivos

O proxecto de Orzamentos para 2026 presentado polo Goberno da Xunta non só mantén, senón que profundiza, un modelo territorial estruturalmente desequilibrado e inxusto, que ignora de maneira sistemática e grave as necesidades específicas das provincias do interior de Galicia, e con maior dureza a Ourense. Lonxe de corrixir as profundas asimetrías existentes, este proxecto perpetúa e agrava a discriminación histórica que sofre a provincia, actuando como un motor máis do seu despoboamento e da perda de oportunidades para os seus cidadáns.

Estes Orzamentos, tal e como se presentan, son un instrumento que, máis que evitar a desigualdade, o despoboamento e a dispersión de Ourense, os fai posibles e incluso os acelera. A recente e traumática vaga de incendios que asolou a provincia no pasado mes de agosto, a peor da súa historia, evidencia de forma dramática a absoluta desprotección e abandono no que se atopa. Un abandono que este proxecto de orzamentos non só non remedia, senón que consolida.

Asinado o día 04/11/2025 ás
22:42
Por Armando Ojea Bouzo



1. Discriminación orzamentaria e despoboamento: Un círculo vicioso.

A asignación de recursos a Ourense nos Orzamentos da Xunta é, de forma constante, a máis baixa das catro provincias, tanto en termos nominais como porcentuais. Segundo datos do Instituto Galego de Estatística, Ourense perdeu o 4,2% da súa poboación na última década, mentres que as provincias costeiras

experimentaron crecementos. Esta infrafinanciación crónica non é un feito illado, senón a causa directa do deterioro dos servizos públicos e da falta de inversións estratéxicas, factores clave que aceleran o despoboamento.

O Goberno da Xunta argumentou en ocasións un argumento falaz para xustificar esta situación: un suposto maior **gasto per cápita en Ourense**. **Este indicador é enganoso e carece de rigor**. O custo de manter un servizo público esencial, como un colexio, un centro de saúde ou unha liña de transporte, nunha zona de baixa densidade de poboación é inherentemente máis elevado por usuario. **Atender a unha poboación dispersa e envellecida esixe un maior investimento para garantir a igualdade de dereitos**. Pretender utilizar este dato técnico para encuber o abandono real é unha grave irresponsabilidade política. A consecuencia é un círculo vicioso: a falta de servizos e inversións expulsa á poboación, e a perda de poboación utilízase como escusa para recortar aínda máis os recursos, condenando a Ourense a unha espiral de declive.

2. Un modelo centralizador: A Coruña e Pontevedra como eixes privilexiados.

A análise da distribución das partidas de investimento evidencia un modelo de **goberno centralizador que beneficia de maneira arrasadora ás provincias costeiras**, en particular a A Coruña. A esta provincia destínase de forma recorrente a inmensa maioría dos grandes investimentos, en infraestruturas, equipamentos e promoción económica. Por exemplo, segundo a memoria do proxecto orzamentario, máis do 60% do investimento en infraestruturas viarias e ferroviarias concéntrase no eixe atlántico, mentres que Ourense segue sen ver garantida a modernización da liña de ferrocarril ou a conexión eficiente co interior peninsular.

Esta desproporción non responde a unha mera casualidade loxística, senón a unha decisión política. A concentración de órganos administrativos, institucións e sedes de empresas públicas na provincia da Coruña, particularmente na súa área metropolitana, é unha opción



estratéxica que xera un efecto chamada e concentra o gasto e a actividade económica. Que a sede do goberno autonómico se atope en Santiago de

Compostela non pode ser a xustificación para que o conxunto da acción de goberno e a redistribución da riqueza véxanse distorsionadas en prexuízo do interior. Esta dinámica consolida un "eixe de desenvolvemento" A Coruña-Pontevedra, marxinando de forma drástica ás provincias do interior, e moi especialmente a Ourense, a máis interior e periférica dentro deste modelo.

3. A crise dos incendios: A proba definitiva do abandono e a necesidade dun orzamento de emerxencia.

A vaga de incendios do pasado agosto, a máis devastadora da historia de Ourense, actuou como un trágico experimento que puxo ao descuberto as consecuencias letais do abandono orzamentario crónico. Esta crise non é só un problema de Emerxencias ou de Medio Ambiente; é **unha crise multidimensional que afecta a case a totalidade das consellerías da Xunta**, esixindo un aumento masivo de recursos específicos para a provincia no 2026:

- **Medio Ambiente, Medio Rural e Mar:** Requírese un investimento sen precedentes para a recuperación dos ecosistemas, o suelo agrícola e a prevención de novas crises, así como para paliar a contaminación de ríos e costa.
- **Política Social, Economía e Emprego:** Necesidade de fondos para atender ás persoas que perderon vivendas, medios de vida e emprego, así como para reactivar a economía local arrasada.
- **Sanidade:** É imprescindible destinar recursos para atender as afeccións físicas e, especialmente, as psicolóxicas derivadas da traxedia.
- **Vivenda:** Débese afrontar a reconstrución de vivendas destruídas e a rehabilitación das afectadas.
- **Presidencia e Xustiza:** Esíxense investimentos para corrixir as graves fallas no sistema de emerxencias e de coordinación que quedaron en evidencia.

O Proxecto de Orzamentos para 2026, unha vez máis, dálle as costas a esta emerxencia. **Non contén un fondo de reconstrución específico para Ourense nin unha asignación económica acorde coa magnitude da**



catástrofe. É, por tanto, un orzamento que non representa a todos os galegos por igual e que profundiza no modelo das "dúas Galicias".

CONCLUSIÓN

Por todo o exposto, **o Grupo Mixto de Democracia Ourensana considera que o Proxecto de Lei de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 é inxusto, desequilibrado e lesivo para os intereses da provincia de Ourense e, por extensión, para a cohesión de toda Galicia.**

Ao non ofrecer unha resposta á discriminación histórica, ao despoboamento, á dispersión xeográfica e, agora tamén, á catástrofe dos incendios, **este Proxecto carece da lexitimidade e equidade que debe ter unha lei de orzamentos.**

Por iso, **solicitamos a súa DEVOLUCIÓN ao Goberno da Xunta, para que proceda á súa reelaboración e presente un texto que garanta unha distribución xusta dos recursos, incorpore un plan de investimento específico e de emerxencia para Ourense** que afronte as consecuencias dos incendios e demonstre un compromiso real co reequilibrio territorial e a loita contra a despoboación.

Santiago de Compostela, 4 de Novembro de 2025.

Fdo. D. Armando Ojea Bouzo.
Deputado e portavoz do Grupo Parlamentario Mixto.



Asinado dixitalmente por:

Armando Ojea Bouzo na data 04/11/2025 22:42:05



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/11/2025 22:45:29.315

CSV: REXPG-N5pQr9O8-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 04/11/2025 22:45:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/11/2025 09:30:00
Nº Rexistro: 38150
Data envío: 04/11/2025 22:45:29.315

CSV: REXPG-N5pQr9O8-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 04, Presidencia da Xunta, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

Na comparecencia na Comisión 3ª do Parlamento galego en relación co Proxecto de lei de orzamentos para 2026, a Secretaria Xeral da Presidencia da Xunta de Galiza destacou que a Sección 04. Presidencia da Xunta disporá de 282,8 millóns de euros, contando a parte de Turismo de Galiza, de 125,9 millóns de euros, cifra que representa un 5,39% menos que nas contas do pasado 2025. Este descenso vén motivado principalmente pola baixada orzamentaria nas transferencias de capital á Axencia Turismo de Galiza.

A Presidencia da Xunta é unha área de análise conxunto complexo por configurarse coma un “caixón de xastre”, cunha estrutura a día de hoxe constituída por órganos tan heteroxéneos como poden ser a Secretaría Xeral da Presidencia, a Secretaría Xeral de Medios, a Oficina de Coordinación Económica, as delegacións territoriais da Xunta de Galiza, a Asesoría Xurídica Xeral, a Axencia de Turismo de Galiza e a S.A. de Xestión do Xacobeo, Galiza Calidade, a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galiza ou a nova incorporación a esta área como é o Instituto Galego de Estatística.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:51
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha estrutura que, alén desa heteroxénea composición, se lle sumamos os novos departamentos que se introduciron baixo o mesmo paraugas político, obteremos unha clara intencionalidade de instrumentalización partidista que merece, cando menos, o reproche político e exige a necesaria devolución da sección.

Non é casualidade que órganos relacionados co turismo, cunha dotación orzamentaria moi potente a pesar da baixada, permanezan na Presidencia da Xunta, igual que outros órganos coma as delegacións territoriais ou o IGE, pasando polo tanto a estar baixo o control directo do Presidente. A estrutura orgánica dunha administración pública non pode e non debe estar ao servizo dos intereses particulares ou partidistas de quen, lexitimamente, ostenta o goberno.

Este uso partidista vese de xeito moi claro na Secretaría Xeral de Medios. Para iso só temos que ollar para a nova CSAG e para a nova Directora Xeral, xa que a través da recentemente aprobada Lei de Medios e en apenas uns meses demostrouse que a manipulación, a privatización e a diminución da calidade da nosa radio e televisión públicas podían ir a máis, aínda que isto parece difícil.

Mais o uso partidista segue aumentando ao vemos como o Instituto Galego de Estatística pasa a estar controlado directamente polo Presidente da Xunta de Galiza sen ter este movemento ningunha xustificación previa. De novo, e como xa vimos noutros entes ou axencias, o Partido Popular decidiu controlar a través da administración pública calquera voz discordante co relato oficial do goberno, unha decisión que non pode ser admisible en ningún goberno democrático.

En canto a Turismo de Galiza, o seu orzamento, xa de por si significativo, diminúe en aproximadamente 20 millóns de euros. Esta baixada non tería porque supoñer unha crítica *a priori*, mais se analizamos polo miúdo as contas e o seu desglose por programas, observamos que se mantén unha liña rutineira que non introduce cambio algún na política turística aplicada nos últimos anos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto é relevante en tanto que o sector e a propia actividade turística veñen experimentado importantes cambios desde a COVID-19, en parte iniciados con anterioridade no relativo ás cuestións relacionadas co cambio climático e exixen unha adaptación que debería ter reflexo nestes orzamentos. Así pois, as previsións orzamentarias da Xunta de Galiza para o 2026 en materia de turismo non abordan a necesaria reorientación das súas políticas, para así adaptarse e responder eficazmente aos novos desafíos que emerxen nesta actividade e ás externalidades negativas que, de xeito certo, xerou e segue a xerar o actual modelo.

O feito de que a Axencia de Turismo de Galiza teña competencia para planificar as políticas de ordenación e inspección, fomento e competitividade do turismo galego, así como competencia para elaboración e proposta de normativa en materias de turismo, exixe que se avance cara unha nova política turística.

Mais para iso son imprescindibles outros orzamentos que permitan avanzar na adaptación do marco normativo á nova realidade turística e así dar resposta a problemas como a masificación en zonas concretas ou o aumento descontrolado das vivendas de uso turístico. Ou mesmo os sobrecustos que soportan concellos galegos no servizo de limpeza, no abastecemento, conservación de vías ou patrimonio, tensionados polo aumento exponencial de visitantes, e que poderían ser parcialmente compensados a través dunha taxa turística similar ás que existen en moitos destinos turísticos, e que concellos como Santiago de Compostela tiveron xa a valentía de levar a cabo.

Uns orzamentos distintos, que redefinan o Xacobeo, que permitan avanzar cara un novo turismo rural que sexa motor económico dos pequenos concellos, así como tamén cara a un turismo urbano de vangarda fanse aínda máis necesarios.

E finalmente, os orzamentos para o 2026 en materia de turismo da Presidencia tampouco abordan a necesidade de adaptar a actividade turística aos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obxectivos da Declaración de Glasgow de loita contra o cambio climático. Pola contra, a Xunta de Galiza segue a perpetuar o uso do termo “refuxio climático”, unha denominación que atenta contra a realidade científica e que nega os efectos tan visibles que o cambio climático produce no noso país.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
04.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:18
Nº Rexistro: 38406
Data envío: 07/11/2025 16:54:18.096

CSV: REXPG-Z9wqfLXE-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:54:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:18
Nº Rexistro: 38406
Data envío: 07/11/2025 16:54:18.096

CSV: REXPG-Z9wqfLXE-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, do orzamento da Corporación “CRTVG” (Sección 04) no proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns.

A Xunta de Galiza vén de presentar o seu Proxecto de orzamentos para o ano 2026. Nestes pódense ver na sección de Presidencia da Xunta, no servizo da Secretaría Xeral de Medios e no programa de Radiodifusión e TVG (programa 461B), as partidas orzamentarias que o goberno galego propón para a Corporación de Servizos Audiovisuais de Galiza (CSAG, antiga CRTVG). Uns orzamentos que, como é habitual baixo o actual goberno galego, son completamente opacos, pouco clarificadores e dificilmente analizábeis por parte da oposición no Parlamento de Galiza, cuxo labor se debe centrar na fiscalización da acción gobernativa diaria da Xunta de Galiza. Pódese asegurar, por tanto, que a Xunta de Galiza dificulta activamente o labor das forzas da oposición no Parlamento entregando a estas proxectos de orzamentos cuxa transparencia é practicamente inexistente.

No caso concreto da CSAG, a Xunta contempla un gasto no programa 461B que ascende á cantidade económica de 134.571.800 euros, o que supón un aumento con respecto a 2025, cando esta cantidade era de 129.881.800. O incremento sitúase así na cantidade de 4.690.000 euros. Desta forma, por primeira vez desde o ano 2009, a Xunta de Galiza supera os 131 millóns de euros de investimento nos medios públicos galegos; durante o goberno bipartito aquela Xunta de Galiza destinaba a

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:51
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cantidade de 131.145.144 euros, polo que tiveron que transcorrer case 17 anos para que o actual goberno galego destinase un montante similar ao de 2009. Estas cifras son sen dúbida preocupantes para o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, xa que nos orzamentos de 2026 cóntase con máis de 5.000 millóns de euros de orzamento acumulado do que en 2009 durante o goberno bipartito.

É evidente, como así o demostran os datos, que o actual goberno á fronte da Xunta de Galiza non ten como prioridade ofrecer ás galegas e galegos uns medios públicos de calidade, plurais e que representen a totalidade da sociedade galega. Se ben é certo que para o Grupo Parlamentar do BNG o verdadeiro problema da CSAG non é a cantidade económica que nela se inviste (aínda que si que ten suma importancia como é obvio), senón o uso e o modelo de xestión do Partido Popular con respecto aos medios de comunicación de titularidade pública. A nova Dirección Xeral da Corporación, encabezada pola señora Concepción Pombo, accede ao cargo após a aprobación da Lei 1/2025 de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza para a sociedade dixital. Un texto legal cuxa tramitación parlamentar se caracterizou pola falta de diálogo por parte do PP que en todo momento impuxo o seu criterio sen contar para nada coas forzas da oposición que representan unha parte moi significativa da sociedade deste país e que, por tanto, deberían ter sido tomadas en conta en todo momento. Desde o primeiro instante da tramitación desta lei no Parlamento de Galiza se soubo que a única intención do partido que goberna este país era a de mudar a lei para evitar ten que chegar a un acordo coa oposición para a remuda da Dirección Xeral, por moito que se tentase camuflar esta intención baixo o disface da dixitalización. Ademais, no pouco tempo que a señora Concepción Pombo leva á fronte da CSAG podemos mesmo asegurar que se levan incumpridos varios puntos desta lei; un exemplo é o apartado a) do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

artigo 9 do texto que indica o seguinte a respecto de dereito de acceso: “A participación dos grupos sociais, políticos e sindicais representativos, como fontes e portadores de información e opinión no conxunto dos programas, contidos e servizos”, algo que se demostra falido cunha simple ollada aos espazos de opinión ou aos espazos informativos na TVG e na Radio Galega.

A pesar do cambio de denominación (de CRTVG a CSAG) e da nova dirección, a liña editorial e de xestión mantense en esencia inalterábel. O legado de 16 anos baixo a dirección de Alfonso Sánchez Izquierdo perpetúase, e tanto o proxecto de orzamentos presentado como as declaracións públicas da actual directora sinalan que se manterá o mesmo camiño: o do desmantelamento progresivo do servizo público, a falta de rigor informativo e o abandono das condicións laborais do persoal.

Son, infelizmente, moi abundantes as eivas que presenta a CSAG e que só se poderán solucionar a través da xestión seria e do uso neutral e non partidista dos medios públicos, algo que sabemos que non acontecerá co PP á fronte do goberno galego. O executivo de Alfonso Rueda mantén un control férreo da radio e da televisión, eliminando voces discordantes ao PP nos espazos de opinión ou directamente mentindo sobre o BNG mesmo nos espazos informativos. A cobertura informativa que se fixo durante este verán de 2025 dos lumes forestais que tanto afectaron o noso país (os máis grandes desde que hai rexistros), dá boa conta da falta de rigor e do uso partidista que se fai duns medios de comunicación que segundo se supón, son de todas e de todos. Incluso en campaña electoral, cando os medios públicos deben ser máis neutrais que nunca, o PP utiliza a Radio Galega e a TVG para tentar facer avanzar o seu discurso e sacar rédito electoral. De novo, son os datos e non o BNG os que evidencian isto: O PP foi o partido político máis





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apercibido pola Xunta Electoral durante a campaña do 18 de febreiro de 2024 (a última que houbo) por incumprir a lei, cun total de nove amoestacións, isto debeuse, entre outras cuestións, ao uso partidista dos medios para tentar influír no resultado electoral, facendo, por exemplo, anuncios de goberno nos espazos informativos, fóra dos espazos de campaña destinados para tal fin.

É por isto que ao ver do BNG é mesmo insultante que na memoria dos orzamentos de 2026 no apartado destinado á CSAG se manifeste o seguinte: “A SAG goza de autonomía na súa xestión e a persoa titular da Dirección Xeral actúa no exercicio do seu cargo con plena independencia e neutralidade, sen poder recibir instrucións, directrices ou calquera outra clase de indicación do Consello da Xunta de Galiza, da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galiza, partidos políticos, dos sindicatos e doutras institucións ou entidades”. Son múltiples os exemplos que demostran que estas afirmacións non se manteñen máis alá do papel.

Nada vemos desde o BNG neste Proxecto de orzamentos para a radio e televisión públicas galegas que nos indique se vaia actuar de maneira diferente en 2026. Tememos, porque así se vén demostrando, que serán a manipulación, o control e a imparcialidade os verdadeiros principios reitores duns medios públicos secuestrados polo Partido Popular e ao servizo dun goberno galego que utiliza todos os mecanismos ao seu dispor para tentar manterse no poder a toda costa. O uso partidista tanto da radio e da televisión, como das redes sociais que manexa a CSAG será financiado, máis un ano, con fondos públicos de todas e todos os galegos, mesmo daqueles que no comulgan coas opinións do PP e do actual goberno da Xunta de Galiza. Desde o Grupo Parlamentar do BNG seguiremos denunciando as veces que fixer falta que a CSAG non cumpre coa súa misión de servizo público e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que as partidas orzamentarias só son boas se se usan con rigor, seriedade e cos intereses do pobo galego na súa totalidade en mente.

É máis urxente que nunca en ollos do primeiro grupo da oposición no país galego que se dea nos nosos medios públicos unha viraxe de 180 graos e que realmente se vele por uns medios públicos plurais e de calidade.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos do Ente Público CSAG (Sección 04).**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:38
Nº Rexistro: 38407
Data envío: 07/11/2025 16:54:38,880

CSV: REXPG-HPzww3MI-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:54:39



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:38
Nº Rexistro: 38407
Data envío: 07/11/2025 16:54:38,880

CSV: REXPG-IHPzw3MI-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 05, Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos desta Consellería presentan un leve descenso, de aproximadamente 4,7 millóns de euros, respecto dos do exercicio anterior, porén o máis relevante e a súa incapacidade para afrontar os evidentes problemas que presentan importantes áreas da Consellería.

Nesta Consellería, que padece unha estrutura disparatada, existen problemas de colapso na administración de xustiza, de infrafinanciamento na administración local, que debe afrontar un número elevado de competencias que non lle son propias; ou un sistema de emerxencias e salvamento cuxas eivas quedaron tristemente de manifesto este pasado verán, e que en ningún caso estes orzamentos van contribuír a resolver.

Ante unha situación de colapso sen precedentes na administración de xustiza en Galiza, estes orzamentos non prevén nin a posíbel ampliación da planta xudicial na medida que Galiza, nin tampouco o incremento do cadro de persoal nas unidades xudiciais galegas. Tampouco permitirá potenciar a eficaz utilización, hoxe obrigatoria, dos medios adecuados á solución de controversias; nin tampouco a existencia, tamén preceptiva, dun sistema público destes mecanismos destinados a solución pactada de conflitos, evitando a súa xudicialización e facilitando acordos

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:51
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

entre as partes. O servizo de xustiza gratuíta experimenta un incremento, aínda que insuficiente para atender os custes operativos e de funcionamento do sistema e unha mellora e actualización das compensacións que perciben as profesionais da procuradoría e da avogacía que o atendan, e cuxo convenio está caducado e pendente de renovación. En xaneiro de 2026 entrara en funcionamento o novo sistema de xestión procesual dos Tribunais (Atenea) non existindo dotación orzamentaria que permita a súa utilización en galego, consolidando a discriminación do actual sistema que impide o traballo no idioma propio de Galiza.

As previsións orzamentarias non permitirán adaptar a administración de xustiza de Galiza ás importantes organización xudicial, nin tampouco permiten contempla unha mellora significativa ampliación dos servizos existentes (sistema de gardas 24 h en Vigo e A Coruña, Oficinas de Xustiza nos concellos, ou a conclusión do Plan de Infraestruturas Xudiciais 2010-2015). Por si propia se define a reiteración da partida do exercicio 2025 de 100.000 € para “adaptación das sedes xudiciais á vítima”.

Os créditos totais destinados as Administracións Locais diminúen un 1% pasando dos 627 M€ aos 621 M€, dos que máis de dous terzos -case un 70% (431 M€) seguen a ser distribuídos con criterios discrecionais, convenios ou subvencións nominativas ou sen concorrencia competitiva. Esta increíble baixada nun momento no que os índices de inflación soben e no que os concellos solicitan un novo sistema de financiamento porque o afogo económico é insostible á vista de que os custes dos servizos aumentan ano tras ano, é ocultado polo goberno cunha proposta aparentemente positiva, como é o incremento do Fondo Base de Cooperación Local (de 118 M€ pasa a 187 M€), incremento que non é tal, porque en realidade é un traspaso de fondos, o chamado Fondo adicional traspásase e por tanto incrementa o Fondo base, que se reparte con criterios obxectivos e pactados. Este trampantoxo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sérvese da prometida proposta do goberno da nova Lei da administración Local de Galiza (LALGA), mais é unha promesa condicionada á súa aprobación, e un reclamo unánime do municipalismo dende hai bastantes anos.

Non obstante, ese tímido pero necesario cambio debe ser máis ambicioso, e non chega con incrementar o FCL co fondo adicional. O FCL debe estar dotado con máis cartos, xa que para que a autonomía local sexa plena, a financiamento debe ser axeitada e xusta, non hai autonomía local sen autonomía financeira, polo que é preciso aumentar de forma considerable o chamado fondo base. Os orzamentos de 2026 no que ten a ver cos concellos son insuficientes, porque estes seguen a sufragar inxustamente os custes de servizos de competencias impropias, como o SAF ou escolas infantís. Precisamos un FCL dotado dunha contía suficiente a repartir entre os 313 concellos con criterios obxectivos e con transferencias non finalistas, no mesmo sentido que estamos a facer nas administracións onde gobernamos, como nas deputacións, incrementando ano tras ano as partidas dos plans únicos, plan concibido polo BNG na deputación da Coruña no 20217 e estendido ao resto de Galiza, coa aprobación e asentimento de todas as forzas políticas.

Este verán Galiza viviu a peor vaga de lumes do presente século, con máis de 170.000 hectáreas calcinadas por menos de 1.000 incendios, arrasando vivendas e pobos, sendo precisa a evacuación e o confinamento de milleiros de persoas, quedando en evidencia as carencias do sistema actual de extinción de incendios e emerxencia. A pesares diso os orzamentos non contemplan un incremento nas partidas destinadas aos Consorcios Provinciais de Incendios e Salvamento, nin a ampliación dos recursos destinados aos GES, que non só padecen a insuficiencia de medios e de persoal dos Consorcios, senón que existen importantes zonas de sombra en amplas zonas de Lugo e Pontevedra.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os orzamentos non contemplan nin a creación do Corpo de Policía Galega, prevista na Lei de 2007, nin tampouco a renovación do Acordo administrativo de colaboración co Ministerio do Interior para a adscrición dunha sección da Policía a Galiza cunha renovación do catálogo e unha relevante ampliación de efectivos. A Xunta de Galiza do Partido Popular continúa o avance na externalización e privatización da seguridade cidadá e en edificios xudiciais e administrativos.

Malia recoller expresamente na memoria dos orzamentos a necesidade de afondar no autogoberno, mediante a mellora das capacidades executivas ou na transferencia de competencias, non se chegan a concretar cales son os obxectivos que se pretenden, que, polo exposto na comparecencia do conselleiro en Comisión, semellan bastante pouco ambiciosos.

Na área de acción exterior, un ano máis, o máis destacábel é que apenas vemos partidas específicas no orzamento, o que demostra que a estratexia de acción exterior deste goberno non existe como tal, senón que se limita a unhas poucas actuacións puntuais e, sobre todo, a recoller as iniciativas illadas que levan a cabo outros departamentos no exterior para tentar dar unha imaxe cohesionada, sen que exista unha acción planificada ou coordinada. O esforzo orzamentario no ámbito da cooperación límitase, ademais, a apoiar a acción da cooperación galega, sen que exista unha actuación propia do goberno como tal.

A Fundación Galicia Europa segue a recibir un apoio orzamentario excesivo, sobre todo atendendo á función e actuacións reais deste ente, que unicamente exerce como lobby partidario, e perde ano tras ano a ocasión de servir de apoio aos intereses de sectores estratéxicos do país en Bruxelas.

En relación coa lusofonía, continuamos sen ver reflectido no orzamento que a estratexia trazada pola Lei Paz-Andrade vaia cumprirse. Tampouco a creación do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Observatorio da Lusofonía ten ningunha concreción orzamentaria, polo que debemos entender que os seus traballos van continuar sen ter pegada nin concreción, tal e como se puido verificar no pouco que se deu a coñecer até agora sobre o devandito Observatorio.

Os presentes orzamentos da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes concretamente os destinados aos programas referidos aos servizos e á inspección do transporte público galego adoecen dun carácter rutineiro, repetindo fórmulas que non garanten a necesaria mellora no funcionamento do servizo de transporte público galego, nin abordan os novos retos dunha mobilidade realmente intermodal coordinada e interconectada.

Así pois, relégase á Dirección Xeral de Mobilidade a simplemente facer fronte economicamente aos contratos asinados, sen impulso e sen capacidade de seu para formular avances reais no modelo de mobilidade que Galiza precisa, mentres deixa todo en mans dunha empresa privada.

Indo ao concreto, se analizamos os contidos e as propostas da Dirección Xeral de Mobilidade, quen dispón deste orzamento para a súa actividade anual, vemos que é un orzamento sen ningún tipo de ambición, cuestión que vai en paralelo co desmantelamento desta Dirección Xeral, en favor dunha consultora privada, que ven practicando a Xunta de Galiza nos últimos tempos.

Os orzamentos para o vindeiro ano 2026 adoecen dunha falta de esforzo á hora de realizar o control e a inspección na execución dos contratos de transporte, un dos principais problemas no servizo de transporte por estrada en Galiza.

Após a necesaria, e xa proposta, actualización das contías destinadas a una maior cobertura da Tarxeta Xente Nova, vemos a una Xunta de Galiza que vai detrás das problemáticas da mocidade en termos de garantir una mobilidade áxil e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

accesible, facendo un esforzo orzamentario mínimo para aumentar a asignación orzamentaria a esta cuestión.

Neste mesmo sentido, estes orzamentos tampouco aportan solucións á problemática do servizo de transporte no ensino postobrigatorio, situación que debера ser unha prioridade a atallar e solucionar.

Se comparamos as cifras do orzamento relativo a mobilidade, vemos como baixa a súa cuantía, ao rematar as diferentes obras nas estación intermodais, sen pasar estes recursos a reforzar una intermodalidade real após rematar os principais recursos cara a posta en marcha da intermodalidade física.

As diferentes partidas que incrementan a súa contía veñen determinadas pola nova licitación dos contratos de transporte escolar, así como as novas licitacións no Plan de Transporte após comprobar a súa inviabilidade económica e ser abandonados polas empresas que os operaban, como é o caso das liñas da Barbanza, Val Miñor ou Baixo Miño.

Estas contas tampouco prevén a abordaxe dun novo futuro para a mobilidade en Galiza, xa que non avanza en ferramentas destinadas á coordinación e interconexión das distintas modalidades de transportes, sen unha perspectiva integral e coa intermodalidade no centro. Para isto é necesario mudar o modelo de mobilidade, analizando e respondendo ás diferentes necesidades de transporte, desde os lugares máis pequenos ás grandes cidades.

O novo modelo que deberan abordar estes orzamentos debe pasar necesariamente por unha alternativa realmente vertebradora do noso país, que vai precisar ambición por parte da Xunta de Galiza.

As partidas orzamentarias da Xunta de Galiza dedicadas á promoción do deporte para o ano 2026 están marcadas pola falta de novidades. O que máis chama





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a atención é a falta de partidas dedicadas a medidas concretas de promoción do deporte base e do deporte feminino, áreas que carecen de atención total por parte do goberno galego. Ademais, son moitos os clubs e entidades dedicadas á promoción do deporte e de hábitos de vida saudábeis a través das actividade física que están afogadas e ás que lles custa enormemente seguir adiante coa súa actividade. O que si se asigna son 2.900.000 euros ao concello de Ferrol en concepto de promoción do deporte. Unha partida que se repite do proxecto de orzamentos de 2025 e que, segundo recoñeceu o PP na Comisión 1ª do Parlamento, non se ía dedicar á promoción do deporte como tal, senón á rehabilitación do complexo deportivo da Malata. Unha partida completamente opaca, como moitas outras na área de deportes. Este proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza redunda no abandono do goberno galego ao deporte galego de base e ás federacións deportivas.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
05.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:32



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:59
Nº Rexistro: 38408
Data envío: 07/11/2025 16:54:59.713

CSV: REXPG-aoQW0X4pg-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:55:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:54:59
Nº Rexistro: 38408
Data envío: 07/11/2025 16:54:59.713

CSV: REXPG-aoQW0X4pg-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 06, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

1. Insuficiencia de recursos.

Os orzamentos desta Consellaría poñen de manifesto o escaso peso político e orzamentario do departamento que ten as competencias en materias de grande relevancia que non contan con atención nas políticas e nos orzamentos da Xunta. Esta Consellaría sitúase xunto con Cultura e Lingua no furgón de cola, e ademais sofre unha importante redución a respecto do ano 2025, pasando de 186,2 millóns de euros en 2025 a 167,7 en 2026 (-9,9%).

2. Falta de credibilidade e incapacidade de xestión.

Máis alá dos programas e das cifras que recolle o proxecto orzamentario, a realidade é que esta consellaría ten uns datos de execución orzamentaria realmente baixos (do 76,7%) no ano 2024 e hai programas como o 542B Planificación e xestión hidrolóxica que experimentan ano tras ano importantes reducións pola vía das modificacións orzamentarias. Así, por exemplo, na última anualidade da que hai





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

datos completos, 2024, a redución foi de -31,8 millóns (-60,4%), e no período 2019-2024 ascendeu a -116,6 millóns de euros.

Para ocultar esta incapacidade de xestión a consellaría gasta cantidades millonarias en contratos de publicidade e propaganda. O exemplo máis recente (xaneiro de 2025) é a licitación por 1,7 millóns da elaboración, produción e plan de medios das campañas de promoción dos ámbitos competenciais atribuídos á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e as súas entidades adscritas durante 2025 e 2026.

Fronte a este uso propagandístico e esta incapacidade de xestión, entendemos que se lle debería dar prioridade ao desenvolvemento de programas de conservación da biodiversidade, loita contra o cambio climático, economía circular dos residuos ou a xestión sustentábel do litoral.

3. Aspectos regresivos incluídos na lei de medidas administrativas e fiscais.

Por se non fose abondo co raquitismo político e orzamentario desta Consellaría, a lei de medidas fiscais e administrativas inclúe modificacións legais tremendamente lesivas desde o punto de vista ambiental, cuestións que por si soas xa xustificarían a petición de devolución do proxecto de orzamentos.

Entre as cuestións máis relevantes nesta materia podemos citar:

-Modificación da Lei 7/2008 da paisaxe de Galicia, mediante o engadido dunha disposición adicional. A modificación introducida ten como finalidade blindar a aprobación de proxectos eólicos coa escusa do “interese público superior” das





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxías renovábeis, eliminando todos os “obstáculos” que dificulten a aprobación dos proxectos, neste caso a protección da paisaxe.

Segundo esta disposición adicional, “A declaración do interese público superior terase en conta como un elemento de singular relevancia ao ponderar os intereses xurídicos de cada caso na emisión dos informes de impacto e integración paisaxística previstos na normativa de desenvolvemento desta lei, así como nos procedementos de avaliación ambiental necesarios para a autorización dos proxectos nos que se valore esta integración paisaxística, de tal modo que se dea prioridade á construción e explotación dos parques e ao desenvolvemento das súas infraestruturas de evacuación”.

“Considerarase que a instalación de parques eólicos é compatible cos obxectivos de calidade paisaxística recollidos nas Directrices de paisaxe de Galicia”.

É evidente que estamos diante dunha nova volta de porca para achandar o terreo e eliminar todos os obstáculos, neste caso informes técnicos e avaliación ambiental dos proxectos industriais eólicos.

- Aplicación da presunción de interese público superior, con carácter retroactivo, aos seguintes proxectos:

a) Procedementos de concesións de autorizacións iniciados a partir do 30 de decembro de 2022 (“O Regulamento (UE) 2022/2577 do Consello, do 22 de decembro de 2022, que entrou en vigor o 30 de decembro de 2022, habilitaba expresamente a aplicar os ditos mecanismos aos procesos de autorización cando non recaese resolución definitiva.” “A aprobación da Directiva 2023/2413, do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de outubro de 2023 pola que se modifican a Directiva (UE) 2018/2001, o Regulamento (UE)





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2018/1999 e a Directiva 98/70/CE, convirte en permanente, ata que se acade a neutralidade climática, a declaración del interese público superior das enerxías renovables.)

b) Procedementos de concesións de autorizacións iniciados con anterioridade ao día 30 de decembro de 2022, se nesa data aínda non estivesen autorizados.

-Modificación do Decreto 37/2014 polo que se aproba o Plan Director da Rede Natura 2000. Flexibilízanse os criterios para realizar rozas e queimas prescritas en determinados espazos e hábitats de Rede Natura, que poden chegar ao 30% da superficie (incluíndo máximo do 10% de queimas). Parece excesivo, aínda que se pretenda xustificar como prevención fronte aos incendios.

A maiores do anterior, cómpre ter en conta a tramitación do “anteproxecto de lei de administración ambiental simplificada”, anunciado a bombo e prato polo goberno galego e que mesmo foi supostamente “avalado” pola Comisión Europea. Este anteproxecto camiña na mesma dirección de “axilización”, “supresión de obstáculos” e perda de garantías para a implantación de grandes proxectos industriais, aos que se lles outorga un “interese supremo” en detrimento da protección do territorio, da biodiversidade, da paisaxe, dos servizos ecosistémicos, da saúde e en xeral da calidade de vida das persoas que viven na contorna destes proxectos extractivistas.

Cando se trata de escoller entre os grandes grupos económicos e os intereses do país e da maioría social, o goberno da Xunta do PP sempre opta polos poderosos. E leva a cabo reformas legais e decisións de dubidosa legalidade, motivos que explican elevada contenciosidade e xudicialización do desenvolvemento eólico, por exemplo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. Ámbitos sectoriais que non teñen un axeitado reflexo nos orzamentos.

4.1. Loita contra o cambio climático

A mellor demostración da falta de compromiso e ambición do goberno da Xunta do PP en relación coa loita contra a crise ambiental e o cambio climático é que se está a tramitar no parlamento unha “lei do clima” que non vai supoñer ningún incremento orzamentario, xa que se considera que os programas e investimentos existentes son suficientes para facerlle fronte ao que é sen dúbida o principal desafío para a humanidade e o planeta. E non só no medio e longo prazo senón xa no presente.

A persistencia da Xunta na errada campaña “Galicia Refuxio Climático” é outra demostración do desnorte do actual goberno nesta materia. A utilización deste eslogan contribúe a banalizar e trivializar un asunto moi serio -a emerxencia climática- que afecta ao país no seu conxunto e especialmente a algunhas zonas, e que ten impactos moi fortes na saúde, na economía, nas emerxencias, nos incendios, nas infraestruturas, na biodiversidade, ou no acceso igualitario á enerxía. Para o BNG, a utilización desta expresión debería limitarse ao que realmente designa: áreas naturais ou urbanas concretas que ofrecen unhas condicións favorábeis para protexerse dun contexto desfavorable como as ondas de calor, ondas de frío, secas ou en xeral fenómenos meteorolóxicos adversos.

En consecuencia, o goberno galego debería centrar os esforzos na creación, en colaboración coas entidades locais, dunha rede pública de refuxios climáticos integrada nun programa xeral de actuacións de mitigación do cambio climático no ámbito urbano (actuacións da Estratexia de Infraestrutura Verde e para a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Conectividade e a Restauración Ecolóxica), medidas que non teñen un reflexo orzamentario no proxecto.

4.2. Conservación e protección da biodiversidade.

Cuestións absolutamente centrais neste ámbito ou non están previstas ou non teñen unha atención axeitada no proxecto orzamentario:

- Non hai previsión de ampliación da Rede Natura 2000, co grave responsabilidade que supón por exemplo a desprotección de zonas en bo estado de conservación que non son sometidas ao réxime de protección preventiva prevista na lei 2019 do patrimonio natural e da biodiversidade.
- Non hai consignación para a aprobación dos plans de xestión para cada un dos espazos da Rede Natura 2000, o que vulnera o mandato da Comisión Europea.
- Non hai consignación para a aprobación dos plans de xestión das especies ameazadas ou en risco de extinción, a pesar de contar con 45 documentos que permitirían aprobar os plans de conservación ou recuperación doutras tantas especies.
- Non hai previsión nin consignación para o desenvolvemento da Estratexia fronte ás especies invasoras.
- Non hai previsión nin consignación para a protección e restauración dos humidais degradados e de espazos de alto valor como as turbeiras ou os queirogais húmidos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Está claro que a Xunta -e nomeadamente a consellaría de medio ambiente- desprotexen o medio para protexer outros intereses.

4.3. Ordenación e xestión do litoral.

A Xunta do PP deixou ben claro cal era a súa prioridade na xestión do litoral: blindar determinadas actividades no DPMT e na zona de servidume, facendo tábula rasa e primando os usos intensivos e industriais da costa sobre as actividades económicas e sociais tradicionais.

Os orzamentos propostos para 2026 poñen de manifesto a falta de intención de desenvolver os instrumentos de ordenación e a planificación e o interese pola propaganda e o autobombo. A única medida que inclúe o proxecto orzamentario é unha partida para instalar “un novo modelo de chiringuito”. Unha proposta acorde coa medida estrela neste ámbito para 2026: a ampliación da tempada dos chiringuitos desde Semana Santa até outubro, recollida na lei de acompañamento.

4.4. Xestión integral do ciclo da auga.

Como dixemos máis arriba, as previsións que contén o orzamento do ciclo da auga son irrealistas pola indefinición, pola falta de execución e polos sistemáticos tesoirazos ao programa 542 B de planificación e xestión hidrolóxica.

Están aínda pendentes medidas como os plans xerais de saneamento e abastecemento, fundamentais para facerlle fronte ás necesidades que ten Galiza neste ámbito.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Consideramos que é necesario un cambio de rumbo da política hidráulica, un cambio que en certa medida foi esbozado na esquecida *Estratexia de Crecemento Verde de Augas de Galicia (2020)*.

E resulta imprescindible poñer en marcha o Pacto pola Auga que comprometa a todas as administracións nunha resposta integral diante dos riscos do cambio climático, as necesidades de mellora dos sistemas de abastecemento, e a planificación e execución dun plan de obras de saneamento, depuración e construción de EDAR.

4.5. Xestión circular e sustentábel dos residuos.

A decisión do goberno galego de aprobar un novo taxazo de SOGAMA en 2025, logo da suba xa aprobada en xullo de 2024, supuxo un incremento acumulado de máis do 60%: o canon tipo pasou dos 68 euros/tonelada da primeira metade de 2024 (coa bonificación do 15% máis de 100 concellos pagaban 56 euros) aos 108 euros en 2025. Esta taxa de 108 euros pode verse reducida en 13 euros por tonelada no caso de cumprimento dunha serie de condicións (redución do 1% na produción de residuos; incrementar o 3% ou máis a recollida selectiva de envases, latas, briks ou da fracción orgánica).

Aínda que o goberno galego intentou atribuír as causas deste taxazo a factores externos (fundamentalmente a decisións do goberno central), a realidade é que o desfase nas contas de SOGAMA ten que ver co fracaso do sistema de xestión de residuos maioritario en Galiza e con unha estratexia expansiva de ampliación do complexo de Cerceda con grandes contratos que incrementaron de maneira exponencial os gastos da sociedade.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Como consecuencia desta orientación errada, no ano 2020 a porcentaxe de reciclaxe de Galiza (incluíndo SOGAMA e os sistemas de Nostián e Barbanza) foi do 21 %, cando a UE fixara un obxectivo do 50 %. O obxectivo establecido para o presente ano 2025 é do 55%, que será de novo amplamente incumplido, o que supón un risco de sancións por parte da Comisión Europea.

No proxecto de orzamentos para 2026, o goberno do PP inclúe medidas cosméticas para intentar parecer o que non é. O BNG considera imprescindible un cambio de rumbo nas políticas sobre os residuos, un compromiso que deben asumir tanto o goberno galego como as entidades locais e que se debería basear nos seguintes criterios:

- avanzar cara ao cumprimento dos obxectivos establecidos na normativa europea, estatal e autonómica;
- incrementar substancialmente as porcentaxes de recollida separada de cada unha das fraccións, con especial atención á recollida separada e tratamento dos biorresiduos con criterios de eficiencia, proximidade e circularidade;
- colaborar na aplicación das novidades introducidas pola normativa de residuos, algunhas das cales entraron en vigor en 2025;
- asumir a sustentabilidade económico-financeira do sistema e establecer incentivos para os concellos en función dos cambios e avances que vaian aplicando;
- establecer unha fase transitoria de convivencia entre os diferentes sistemas e de colaboración na introdución de cambios que permitan mellorar significativamente os seus resultados.





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais o goberno da Xunta volve ofrecer a mesma receita fracasada de SOGAMA = incineración. Iso si, adobiada con medidas cosméticas coas que intenta aparentar que defende alternativas baseadas na reutilización e a reciclaxe.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 06.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:16
Nº Rexistro: 38409
Data envío: 07/11/2025 16:55:16.431

CSV: REXPG-tLwPSQSI-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:55:17



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:16
Nº Rexistro: 38409
Data envío: 07/11/2025 16:55:16.431

CSV: REXPG-tLwPSQSI-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 07, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos de 2026 da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional ascenden a 3.090 millóns de euros, un 1,4% máis ca en 2025, 43 millóns a maiores e por baixo do IPC de setembro (2,9%), e do de outubro (que acabamos de coñecer) que foi do 3,1%, polo tanto non vai cubrir o custo do persoal e dos servizos para o vindeiro ano. Trátase pois, dun orzamento minguado e insuficiente antes xa da súa aplicación.

Estamos ante unhas contas con grandes limitacións económicas, onde numerosas partidas son reducidas (reparacións de instalacións en centros educativos, dotacións económicas para funcionamento dos centros, formación do profesorado,...) e onde atopamos tan só dúas novidades:

- 1.- A redución no IRPF dun 15%, ata 105 €, das facturas por compra de libros de texto a aquelas familias con rendas entre 10.000 e 30.000 €, que vai a supoñer mais de 6 millóns de €, tan só para non implementar a Gratuidade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de libros de texto demandado dende o BNG e prescindindo de ingresos que servirían para dotar de servizos a toda a cidadanía, non a quen mais ten.

2.- Creación dunha axuda ás familias para o servizo do comedor escolar (xestionado por ANPAs, Concellos ou centros privados), en lugar de universalizar o servizo e que as condicións do prezo do menú sexa igual en todos os centros educativos, eliminando así os agravios comparativos actuais entre os comedores xestionados pola Xunta e o resto.

Por outra banda, é un orzamento que despreza as demandas da comunidade educativa e do sindicato con representación maioritaria do profesorado galego.

É un orzamento no que o cadro de persoal docente e especialistas de Educación é igual dende a postpandemia. non sendo suficientes para unha atención de calidade a todo o alumnado, pero sobre todo a aquel máis vulnerable con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.

As familias demandan unha atención inclusiva e personalizada para as súas fillas ou fillos NEAE, un dereito que garante a Lei de educación e a normativa actual. O profesorado e as direccións dos centros reclaman máis efectivos docentes, orientadoras en todos os centros, a xornada completa e cunha ratio menor para poder realizar as súas funcións. Mais tamén son necesarias especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe para poder atender a todo o alumnado, de maneira que avance ao mesmo ritmo. Tamén reclaman a recuperación horaria lectiva de 2007 que precisa de contratación de novas docentes para complementar esta redución, o desdobre das aulas que superan a ratio ou a diminución de tarefas burocráticas; así mesmo reclaman recuperar a totalidade das pagas extraordinarias reducidas no 2010, igualar os salarios de todo o profesorado con iguais funcións ou que o persoal substituto que traballe durante o curso máis de 5 meses e medio





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cobren nos meses de verán. Non hai partidas orzamentarias para cubrir ningunha destas peticións, malia as xornadas de folga e mobilizacións que levamos nestes dous meses de curso escolar.

Un problema importante que teñen os centros educativos é a situación precaria das instalacións educativas, todas elas con máis de 40 anos, e mesmo no rural con 60 ou 70 anos e incluso algunhas non contan coas instalacións deportivas precisas. Para estas cuestións non é que non se aumenten as partidas, senón que diminuíron en todos e cada un dos programas. En 2026, ao igual ca nos 15 exercicios anteriores, van quedar sen facer moitas obras urxentes e necesarias de eficiencia enerxética, actualización dos interiores, reposición de peches perimetrais, cambio de calefacción e tamén de sistema eléctrico ou de fontanería.

Non se incorporan partidas neste orzamento para as Aulas Matinais, que seguen sen considerarse un servizo educativo complementario, polo tanto limítase a meras axudas ás ANPAs ou concellos para a súa xestión, lonxe de buscar que a Consellería de Educación, que deba ser quen xestione este servizo de conciliación xa que se desenvolve nas instalacións escolares e dispoñen de programas pedagóxicos e educativos, asumira unha necesidade importante das familias do alumnado, limítanse a simples axudas que veñen da Consellería de Política Social. Ademais as partidas destinadas aos concellos para xestionar estes servizos complementarios foron tamén minguados neste orzamento.

A situación dos Conservatorios Municipais segue os mesmos derroteiros, e aínda que son ensinanzas regradas, a Consellería de Educación tan só destina unha pírrica partida para as escolas de música locais de 100.000 €.

Queda claro que os concellos son básicos neste intre na xestión de numerosos comedores, aulas matinais, mantemento dos centros educativos, melloras nos centros





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

(cando a Consellería non o fai) ou a totalidade do custo dos conservatorios de música nos municipios rurais, sen recibir a financiación necesaria para que a administración local poida encargarse da xestión destes servizos para a cidadanía.

No programa 423A destinan 4,6 millóns de euros ao Proxecto Edugalia para a implementación da IA no sistema educativo galego, que demostra a aposta clara pola tecnoloxía do Goberno do PP na Xunta, obviando o mais básico e necesario que é poder contar con profesorado suficiente para atender a todo o alumnado.

Esta nova partida para Edugalia, xunto coa asignación de partidas para os concertos con centros privados que ascende a 388 millóns de euros, máis ca en 2025, e as destinadas á contratación de profesorado de relixión que ascende a 30 millóns, supoñen un desvío de fondos públicos que impiden asumir os retos futuros da educación pública.

No que corresponde ao financiamento do sistema universitario galego, a subida é de apenas 8 millóns de euros (un 1,89%), algo positivo pero que sen dúbida non cubre as necesidades dunhas universidades públicas que seguen reclamando a urxencia cada vez máis imperiosa dun maior financiamento por parte da Xunta de Galiza.

A situación é tal que as tres universidade públicas deste país teñen serias dificultades para facer fronte ao gasto estrutural, mentres a Xunta segue a desoír as súas peticións e continúa sen mellorar o financiamento do xeito que as universidades reclaman.

A respecto do sector da investigación as decisións da Xunta de Galiza obrigan a devolver estes orzamentos, xa que ante o anuncio por parte do goberno galego de que a entidade Galtia ía contar con 35 millóns de euros o que realmente se





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reflexou nestes orzamentos foron 3,9 millóns cando ademais a propia fundación segue sen estar creada.

Alén disto, o descenso de 12 millóns de euros da Axencia Galega de Investigación fan inaceptables estas contas, en tanto que, nun momento clave para a investigación, o goberno galego decide castigar a Axencia cun grande recorte.

Finalmente, por se estes datos non fosen suficientes para pedir a devolución destes orzamentos, temos que sumarlle o feito de que a Xunta de Galiza segue a favorecer a implantación da universidade privada mentres asfixia as universidades públicas do noso país.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 07.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:41
Nº Rexistro: 38410
Data envío: 07/11/2025 16:55:41.977

CSV: REXPG-Eyk8j0Ss1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:55:42



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:41
Nº Rexistro: 38410
Data envío: 07/11/2025 16:55:41.977

CSV: REXPG-Eyk8j0Ss1-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 08, Consellería de Política Social e Igualdade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2026 non responde ás necesidades das galegas e galegos no ámbito da Política Social e a Igualdade, razón pola que solicitamos a súa devolución e facémolo en base ás seguintes cuestións principais:

- Practicamente a metade do orzamento para dependencia, 403 millóns de euros dos 844 millóns correspondentes ao programa 312B, vai destinado a financiar prazas en centros sociais privados ou privatizados, quer a través de concertos, concesións ou directamente en bonos. Un modelo de atención ás persoas dependentes que non contribúe á necesaria construción dun sistema público de coidados que garanta o dereito a unha vellez digna.
- O proxecto de orzamentos insiste no modelo do Partido Popular que deriva a prestación de servizos sociais dirixidos a dependencia, a educación infantil ou a protección de menores ás entidades sociais, as empresas privadas ou os concellos cando debe ser a administración

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:51
Por Ana Pontón Mondelo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competente, a Xunta de Galiza, quen debe liderar estas prestacións. Por se for pouco, as contas previstas polo goberno do Partido Popular na Xunta amplía este modelo mercantilizador a novos espazos como son os dereitos das mulleres a través da privatización dos centros de crise 24 horas para vítimas de violencia sexual e os CIM móbiles. Neste senso, cómpre lembrar que no ámbito da igualdade e a loita contra a violencia machista o Consello de Contas advertiu este verán nun informe demoledor das consecuencias negativas que ten a derivación das competencias da Xunta en concellos e asociacións tamén na Rede galega de acollemento.

- O incremento orzamentario previsto para o SAF nos Orzamentos de 2026 (apenas 8 millóns de euros) é absolutamente insuficiente para atender as cada vez maiores necesidades deste servizo público. Cómpre lembrar que no presente exercicio a Xunta de Galiza recortou 17 millóns de euros do inicialmente orzado para 2025 a través de dúas modificacións de crédito de maneira que o incremento anunciado para 2026 é menos da metade do reducido este ano.
- No referido á garantía de dereitos fundamentais das persoas cuxa tutela recae na Xunta de Galiza, quer menores de idade quer adultas, as contas previstas para 2026 non contemplan os recursos necesarios para garantir a súa correcta atención. A modo de exemplo, véxase o pírrico orzamento da FUNGA dotado con 2,8 millóns de euros –500 mil euros máis que o ano anterior-- o que imposibilita dimensionar os equipos para reducir as rateos de atención das 3.773 persoas dependentes da Fundación. De igual maneira, en canto ao sistema de protección e acollemento de menores o orzamento para o próximo ano non permitirá ampliar e reforzar





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

os mecanismos existentes malia que a propia Xunta de Galiza asegura estar colapsada. Neste senso, a Consellaría de Política Social mantén a contía do convenio para familias acolledoras e elimina para 2026 a partida dirixida a reforzar os centros de acollemento residencial e protección de menores e a dirixida ao reforzo do acollemento. Isto imposibilita crear máis prazas e incrementar os recursos malia seren absolutamente imprescindibles.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 08.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:51:54



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:58
Nº Rexistro: 38411
Data envío: 07/11/2025 16:55:58,433

CSV: REXPG-mmZv6xY8U-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:55:58
Nº Rexistro: 38411
Data envío: 07/11/2025 16:55:58,433

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:55:58

CSV: REXPG-mmZv6xY8U-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 09, Consellería de Economía e Industria, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

Os orzamentos da Consellería de Economía, Industria e Innovación para 2026 evidencian, unha vez máis, a falta dunha estratexia coherente de transición enerxética e industrial en Galiza.

Lonxe de articular unha política económica propia, a Consellería continúa a actuar como mera xestora de fondos europeos, sen capacidade de planificación, sen instrumentos estables de gobernanza económica e sen unha visión de país que oriente as súas decisións.

A maior parte do orzamento canalízase a través do IGAPE, o INEGA e a XERA, convertendo a Consellería nunha caixa de transferencias que delega a súa responsabilidade política en organismos dependentes e en convocatorias finalistas. Esta lóxica de “xestión de fondos” substitúe á de “deseño de política”, impedindo calquera intento de construír un modelo produtivo soberano, resiliente e xusto. Non hai un só euro destinado a crear capacidades propias de planificación, a fortalecer a economía social, a impulsar comunidades enerxéticas de base cidadá ou a garantir un modelo de transición industrial con equidade territorial.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:52
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta pasividade contrasta coa urxencia dos retos que enfronta Galiza: a reconversión das zonas de transición xusta (As Pontes e Meirama), a crise climática, a electrificación da economía e a crecente pobreza enerxética. Sen embargo, o proxecto non responde a ningunha destas dimensións, e limitase a repetir esquemas de subvención que benefician a grandes operadores sen garantir retorno social, emprego de calidade ou valor local.

Combinar a necesidade de emprego que teñen as zonas de transición xusta, cun plan de I+D+I no sector enerxético é o revulsivo ideal para darlle a volta a unha situación que se está a converter en dramática.

Do mesmo xeito, a xestión dos fondos de transición xusta para a formación repiten un patrón estéril, no que os cursos forman o núcleo central dun sistema de formación laboral que non busca, nin a reinserción laboral de traballadoras e traballadores afectados polo peche de empresas, nin tampouco conta cunha visión a longo prazo, apostando pola formación profesional regrada que permita que tanto as persoas afectadas de xeito directo polo peche das centrais de carbón, como as futuras xeracións das zonas de transición xusta poidan formase en materia enerxética, achegando talento e calidade a un sector clave no noso país.

Desaparece dos orzamentos da Consellería o nomeado “binomio enerxía - industria”, De feito o orzamento non garante unha transición xusta nin inclusiva. O Fondo de Transición Xusta, aínda que existe no papel, segue sen concretarse en proxectos transformadores que combinen reindustrialización, I+D+i e creación de emprego sostible. Non hai unha aposta clara por sectores estratéxicos; naval, siderurxia, mar-industria, automoción: nin por tecnoloxías propias que posicionen a Galiza como territorio pioneiro en almacenamento enerxético, dixitalización de redes eléctricas ou tecnoloxías resilientes diante dos novos retos dun sistema





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

eléctrico no que as enerxías renovables teñen cada vez, meirande protagonismo. En vez diso, a política da Xunta orientase exclusivamente a facilitar grandes investimentos privados, sen asegurar control público, transparencia, nin beneficios directos para a cidadanía galega.

No canto de planificar e analizar as necesidades reais de Galiza en enerxía eólica, o plan sectorial segue paralizado, namentres a Xunta teima por blindar o éxito de mais de 90 proxectos paralizados en vía xudicial.

Ao mesmo tempo, non se reforza a protección das persoas e fogares vulnerables. O proxecto non blindo o complemento autonómico ao bono social térmico, unha ferramenta esencial para combater a pobreza enerxética e garantir a equidade no acceso á enerxía. Nun contexto de crise climática, incremento de custos e vulnerabilidade social, esta ausencia representa unha renuncia explícita a exercer as competencias autonómicas de protección social no ámbito enerxético.

Do mesmo xeito, non existe unha política real de impulso ás comunidades enerxéticas nin ao autoconsumo compartido. Galiza segue sen liñas de apoio estables, sen marcos de coordinación con concellos e sen instrumentos que permitan ás cooperativas, veciñanzas ou entidades locais producir, compartir e xestionar enerxía de forma colectiva. A transición enerxética non pode limitarse a favorecer a implantación de grandes parques industriais; require democratizar o acceso, fomentar un modelo distribuído, participativo e de proximidade, tal como reconece o propio PNIEC estatal. Pero aquí, na Galiza, ese modelo segue ausente.

No eido industrial, os orzamentos reiteran a ausencia de planificación e de política sectorial activa. Non hai unha estratexia clara para afrontar a reconversión produtiva nin medidas específicas para sectores tractores que afrontan retos de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transformación tecnolóxica e dixital —como o da automoción— sen acompañamento público. Os plans directores anunciados son xeneralistas e sen consignacións orzamentarias reais, o que evidencia que se trata de exercicios burocráticos para cumprir requisitos europeos, non de verdadeiras ferramentas de planificación.

O IGAPE e o INEGA seguen funcionando como axencias executoras de convocatorias, sen capacidade de programación, avaliación de impacto ou seguimento de resultados. Non se exige, por exemplo, que os proxectos financiados xeren emprego local, incorporen cadeas de valor galegas ou cumpran criterios de sustentabilidade ambiental e social. O resultado é unha política industrial que externaliza os beneficios e internaliza os custos, deixando ás comarcas afectadas sen alternativas reais de futuro.

Ademais, non se apoia a investigación e o deseño industrial, nin se articulan centros tecnolóxicos sectoriais que poidan liderar a innovación en sectores clave. A GAIN, tras o seu traslado a Educación, deixou un baleiro na xestión da I+D+i industrial que non se cubre. O pouco que queda —46 millóns de euros— non se executa de forma eficaz, nin se orienta cara aos sectores que máis o necesitan.

Con respecto á XERA o programa 561A de innovación e investigación, dotado con 2 M€, está dedicado exclusivamente para gastos de persoal. É dicir cero euros de investimentos reais neste programa para a Xera. Recortar na institución pública que ten atribuídas competencias en materia de innovación tecnolóxica forestal, en promoción da calidade forestal, en formación e de xestionar a Axenda de impulso da industria forestal-madeira. É unha mostra clara da falta de compromiso da Consellería de Industria co futuro da cadea Monte – Industria.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Isto parece especialmente grave, cando acabamos de sufrir no país a vaga de incendios máis grave da nosa historia, con máis de 170.000 hectáreas arrasadas polo lume.

Un ano máis asistimos a unha blindaxe ao investimento e dilución do control público a través da Lei de Medidas Fiscais e Administrativas (Lei de Acompañamento).

A esta debilidade orzamentaria engádese o contido da Lei de Acompañamento dos Orzamentos 2026, que reforza esta orientación liberalizadora ao rebaixar o control público sobre a actividade industrial, enerxética e mineira. A norma introduce un conxunto de medidas que subordinan o interese xeral ao investimento privado:

- Amplía as excepcións urbanísticas para os chamados “Proxectos Industriais Estratéxicos”, permitindo que se desvíen da normativa local sen criterios obxectivos de valor social ou ambiental.

- Flexibiliza prazos e garantías para proxectos enerxéticos, facilitando que se manteñan puntos de conexión á rede aínda sen cumprir requisitos formais.

- Introduce mecanismos de inspección mineira con participación de entidades privadas, diluíndo a función indelegable de tutela e fiscalización da Administración autonómica. Un feito grave se temos en conta que a inspección laboral é unha das partes que conforma a inspección mineira.

Decretar a declaración retroactiva de Interese Público Superior para proxectos renovables, inmunizándoos fronte a alegacións paisaxísticas, ambientais ou sociais, non deixa de ser unha nova volta de porca dentro do contexto de inseguridade xurídica que a Xunta achega a este sector, construíndo unha salvagarda





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para proxectos que, aos ollos da xustiza, non contan con todas as garantías ambientais.

Esta alteración non só rebaixa o peso dos informes de impacto visual e ambiental na tramitación, senón que converte os aeroxeradores e as liñas de alta tensión nun “elemento integrado” na paisaxe galega, priorizando a súa construción fronte a calquera outra consideración territorial ou estética. Ao facelo de forma retroactiva —abranguendo proxectos xa en tramitación ou suspendidos por recurso xudicial—, a Xunta blindaxe xuridicamente unha estratexia de despregue masivo de renovables que, aínda que necesaria para a transición enerxética, o fai á custa da participación cidadá, da tutela do patrimonio paisaxístico e do principio de precaución ambiental.

Estas medidas non só debilitan a democracia ambiental, senón que confunden crecemento con progreso. A transición enerxética e industrial non pode construírse sobre a desactivación dos dereitos de participación, a opacidade nos criterios de selección de proxectos ou a mercantilización do territorio. Sen un marco máis exixente en termos sociais, ambientais e de valor local, corremos o risco de converter Galiza nun mero corredor de infraestruturas para o beneficio de terceiros.

En conxunto, o proxecto de orzamentos de 2026 non impulsa unha política industrial e enerxética ao servizo do país. Non protexe os consumidores vulnerables, non democratiza a produción enerxética, non planifica o futuro produtivo de Galiza e non garante que os fondos públicos xeren valor para a cidadanía galega.

A Consellería renuncia ao seu papel de motor da transformación económica para converterse nunha oficina de trámites ao servizo de grandes operadores. Mentres, as comarcas de transición xusta seguen á espera de respostas, a pobreza





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

enerxética crece sen freo e a soberanía tecnolóxica e industrial afástase cada vez máis.

En definitiva, por todas as razóns mencionadas e por non responder aos retos de soberanía industrial, xustiza territorial, participación democrática e transición ecolóxica con equidade que Galiza precisa, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 09**.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:52:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:17
Nº Rexistro: 38412
Data envío: 07/11/2025 16:56:17.907

CSV: REXPG-7a6YDMkH-A-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:56:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:17
Nº Rexistro: 38412
Data envío: 07/11/2025 16:56:17.907

CSV: REXPG-7a6YDMkH-A-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 10, Consellería de Facenda e Administración Pública, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública para o ano 2026 certifica a perda de peso político desta área de goberno, reducida a unha mera ordenadora de recursos no lugar de servir para artellar o avance do autogoberno económico-financeiro, o aproveitamento dos recursos ou o impulso do estudo e diagnose da realidade económica para intervir acertadamente nun contexto marcado pola volatilidade e a incerteza governativa e política.

Así, na organización dos orzamentos da Consellaría para o ano 2026 hai un feito relevante que debe ser subliñado: o desprazamento do Instituto Galego de Estatística que, por primeira vez en máis de trinta e cinco anos da historia da autonomía galega e do seu nacemento após a primeira lei estatística galega, pasa de depender a Consellaría con competencias en materia de facenda e economía a depender de Presidencia, a área de maior control político do goberno galego. Esta cuestión, lonxe de ser algo soamente organizativo, ten unha enorme profundidade política e afonda na descapitalización e desvalorización que o goberno do Partido Popular liderado por Alfonso Rueda vén acometendo nos últimos anos. Despois

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:53
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do cuestionamento público a distintos organismos, un tan relevante para a calidade democrática como o Instituto responsábel da organización estatística galega é levado a outra área de goberno ao tempo que se abre a porta a privatizar algunha das súas funcións.

Máis aínda, cabe sinalar que estes orzamentos inclúen na Lei de medidas fiscais e administrativas unha reforma sen precedentes da lei estatística galega. Por primeira vez en trinta e cinco anos e menos dun ano despois da aprobación e entrada en vigor da nova lei de estatística, a Lei 6/2024, do 27 de decembro, aprobada por unanimidade na Cámara galega, a Xunta do Partido Popular pretende reformar o Consello Galego de Estatística para eliminar a representación do pluralismo político galego e incluír persoas a dedo para garantirse o control político. Esta medida, nun contexto social e político de avance da desinformación e da manipulación, de descrédito dos sistemas públicos e avance dos totalitarismos, é un ataque á liña de flotación da democracia e do autogoberno.

A respecto das áreas, programas e funcións que permanecen na Consellaría, cabe sinalar o recorte de recursos que se verifica no Programa 571A de Fomento da sociedade da información e do coñecendo, cunha baixada do 13,26%, de máis de 20 millóns de euros e que o goberno galego xustifica na finalización de fondos europeos. Sendo esta cuestión unha parte da explicación, cómpre recordar a falta de aposta estratéxica histórica do goberno galego por unha área que, nun contexto de transformación dixital, avance da intelixencia artificial e dixitalización, debера ter outro peso. Así mesmo, cómpre recordar que a crítica que a Memoria de orzamentos recolle ao Estado por falta de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transferencia de fondos non se acompaña nin se acompañou dunha crítica ou negociación política ante a recentralización de competencias. Tanto para o ámbito de RETEGAL como da propia AMTEGA, con distintos retos por diante como a resposta á crise climática, a mellora dos dispositivos de detección e prevención e a continuación da modernización da administración, son precisos recursos.

De maneira especial cómpre sinalar a incoherencia de afirmar colocar Galiza á vangarda coa aprobación da Lei 2/2025, do 2 de abril, para o desenvolvemento e o impulso da intelixencia artificial en Galiza e pretender facelo primeiro cun orzamento cero deste marco e, despois, cun recorte na área que debería pilotar a súa aplicación. Por outra banda, cómpre tamén sinalar que 2025 foi o ano do ecuador da Estratexia en Intelixencia Artificial de Galiza 2030 sen que haxa nin se prevea unha avaliación intermedia ou a dación de contas da execución das súas previsións económicas.

Por outra banda, cómpre salientar a baixada de recursos dun millón de euros do Programa 621A de Administración financeira, tributaria, patrimonial e do control, programa responsábel da ATRIGA e da xestión do endebedamento. Esta decisión vai na dirección contraria da necesidade de reforzo das atribucións, control da fraude e persoal que precisa a Axencia Tributaria de Galiza e que se deba reorganizar de cara a asunción de máis responsabilidade tributaria ante a negociación do sistema de financiamento.

Na mesma liña continuísta, a Escola Galega de Administración Pública (EGAP) e o Consello Económico e Social non ofrecen novidades orzamentarias, nin organizativas, nin de previsións na Memoria económica. Desta maneira, consolidándose especialmente canto ao CES a súa práctica redución á mínima





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

expresión xunto coa aposta política do goberno do Partido Popular de substituílo na práctica por outros foros e evitar o diálogo no que realmente sería o organismo de diálogo social polo sectarismo que lle impide recoñecer a central sindical nacionalista galega como maioritaria no noso país.

O orzamento do ano 2026 consolida o retorno ás políticas de déficit, a finalización de fondos europeos extraordinarios do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e a falta de capacidade e de vontade do goberno do Partido Popular de avanzar en negociacións fundamentais para o futuro de Galiza no ámbito estatal, como a quita da débeda ou a reforma do sistema de financiamento, ou europeo na obtención de novos recursos. Desta maneira, consolídase tamén a estratexia de baleirado do músculo de autogoberno e submisión ás estratexias partidarias estatais.

Un ano máis, cómpre salientar tamén a falta de impulso da actualización dun novo Plan de Contabilidade e a lentitude na aplicación parcial das recomendacións do Consello de Contas nas súas fiscalizacións da Conta Xeral, o que dá boa conta da estratexia de obstaculización á información e á transparencia do goberno do Partido Popular.

Finalmente, cómpre sinalar que, en termos globais, a Consellería é a terceira que máis baixa, só por detrás da de Medio Ambiente e Cambio Climático e Presidencia. Así as cousas, a concreción orzamentaria da consellaría segue a baixada de peso relativo dos últimos anos. Se no orzamento do ano 2025 peso relativo chegaba ao 1,6% despois de ter baixado desde o 1,8 no anterior orzamento, agora a baixada chega ao 1,4%.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En conclusión, este Proxecto de orzamentos de 2026 non ofrece o cambio de rumbo e o fortalecemento que debería impulsarse nesta área de goberno.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
10.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:53:21



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:36
Nº Rexistro: 38413
Data envío: 07/11/2025 16:56:36.961

CSV: REXPG-NQoC6BGT-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:36
Nº Rexistro: 38413
Data envío: 07/11/2025 16:56:36.961

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:56:37

CSV: REXPG-NQoC6BGT-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 11, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

A Xunta de Galiza presenta uns Orzamentos para 2026 que no relativo á Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas adoecen novamente de planificación estratéxica e de credibilidade nas súas partidas polas continuas modificacións ás que as someten ano tras ano. Porén si se presenta a través do proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas que acompañan as contas un conxunto de modificacións normativas que, introducidas á marxe da tramitación ordinaria, constitúen o verdadeiro proxecto político do actual goberno na Xunta para o vindeiro ano nesta materia. Un proxecto lexislativo que revela a vontade, non de solventar os grandes problemas e retos que afronta Galiza, especialmente en materia de vivenda, senón de favorecer a dinámica especulativa e as marxes de beneficio inmobiliario.

En cuanto á falla de planificación estratéxica é importante sinalar que en materia de vivenda estes orzamentos deberían responder e ser coherentes coa estratexia do vindeiro Plan de Vivenda da Xunta para o período 2026-2030. Mais o certo é que este proxecto de orzamentos preséntase sen que a Consellería teña

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:53
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

avanzado nin tan sequera un borrador dese futuro plan que entrará en vigor no vindeiro exercicio orzamentario. Tampouco no texto normativo se desenvolven cales son os obxectivos concretos a acadar con estas contas e apenas se nomean dúas promesas vagas que logo non se corresponden cos programas de investimento.

A primeira é a promesa de acadar as 4.000 vivendas públicas para 2028, porén nas previsións da Sociedade Pública de Vivenda de Galiza apenas se prevé construír 2.350 vivendas entre 2026 e 2028, cun investimento de 70M€ para o 2026 que precisaría de triplicarse no seguinte exercicio para facer fronte aos pagos. Ademais tendo en conta que neste momento hai apenas unhas 1.000 vivendas en fase de construción non se aclaran como vai a Xunta lograr alcanzar a súa promesa. Tendo en conta que xa existía unha promesa de incorporar 1.800 vivendas ao parque público de vivendas entre 2023 e 2026, que conclúe precisamente no vindeiro exercicio, chama a atención que non haxa ningunha referencia nin rendición de contas sobre a mesma, o cal evidencia a falla de cumprimento por parte da Xunta.

A segunda promesa é a de impulsar 20.000 vivendas protexidas sen que se especifique un prazo concreto para acadalo e limitándose a anunciar polo de agora a preparación de solo residencial. Pero é que ademais, cando se analizan as partidas orzamentarias vemos como apenas 6 das preto de 50 actuacións que se recollen e anuncian na planificación da Sociedade Pública de Vivenda de Galiza contan cun orzamento superior ao millón de euros, é dicir, que neste vindeiro exercicio o desenvolvemento real será moi limitado.

En definitiva, o goberno presenta unha política de vivenda reducida a estas dúas promesas en vivenda pública e protexida, que ademais fai augas cando se contrasta coas propias partidas orzamentadas. Mentres tanto non hai nin unha soa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medida orientada a favorecer o acceso á vivenda: nada de frear a suba de prezos no mercado libre, nada de declarar mercados tensionados, nada de frear os pisos turísticos ou nada de penalizar o investimento especulativo en vivenda que logo queda baleira.

En materia de infraestruturas tampouco existe unha planificación estratéxica coherente cun proxecto territorial que procure a cohesión territorial e o desenvolvemento do país mediante a planificación conxunta das súas infraestruturas. A Xunta do PP segue sen avanzar na transferencia de tráfico e seguridade viaria, no desenvolvemento de competencias en materia ferroviaria e de portos de interese xeral do Estado ou na efectiva coordinación aeroportuaria, lastrando unha verdadeira intermodalidade e vertebración do territorio. De forma que en materia de infraestruturas este é un orzamento que se limita a reiterar actuacións de Vías de Alta capacidade e Circunvalacións que se repiten ano tras ano sen que logo se executen. A falla de visión estratéxica tamén se evidencia na falla de incorporación de criterios de sustentabilidade e loita contra o cambio climático nos proxectos propostos.

En materia de urbanismo e planificación do territorio son uns orzamento totalmente continuístas coa estratexia do partido do goberno de liquidar a planificación territorial e de empregar as axudas en materia de urbanismo con fins partidistas e electoralistas.

Por tanto dende o punto de vista programático concluímos que estas contas non van resolver os grandes retos e problemas que afronta Galiza en materia de vivenda, de infraestruturas e de urbanismo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Dende o punto de vista estritamente económico as contas carecen de credibilidade e consistencia porque cada ano presentan unhas contas e executan outras. Por exemplo, no 2024 o orzamento do IGVS sufriu un incremento orzamentario de 142M€ a través de modificacións de crédito respecto dun orzamento inicial de 166M€. E finalmente tivo unha execución respecto do crédito vixente do 50%, onde se introduciron partidas que non estaban previstas e deixaron sen executar moitas das súas promesas máis importantes. É dicir que presentan uns orzamentos e executan outros totalmente distintos, de aí que o goberno galego sexa cada vez máis opaco na definición das partidas orzamentarias, empregando conceptos xenéricos como “Plan estatal de vivenda” ou “MRR”, que explicitan a orixe dos fondos pero non cales son os programas e actuacións concretas ás que se prevé destinar esa partida.

Sen planificación estratéxica e sen rigor económico o que realmente interesa ao goberno galego é empregar o procedemento de tramitación destes orzamentos, non para distribuír os investimentos do vindeiro ano, senón para reaxustar o marco legal ao seu proxecto político pola porta de atrás mediante o Proxecto de Lei de Medidas Fiscais e Administrativas. Aí si que se plasman algúns dos cambios máis substanciais que van afectar, especialmente á política de vivenda, a partir da súa aprobación e das que expomos algunhas das máis destacadas.

Primeiro, a cesión por parte da Xunta do control no acceso á VPA en aluguer en favor das promotoras privadas. Se até o de agora se realizaba mediante sorteo público, con esta modificación normativa o proceso selectivo pasa a ser algo totalmente opaco e dependente da escolla da promotora. Unha medida que vai ter graves consecuencias pois favorece a discriminación das persoas por criterios de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

renda ou por motivos raciais, reproducindo na vivenda protexida autonómica en aluguer os mesmos nesgos que se dan no mercado libre. Unha política que vai en contra daquelas persoas que máis precisan do papel da Administración galega para garantir o acceso á vivenda e que poderían ficar excluídas de promocións inmobiliarias que reciben subvencións públicas de miles de euros por vivenda. Ademais, a decisión favorece a aparición de adxudicacións discrecionais en base a intereses persoais e os cobros opacos.

Segunda, a distorsión dos datos sobre o parque público de vivenda xa que poderán contabilizarse como tales aquelas que non serán de propiedade plena da Xunta até dentro de 50 anos, 60 ou 75 anos, momento en que revertirían ao público por estar construídas en solo público cedido en dereito de superficie. Igualmente, poderán computarse minipisos en aloxamentos compartidos como vivendas públicas de forma independente. Unha medida que ao non distinguir estas modalidades daquelas vivendas públicas que son realmente de pleno dominio e que cumpren as condicións para obter a consideración de vivenda, o que se promove é a distorsión dos datos reais das vivendas públicas das que dispón a Xunta co obxectivo de inflar os datos reais. Esta proposta só aporta confusión e opacidade nun contexto en que vemos como as promesas anunciadas pola Xunta en materia de vivenda pública, como xa analizamos antes, fan augas.

Terceira, a normalización da oferta de minipisos como mecanismo para favorecer a turboespeculación inmobiliaria. Para iso, o Proxecto de Lei establece a creación dunha nova categoría de aloxamentos compartidos que vai servir de paraugas para permitir promocións inmobiliarias moi por baixo dos estándares de habitabilidade actual para as vivendas. Non se trata neste caso dun modelo de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

aloxamento dotacional de carácter público orientado a ofrecer solucións habitacionais a prezo taxado, de forma temporal a determinados colectivos, é dicir como un modelo de vivenda pública con alta rotación para dar resposta á situación actual. Neste caso, esta nova categoría poderá ser de promoción privada, sen vincularse a unhas condicións específicas de prezo máximo ou a unhas condicións económicas que deban cumprir o inquilino, nin tampouco están orientadas a ser unha solución temporal. É unha promoción privada que colide de forma clara co parque residencial habitual, e cuxa única diferenza é que poderán colectivizarse a lavandería e tendedeiro e unha sala común, que nin sequera será de uso exclusivo para residentes. Con iso vaise permitir a oferta de minipisos de 30 m² fronte aos 40 m² actuais, vivendas dun dormitorio de 31 m² en lugar dos 45 m² actuais, ou de dous dormitorios con 38 m², en lugar dos 56 m² actuais.

Ante unha situación de crise de acceso á vivenda a resposta do goberno galego non é a de garantir dereitos, senón a de precarizar as solucións habitacionais para maximizar os beneficios de inversores inmobiliarios. Trátase, pois, de incentivar operacións especulativas de promotores privados, que baixo este paraugas encubren minipisos, recortan prazas de aparcamento e que sen ningún réxime protector reciben ademais beneficios públicos especiais en termos de flexibilización do planeamento. Tiñan dous camiños: dirixir este concepto cara unha solución de vivenda social innovadora ou convertelo nun produto inmobiliario perfecto para especuladores. E escolleron o segundo.

Cuarto, a continua desregulación da planificación territorial e urbanística, mediante a introdución de figuras coma a dos PIA de solo residencial de entidades locais. En lugar de avanzar na planificación sectorial da vivenda protexida, tal e





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

como está previsto na lexislación en materia de ordenación do territorio, promoven o desenvolvemento fragmentado e sen coherencia coas DOT mediante este tipo de instrumentos, co agravante de que neste caso poderán ser impulsados a instancia de entidades privadas. Ademais, en aras dunha suposta flexibilización introdúcense reformas normativas que van en contra do control público e da supervisión de proxectos importantes, que favorecen a explotación desmesurada dos recursos naturais e urbanos e que fomentan a falla de transparencia e a inseguridade xurídica.

Por todo isto dende o Bloque Nacionalista Galego tachamos este proxecto de simulacro orzamentario que non vai responder ás necesidades da maioría dos galegos e galegas e que, por contra, pretende beneficiar intereses moi particulares mediante axustes normativos realizados pola porta de atrás. Por todo isto rexeitamos na súa totalidade o proxecto orzamentario da Consellería de Vivenda e Planificación das Infraestruturas.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
11.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:53:11



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:49
Nº Rexistro: 38414
Data envío: 07/11/2025 16:56:49.582

CSV: REXPG-1GbRZ8Zc3-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:56:49
Nº Rexistro: 38414
Data envío: 07/11/2025 16:56:49.582

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:56:50

CSV: REXPG-1GbRZ8Zc3-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 12, Consellería de Sanidade, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

O Proxecto de lei de orzamentos da Consellería de Sanidade para 2026 obvia, mais unha vez, a situación de auténtica emerxencia da Atención Primaria e da Pediatría que se reflicte en:

- Falta crónica de pediatras: Existe un déficit estrutural de pediatras nos centros de saúde, de feito hai 200 concellos que non teñen ningún pediatra, o que provoca que miles de nenos e nenas de Galiza non teñan un especialista de referencia. É polo tanto unha situación inasumíbel que pon en risco a saúde infantil e a tranquilidade das familias.
- Sobrecarga insostíbel dos equipos de Atención Primaria, xa de por si saturados. A Atención Primaria asume as cargas dunha poboación envellecida e dependente sen os reforzos de persoal necesario, e isto provoca o queime dos profesionais que están sobrepasados e o deterioro continuo da calidade asistencial.
- Non contemplan medidas para un novo modelo de Atención Primaria, onde a accesibilidade, proximidade e continuidade sexan unha realidade. Nin

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:53
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevén o aumento de profesionais, nin a incorporación de novas categorías para a dotación de equipos multidisciplinares, nin recursos e capacidade de tomar decisións que permita rematar coas axendas interminábeis, cos descubertos nos PACs, coa falta de pediatras, matronas...

- Pola contra, na Lei de medidas fiscais e administrativas introdúcese modificacións na Lei 2/2022, de 6 de outubro, de medidas extraordinarias dirixidas a impulsar a provisión de postos de difícil cobertura de determinado persoal estatutario con título de especialista en ciencias da saúde do Servizo Galego de Saúde. Modificacións acorde á decisión da Consellaría de Sanidade de converter todas as prazas de medicina de familia de nova creación, vacantes e ocupadas por persoal temporal, en prazas de Facultativo Especialista de Atención Primaria (FEAP). Isto representa un retroceso, xa que supón volver a un sistema baseado na realización de xornada ordinaria nos centros de saúde máis gardas obrigatorias nos PAC, que deteriora a calidade asistencial e empeora as condicións laborais das e dos profesionais.

Tampouco contemplan estas contas medidas para rebaixar as inasumíbeis **listas de espera hospitalarias**. Segundo as últimas cifras, con datos a 30 de xuño de 2025, hai 360 mil galeg@s agardando por consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Así pois, e diante desta situación na que se atopan miles de galegos e galegas non hai partidas para ningún plan de choque ou medidas urxentes.

A atención á **Saúde Mental** segue tendo unhas partidas marxinais. Especialmente grave despois de que o Consello de Contas no seu informe de fiscalización do Plan de Saúde Mental Post Covid 2020-2024 puxera en evidencia que a dotación de 83 millóns de euros anunciados para o mesmo, na práctica





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quedaron reducidos a 33,5 millóns de euros, é dicir deixaron sen investir 49,5 millóns.

O Proxecto de orzamentos da Consellería de Sanidade para 2026 non considera partidas para dotar de Unidades Infanto-Xuveniles en todas as áreas sanitarias, nin de psico-xeriatria nin para o anunciado Novo Plan de Saúde Mental. Só contempla a incorporación en Atención Primaria de 14 prazas para psicoloxía clínica, un número que é ridículo tendo en conta que en Galiza hai 400 centros de saúde. Así pois, é unha previsión insuficiente para dotar de equipos multidisciplinares á Atención Primaria xunto con terapeutas ocupacionais, logopedas, podólogos, ópticos- optometristas, nutricionistas...

O Proxecto tampouco contempla unha dotación económica adecuada para:

- A redución da temporalidade do persoal sanitario.
- A creación de novas prazas que cubran as necesidades reais e eviten a sobrecarga laboral.
- A posta en marcha de medidas que fomenten a motivación e a fixación do talento no SERGAS.

O capítulo I só experimenta un incremento do 2,27%, cando as organizacións sindicais reclaman un aumento do 5%. Polo tanto, non incorpora contías para solucionar os problemas d@s profesionais fart@s de redobrar esforzos, da prolongación de xornadas, de intersubstitucións..., de multiplicarse para poder manter unha mínima calidade na atención sanitaria, sen que o dean conseguido. Tampouco contemplan partidas nin para recuperar os acordos retributivos, nin rematar coa precariedade e temporalidade na contratación. Non contempla medidas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

para facer atractiva a oferta laboral para @s profesionais, para evitar que tras a formación que pagamos entre tod@s acaben contratados na sanidade privada ou marchen fóra.

Os novos orzamentos sanitarios pasan por alto a crítica situación do **Transporte Sanitario Extrahospitalario**, tanto urxente como programado. A falta de investimento para paliar déficits históricos, con escaseza de vehículos e profesionais, mantén este servizo nun estado de colapso permanente.

As contas tampouco inclúen partidas para corrixir os **negos de xénero** que distorsionan a atención sanitaria. Esta omisión perpetúa unha visión desaxustada que afecta ao diagnóstico, a investigación, o tratamento e, en definitiva, a calidade da atención que reciben as mulleres. Faltan pois recursos para desenvolver ferramentas e estratexias que integren de forma transversal a perspectiva de xénero en todo o sistema.

A planificación da **formación** é outra asignatura pendente nestas contas. A crise de recursos humanos agrávase pola falta dunha oferta de prazas MIR que se axuste ás necesidades reais. Especialidades clave como Medicina Interna, Radioloxía ou Anestesia presentan serias dificultades; dificultades multiplicadas en Atención Primaria.

En conxunto, estes orzamentos non só non achegan solucións aos graves problemas da sanidade pública galega, senón que afondan nun modelo que beneficia á privada. Proba disto é a enorme partida de 261 millóns de euros, 16 máis que nos orzamentos de 2025, destinada a pagar prestacións sanitarias con medios alleos, á que hai que sumar os 38 millóns de euros pola construción do hospital Álvaro Cunqueiro.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En consecuencia, este Proxecto de orzamentos non só non mellora a situación actual, senón que perpetúa e agrava os problemas estruturais do noso sistema sanitario, con especial gravidade na Atención Primaria, a atención pediátrica, a Saúde Mental, as listas de espera...poñendo en risco a súa sustentabilidade, a calidade asistencial e o benestar de miles de persoas e as súas familias.

Por todas estas razóns expostas e por non considerar que o seu contido responda ás necesidades reais da sanidade pública galega, solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 12.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:53:03



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:07
Nº Rexistro: 38415
Data envío: 07/11/2025 16:57:07.986

CSV: REXPG-3D4p48UxJ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:57:10



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:07
Nº Rexistro: 38415
Data envío: 07/11/2025 16:57:07,986

CSV: REXPG-3D4p48UxJ-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 13, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e de todos os organismos, institutos, consellos e sociedades públicas que dela dependen, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

A análise do Proxecto de orzamentos do PP para 2026 permite concluír que a cultura perde peso político, a lingua perde peso político e a xuventude perde peso político.

O orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude presenta un leve aumento, mais en menor porcentaxe que a media xeral. Ademais, esta consellería ve reducida a partida de transferencias correntes e terá que afrontar 2026 cunha importante caída en investimentos reais.

No conxunto do orzamento xeral da Xunta, a Cultura, a Lingua e a Xuventude segue sen chegar ao 1%. Máis un ano volvemos ver como o PP sitúa estas áreas á cola e a Consellería como a última do proxecto de goberno do PP.

Para alén das cifras, o proxecto que transcriben, á parte de opaco no destino dalgunhas partidas, confírmase a liña continuísta de anos anteriores. Un orzamento incapaz de dar resposta á situación da cultura, da lingua e da xuventude galegas e aos retos de futuro.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:52
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A respecto da cultura, cómpre destacar que a partida de “Fomento das actividades culturais” baixa un millón de euros, o que vén confirmar que nin avanzar nos dereitos culturais en xeral nin desenvolver a Lei de cultura inclusiva e accesíbel de Galiza, aprobada polo PP hai un ano, teñen cabida neste proxecto de orzamentos. Unha lei, esta última, que o goberno aínda non comezou a desenvolver, mais que xa presenta unha modificación na Lei de acompañamento.

Os sectores da cultura con maior éxito como o libro galego son de novo os máis castigados nos orzamentos da consellería, acelerando o proceso de desactivación dunha parte moi importante da nosa industria cultural, iniciado en 2009, ao redor das políticas centradas na creación, promoción e visibilización do libro galego, nun momento en que a lectura en galego a través de compra en librarías está no momento mais baixo: de cada 100 libros vendidos nas librarías galegas, apenas 8 son en galego.

O mesmo acontece co audiovisual e as artes escénicas. Vemos como AGADIC baixa de novo en 2026 o orzamento. O CDG e o CCG continua baixo mínimos, atados a orzamentos conxelados máis un ano, síntoma de que o PP non acredita na potencialidade das artes escénicas a través destes dous grandes centros de produción propia, malia os recentes recoñecementos estatais, concretamente no ámbito creativo do circo.

A internacionalización da cultura galega segue a ser unha materia pendente para o goberno do PP, recollida con partidas testemuñais que non responden ao obxectivo de dimensionar a cultura que facemos coa merecida proxección internacional.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fronte á consideración á baixa da cultura como dereito nestes orzamentos, as maiores partidas do consellería van destinadas, por unha banda, á Fundación Cidade da Cultura (12 millóns), mentres que permanecen inalteradas partidas completamente insuficientes para institucións de país como o Museo do Pobo Galego ou a Real Academia Galega, e, pola outra, a novas actuacións no Teatro Cine Fraga de Vigo (1,5 millóns), que veñen sumarse a outra cantidade idéntica neste 2025 e aos 4,743 millóns de compra deste espazo á ABANCA, mentres medra tamén o desinterese polo patrimonio público da cidade que é competencia da Xunta como o MARCO ou o Museo do Mar.

A protección e conservación do patrimonio cultural, para alén de contar cun orzamento simbólico que non está altura do legado patrimonial galego sobre o que ten competencias exclusivas a Xunta de Galiza, reproduce partidas miméticas de anos anteriores. Sorprende que non se atenda de forma específica e excepcional a recuperación do patrimonio material afectado pola histórica vaga de lumes deste verán, nin sequera o que fai parte do territorio incluído na proposta de candidatura da Ribeira Sacra a Patrimonio da Humanidade.

Con todo, para o que si volve mirar o PP cara a Lei de patrimonio cultural de Galiza é para continuar a devaluala a través da Lei de medidas fiscais, descargando cada vez máis responsabilidade sobre os concellos, e eximindo a Dirección xeral de patrimonio, no relativo á protección dos bens patrimoniais catalogados, unha nova delegación competencial de autoridade patrimonial nos entes locais que, en moitas ocasións, carecen de responsábeis con formación suficiente para tomar decisións na conservación e protección patrimonial.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ningunha estratexia ou liña de actuación novidosa en política cultural se percibe no proxectos de orzamentos para 2026 nin tampouco para a política lingüística, unha irresponsabilidade do goberno de Rueda ao se negar a actuar nunha situación de emerxencia lingüística como a que evidenciou o IGE hai agora un ano.

A única estratexia que veu desenvolvendo o PP a respecto da lingua galega ao longo de 2025 foi a de non facer nada, agás impedir a posta en práctica dun plan de actuación a favor do galego, tal e como lle está a demandar a sociedade galega e as institucións do país.

Un cambio de rumbo que o goberno do PP puido pór en marcha coa aplicación das múltiples medidas recollidas no PXNLG, unha acción viábel e necesaria, mentres se está a desenvolver o proceso de actualización dese documento actualmente en marcha e do que, iniciado a finais de 2024, aínda non coñecemos as súas conclusións nin moito menos o compromiso de execución orzamentaria, inexistente neste orzamento para 2026.

O orzamento de lingua acrecéntase nun millón de euros, mais non reflicte ningún cambio de actitude nin un investimento claro nesta área. Presenta unha importante compoñente de opacidade, sobre todo na maior partida que é a de “Campañas de normalización lingüística” que, malia contar cun millón de euros máis, descoñecemos cal vai ser o seu obxectivo e destino, o que pode implicar, como acontece habitualmente, que unha gran parte do orzamento se empregue para proxectos que non teñen a ver verdadeiramente co idioma, retraendo recursos moi necesarios para a promoción e protección do galego, así como para garantir a aprendizaxe e o ensanchamento do seu uso social.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sirva como exemplo a indefinición orzamentaria do custo da tradución do programa Atenea, unha demanda que cómpre atender xa para evitar que o galego continúe a quedar fóra da xustiza, desde o momento de implantación do novo programa, e colocando o galego como lingua de uso por defecto.

Se ao longo de 2025 o goberno do PP reiterou o seu Pacto contra o galego votando en contra de que o galego avanzase en prestixio gañando novos espazos de uso no Congreso dos Deputados e nas institucións europeas, agora vemos como non explicita o seu compromiso político e económico coa oferta positiva do Atenea en galego, ao tempo que volve regular de forma aínda máis ampliada a novos corpos profesionais, a través da Lei de acompañamento, o acceso á función pública a persoas que non teñen coñecemento de galego (sen condicionalo á aprendizaxe nun prazo de tempo determinado), o que vulnera os dereitos lingüísticos dos galegos e galegas a seren atendidas na Administración pública galega na súa lingua propia e oficial e incumprindo a lexislación en materia de lingua que obriga este goberno.

A Lei Paz-Andrade continúa sen ter dotación orzamentaria específica, o cal semella indicar que o PP segue a carecer de vontade para desenvólvela.

As partidas económicas dedicadas á área de Xuventude no proxecto de orzamentos da Xunta de Galiza para 2026 están igualmente marcadas pola continuidade, a opacidade e falta de compromiso real coa mocidade galega. Se ben aumenta a asignación económica á Dirección Xeral de Xuventude (2.735.423 máis que en 2025) en termos xerais, isto non se reflexa en partidas orzamentarias concretas para levar a cabo medidas que redunden na mellora das condicións de vida das mozas e mozos deste país. Nada se ve neste proxecto de orzamentos que poida contribuír a avanzar en áreas de especial interese para a xuventude galega.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

Nin unha soa partida para mellorar a educación afectivo-sexual entre a mocidade galega, nin unha soa partida para tentar conseguir un maior nivel de emancipación da xuventude deste país e nada relativo a plans de lecer alternativo para mozas e mozos. O que si se ve, por outra parte, é unha partida orzamentaria de 4.374.171 euros (a máis cuantiosa de toda a Dirección Xeral) en concepto de “outros”. Algo que dá boa conta da tremenda opacidade do PP na súa xestión dos fondos públicos e a total improvisación no que ten a ver coas políticas dirixidas á mocidade.

E mentres todo isto acontece, o Partido Popular continúa a se negar a atender propostas construtivas e sensatas do BNG como a activación do Consello Asesor e Consultivo da Xuventude de Galiza (máis dunha década inactivo) para facer a mocidade e as asociacións xuvenís galegas verdadeiramente partícipes do deseño das políticas que lle afectan. Tamén se nega a artellar medidas e propostas de lecer alternativo ou apoiar propostas do BNG relativas co aumento dos niveis de emancipación da xuventude galega.

A Dirección Xeral de Xuventude de Galiza confirma no proxecto de orzamentos ser un departamento do goberno galego que vai en piloto automático desde hai moitos anos e que non mostra ningún interese en artellar políticas ou deseñar orzamentos que realmente visen facilitar a emancipación da mocidade galega e mellorar as condicións de vida das xeracións máis novas de Galiza.

En definitiva, o proxecto de orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude demostra que Rueda creou unha nova consellería no organigrama da Xunta para facer o mesmo de sempre. Este segundo orzamento, continuísta e inmovilizador, confirma que o goberno do PP non ten un proxecto novo para a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

cultura, a lingua e a xuventude. Estamos ante un goberno incapaz de lle ofrecer á sociedade galega un proxecto de orzamentos comprometido e ilusionante porque o PP non acredita na cultura, na lingua e na xuventude galegas.

Unha nova oportunidade perdida asinada en cifras por un goberno do PP que non está á altura.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
13.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**
Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:52:55



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:23
Nº Rexistro: 38416
Data envío: 07/11/2025 16:57:23.490

CSV: REXPG-2nZf3P8U8-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:57:24



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:23
Nº Rexistro: 38416
Data envío: 07/11/2025 16:57:23.490

CSV: REXPG-2nZf3P8U8-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 14, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

Para valorar os orzamentos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, compre, en primeiro lugar, facérmonos unha idea da situación e características do mercado laboral do noso país.

E primeiro lugar pódese comezar polos datos de afiliación á Seguridade Social, que amosan un incremento para o total do sistema no ano 2024 dun 1,7% (2023 1,8%) en relación co ano anterior, mentres no conxunto do estado as afiliacións incrementáronse un (2023 2,6%) 2,7% no mesmo período. A afiliación ao réxime de persoas autónomas caeu un 0,4% (2023 -0,9%), mentres no estado aumentou un 1,1% (2023 0,1%).

Podemos tirar, polo tanto, unha primeira conclusión: a creación de emprego na Galiza é moito menor que no Estado.

En segundo lugar o tipo de contratación. Segundo a tipoloxía dos contratos medra na Galiza o número de persoas asalariadas con contrato indefinido un 2,81% (2023 6,2%), e descenden as persoas con contratos temporais un 0,8% (2023 -12,5%). Mentres no conxunto do estado español estas taxas de variación son moito máis pronunciadas, mantendo as tendencias do ano anterior, xa que mentres o





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incremento de contratos indefinidos no conxunto do estado foi dun 3,83% (2023 8,7%), (1,02 puntos máis que na Galiza), e a redución dos contratos temporais foi dun 4,31% (case 4 puntos máis que na Galiza) (2023 -16,4%).

Isto deixa tamén outra conclusión evidente: o descenso da eventualidade tampouco se fai ao mesmo ritmo que no conxunto do Estado español.

En terceiro lugar un dato para o BNG moi significativo. Mentres o nivel de emprego no Estado español alcanzou o seu máximo rexistro histórico superando o nivel de emprego previo á crise financeira en máis de 5 puntos, no noso país, na Galiza seguimos lonxe de alcanzar as cifras de ocupación previas á crise económica de 2008, concretamente estamos aínda 4 puntos por debaixo.

En cuarto lugar, Galiza é o territorio do Estado con menos poboación activa só por diante de Asturias, o que representa a tradución a termos de emprego da nosa xa estrutural crise demográfica, debéndose ao aumento da poboación estranxeira o noso incremento do emprego, en concreto cabe destacar o aumento na Galiza do número de afiliacións de nacionalidade estranxeira nun 14%; un incremento moi superior ao rexistrado no conxunto do Estado (7,7%).

En quinto lugar, a desigualdade no ámbito laboral a través de diferentes índices. Contratos indefinidos de mulleres, 12 puntos menos que os homes; indefinidos a xornada completa, 25 puntos menos que os homes; ingresos medios ano 2023 (último con datos da AT) 18,4% menos que os homes, un 7,7% menos eliminando os efectos da parcialidade e da temporalidade.

En sexto lugar, o índice de accidentes laborais mortais. No último ano rexistráronse na Galiza un total de 5,5 accidentes mortais por cada cen mil





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afiliacións a réximes da Seguridade Social coa continxencia de accidentes de traballo especificamente cuberta (3,2 accidentes no conxunto do Estado).

Neste contexto calquera podería detectar con facilidade algúns dos grandes retos do goberno galego, a mellora da empregabilidade, promover a igualdade no traballo, a conciliación familiar, e protexer a saúde de todas as persoas traballadoras.

E dicir, a modernización e ampliación do Servizo público de emprego para que poida realizar tarefas de prospección e asesoramento das persoas demandantes de emprego, ou o asesoramento de todas aquelas outras que opten polo autoemprego. Mais pola contra, hai unha aposta clara e decidida por externalizar servizos a través da consolidación dunha rede privada que denominan “Polos de emprendemento”.

Por outra banda, e dada a crise demográfica e a baixa poboación activa, cabería agardar que a aposta da Xunta da Galiza por facilitar a conciliación estivese á altura das necesidades, mais o actual proxecto de orzamentos consigna apenas 1 millón de euros.

A prevención de riscos laborais segue sen ser unha prioridade para o Partido Popular, con un ISSGA claramente infrafinanciado, e con 2,275 de euros destinados exclusivamente a entidades sen ánimo de lucro. Novamente cantidades totalmente afastadas das necesidades reais do país, que un ano máis exclúen a posibilidade, a priori, de que as empresas privadas poidan ter acceso a axudas públicas para mellorar a súa prevención.

Nestes orzamentos para o ano 2026, malia o ínfimo incremento da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, a cantidade de diñeiro destinado ao comercio redúcese en 50.268€, polo que as medidas recollidas no Plan de comercio van





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

quedar apenas en anuncios e propaganda, tal como nos ten acostumado o PP. Sen un incremento do orzamento destinado ao comercio galego o futuro do sector é moi incerto, son precisos recursos económicos para poder activar medidas que apuntalen un sector que é estratéxico para a economía galego, máis que tamén é fundamental para evitar o despoboamento do rural galego.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
14.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:52:47



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:37
Nº Rexistro: 38417
Data envío: 07/11/2025 16:57:37.826

CSV: REXPG-4SAmq5iB-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:57:38



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:37
Nº Rexistro: 38417
Data envío: 07/11/2025 16:57:37.826

CSV: REXPG-4SAmq5tB-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda á totalidade, de devolución, da Sección 15, Consellería do Medio Rural, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026, polas seguintes razóns:

Galiza viviu unha auténtica catástrofe social, económica e ambiental coa vaga de lumes que arrasou o país neste verán. Foron unhas 145.000 hectáreas queimadas que deixaron ao seu paso un regueiro de destrución nunca visto na nosa terra. A situación orixinada por esta vaga de lumes mostrou perfectamente o grado de indiferenza, ineptitude e inutilidade dos responsables do PP na Xunta de Galiza. Unha desidia de proporcións nunca vistas no noso país.

Foron incendios que provocaron unhas consecuencias moi graves, tanto económicas, coma sociais e medioambientais, arrasando con todo ao seu paso e con perdas catastróficas no sector agroforestal. Arderon pastos, viñedos, soutos, forraxes, explotacións agrarias, gando, colmeas, maquinarias, montes arborados. Mais tamén quedou patente este rastro negro de destrución en zonas de grande riqueza medioambiental, recoñecidas como Rede Natura ou parques naturais.

Pero esta catástrofe non se cingiu só ás perdas no sector primario e nos espazos medioambientais, senon que tamén afectou tamén ao comercio, industria, infraestruturas, servizos públicos e o que é mais dramático, ás nosas parroquias e aldeas.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:52
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, Galiza arrastra unha problemática estrutural no sector primario que, e na ausencia de gobernos e medidas que lle poñan remedio, lle dificulta o acceso a un desenvolvemento económico e social acorde cos tempos e coas súas potencialidades.

O goberno do Partido Popular dedícase a facer política cara a galería, tentando convencer á sociedade galega dunhas fantásticas actuacións que fai na defensa do rural que non existen na realidade. Estamos polo tanto ante unha actuación que non resolve os graves problemas do sector agrario, como amosa o apoio a proxectos lesivos como o de ALTRI, ao tempo que se desatenden ámbitos estratéxicos do noso rural.

Polo tanto, as políticas do PP van en sentido contrario aos intereses da grande maioría do sector agroforestal e das persoas que queren e traballan pola nosa terra. O Partido Popular goberna para a intensividade, para a gandaría e agricultura industriais fomentando o abandono e facilitando a depredación eólica, a instalación de macrogranxas e a intensificación da actividade produtiva do que queda das granxas familiares. Unha política contraria a un sector forestal que vaia en consonancia cos intereses do país.

Agora que analizamos os orzamentos para o 2026, podemos facer unha comparativa en relación ás prioridades para o medio rural. Por exemplo, baixan as partidas destinadas para o AGADER, o AGACAL con respecto ao ano 2025. Só o incremento da partida destinada a débeda pública, 95 millóns de euros, supón mais que o orzamento destas dúas importantes axencias. AGADER (53,4 M€), AGACAL (40,7 M€) que suman un montante de 94,1 millóns de euros. Sen esquecermos que o goberno do PP segue coa pretensión de instalar ALTRI e de concederlle unha axuda de 250 M€. A totalidade das partidas do orzamento do Medio Rural que van





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.gal

15702 Santiago de Compostela

Galiza

destinadas a: desenvolvemento rural, GDR, aos concellos, calidade alimentaria, consellos reguladores, formación e investigación as axudas da PEPAC, as axudas as producións ecolóxicas, as axudas agroambientais... xuntas non sumarían a cifra que se lle pretende dar a macrocelulosa, incluso lle poderíamos incorporar o resto das inversións reais da Consellería.

Para o Bloque Nacionalista Galego deberíase loitar e traballar para que esa grande cantidade de fondos se puideran trasladar ao rural, promovendo proxectos innovadores para a transformación das nosas producións agrarias, para procurar novos aproveitamentos agrarios nas terras abandonadas, para incorporar mocidade as explotacións agrarias. Esa oportunidade de fondos debería ser para o desenvolvemento das comarcas rurais e particularmente as da bacía do Ulla.

Se analizamos o montante económico previsto para a Consellería do Medio Rural, que malia a desastrosa vaga de lumes, apenas incrementou o seu orzamento, e se descontamos a inflación ou os salarios do persoal, constatamos que incluso diminuíu a respecto dos orzamentos para 2025. Non hai atisbo de solidariedade na Xunta de Galiza co medio rural; nin sequera ante un desastre como o provocado pola vaga de lumes; de feito o orzamento da Consellería do Medio Rural sube un pírrico 0,9% mentres o orzamento da Xunta de Galiza no seu conxunto aumenta un 3,8%. Neste Proxecto os principais departamentos da CMR diminuíron o seu orzamento, e se comparamos coa débeda pública, que ten un incremento do 5,4%, e xa representa 2,6 veces o orzamento de Medio Rural.

Un dos aspectos mais importantes para cambiar o noso rural, e darlle un xiro ao decaemento a que está abocado coas políticas do Partido Popular, é a recuperación da terra agraria. No último decenio perdéronse mais de 50.000 has de superficie agraria útil. Temos unha superficie agraria útil en Galiza do 20%, mentres





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a do Estado é do 47%. Diante desta grave situación, o Partido Popular presenta como alternativa as aldeas modelo, que perderon até o nome xa que agora pasan a chamarse asentamentos rurais e polígonos agroforestais. Mentres tanto, as 150.000 has abandonadas que poderían destinarse ao sector agrario seguen abandonadas.

Outro aspecto importante é o que ten que ver coas concentracións parcelarias que se seguen atrasando ano tras ano, e as partidas que figuran non van dar solución aos centos de propietarios que teñen as súas terras atrancadas en procesos que non dan rematado. O banco de terras xa nin se menciona e, sinxelamente, no BNG non vemos investimentos adecuados nin vontade para incidir na recuperación de terra agraria.

No referente ás axudas da PEPAC agroambientais ecolóxicas, en Galiza temos unha porcentaxe de superficie en ecolóxico inferior ao 10%, cando a UE pretende que se chegue ao 25%. Mentres esta situación existe, a CMR impide novos expedientes de axudas ao ecolóxico no 2026, non permite ampliar compromisos e sigue sen modificar a degresividade que impide que as nosas produtoras e produtores podan cobrar unhas axudas adecuadas pola totalidade das súas superficies agrarias.

Na mesma situación están as explotacións gandeiras tradicionais que solicitan axudas agroambientais; seguen con degresividade, non poden ampliar compromisos, as mozas e mozos de nova instalación non poden facer novas solicitudes.

Así mesmo, dentro do sistema agrario galego as producións de vacún son as mais importantes, mais a situación das explotacións son preocupantes: no caso das granxas de leite bota o peche unha cada día que pasa, e fronte a isto a Consellería do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Medio Rural prevé un plan de dinamización do sector leiteiro dotado con 220.000 €. Polo tanto, á principal produción agraria de Galiza destinan unha cantidade ridícula.

No que respecta ao sector da viticultura, tan importante para o noso país e un motor crucial en determinadas comarcas, sufriu no 2024 e tamén no 2025 unha crise moi grave no caso das uvas de castes tintas, fundamentalmente na Ribeira Sacra, agravada cos lumes que lles afectou nas denominacións de orixe ourensáns.

Por outra banda, un dos máis graves problemas que temos na nosa terra é a grave eucaliptización que padecemos e que afecta a todo o rural. Se lle poñemos datos a este problema, podemos observar que a superficie de eucalipto pasou de 287.000 has no ano 2019 a 410.000 has no 2022 e no 2025 achégase a 450.000 has, a pesares da moratoria que houbo do 2020 ate 2025. Aquí neste campo é onde aparece a nefasta proposta na lei de acompañamento. Unha proposta de moratoria trampa que vai abrir a plantación de eucaliptos zonas nas que estaba vetado dende o ano 2020. Esa é a iniciativa máis importante, a medida que eclipsa todo o resto dos orzamentos da Consellería, a medida máis contraria aos intereses do noso país que asina o goberno de Rueda. Unha proposta nefasta para o ano que vén e para os próximos 5 anos. Esta norma substitúe a moratoria existente que non foi adecuada, que non se cumpriu por falla de vontade política da Xunta de Galiza, que non reduciu as superficies de eucalipto que seguiron aumentando a un ritmo importante. E agora, unha vez rematada unha medida con eivas, cambiase por outra nefasta para o futuro de Galiza, en tanto que abre a porta a unha incremento da eucaliptización masiva do país.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, ante a situación que se deu este ano coa vaga de lumes e a situación na que se atopa o noso rural, presentamos o Plan da





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cinza á Vida. Un plan que non se limita a unha proposta para reconstruír o que o lume destruíu, senón que busca transformar o modelo de monte e o rural galego. Polo tanto, este Plan é unha proposta que non pretendía ser un documento pechado senón a base dun debate amplo e plural para acordar unha estratexia de país fronte aos lumes e por un rural vivo e con futuro. Un documento cuns obxectivos e unhas medidas claros e concisos. O Plan da Cinza á Vida é algo mais que unha simple proposta de voluntarismo, é unha proposta que mira cara o futuro para tomar decisións que podan evitar ese futuro desolador para a nosa terra, para Galiza. Un futuro que será moi complicado si non se cambian as dinámicas e se aposta dun xeito claro polo rural. Este Plan contempla máis de 50 propostas concretas e precisas para cambiar o futuro do rural deste país cun orzamento para sacar unha boa parte de Galiza dunha situación realmente dramática.

Así pois, estamos diante duns orzamentos que ignoran a realidade do rural e agravan o seu declive e non dan solucións para o futuro. E fronte a isto necesitamos unhas contas que comecen cunha planificación a corto, medio e longo prazo, firme e consensuada, orientada a dinamizar e revitalizar o espazo agrogandeiro-forestal. Uns orzamentos que estimulen e orienten unha numerosa industria de transformación contribuíndo á fixación de poboación e á recuperación da pirámide poboacional. A situación de crise do mundo rural que padecemos fan necesario atacar os problemas estruturais endémicos do noso rural con medidas valentes que vaian ao fondo da súa problemática.

En definitiva, dende o Bloque Nacionalista Galego rexeitamos estes orzamentos, porque non son os que Galiza necesita. Mais non nos resignamos diante do futuro desolador ao que nos pretende levar o Partido Popular, e acreditamos nun





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

modelo cun proxecto de futuro no que se tome como punto de partida e como obxectivo a resolución dos verdadeiros problemas do rural galego.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección**
15.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:52:40



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:59
Nº Rexistro: 38418
Data envío: 07/11/2025 16:57:59.455

CSV: REXPG-Tg83kzucR-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:58:00



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:57:59
Nº Rexistro: 38418
Data envío: 07/11/2025 16:57:59.455

CSV: REXPG-Tg83kzucR-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a través da súa portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, da Sección 16, Consellería do Mar, e todas as entidades públicas e instrumentais dependentes desta, do proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026**, polas seguintes razóns:

1º- O orzamento da Consellaría de Mar sobe dos 220.692.768 de 2025 aos 225.620.556 para 2026, un raquítko 2,2%, aínda menor que o xa totalmente insuficiente 2,8% do exercicio en curso, 1,7 puntos menos que a media de aumento de todas as seccións que se sitúa no 3,9%. Ademais, está por baixo do aumento da inflación, que foi dun 2,7% no 2024 e dun 2,9% ata setembro deste ano.

Malia o que aínda hoxe significa e representa o sector pesqueiro no seu conxunto para o noso país, preto do 2% do PIB no caso do sector extractivo, os orzamentos que se presentan ano tras ano afondan na súa irrelevancia, froito, fundamentalmente, dunha política rotineira, falta de ideas e, sobre todo, alonxada da realidade que viven as miles de persoas que traballan no mar, malia que a propia Memoria dos orzamentos de 2026 recolle que “para que o sector siga a contribuír á xeración de riqueza, e o faga en termos de sustentabilidade e competitividade, precisa dun orzamento realista e proporcionado... Un orzamento á altura, co que poder dar pulo constante á actividade do mar e potenciar a súa transformación ...”.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:52
Por Ana Pontón Mondelo





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o carácter irrelevante e rotineiro dállo precisamente a propia Consellaría de Mar presentando sistematicamente unha Memoria onde as “Principais Liñas de Acción da Consellaría” son practicamente idénticas ás do ano anterior, sen ter en conta sequera que vimos de anos nos que as condicións climatolóxicas foron excepcionais e afondaron na merma de produtividade das rías galegas que xa se vén dando, e denunciando, dende hai máis dunha década.

2º- Precisamente, os datos a 31 de decembro de 2024 amosan unha realidade moi, moi distinta á que a Consellaría de Mar contempla nos seus orzamentos do ano que vén:

- 24.000 Tn. menos de peixe e marisco vendido nas lonxas galegas, un 18% menos que no 2023.
- Máis de 30 millóns de euros menos de facturación nun só ano (7,5%).
- Perda de 222 permisos de marisqueo a pé, un 6,3% menos que no 2023.
- Galiza pasou de vender nas súas lonxas no 2009 195.780 Tn. a vender, 15 anos despois, o período no que leva gobernando o Partido Popular, 102.340 Tn. É dicir, 83.440 Tn. menos ou, o que é o mesmo, un 91% menos.
- Pasou de facturar 422,3 millóns de euros a facturar 381,5. 40,8 menos e un 10,3% menos que no 2009.
- E pasou de 24.718 a 18.509 traballadores e traballadoras do mar neses 15 anos (6.209 e un 25% menos).





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Había en 2009, 4.281 mariscadoras a pé. Hoxe hai 3.307. Son 974 e un 22,8% menos. Desas 974, 222 no ano 2024.
- Os bivalvos, que son competencia exclusiva da Xunta de Galiza, a ameixa e o berberecho, por exemplo, caeron nun só ano un 27% e nada menos que un 36% en facturación.
- O polbo, que é competencia exclusiva da Xunta de Galiza, reduciuse un 40% e un 30% en facturación.
- O ourizo, competencia exclusiva da Xunta de Galiza, caeu un 10% no ano 2024.
- O mexillón, competencia exclusiva da Xunta de Galiza, caeu un 19% do 2022 ao 2023, sendo a produción máis baixa dos últimos 20 anos e pasando de 219.698 a 178.000 Tn, cantidade que apenas variou no 2024.
- O percebe, a centola, a nécora, o camarón... competencia exclusiva da Xunta de Galiza, todos reduciron as súas capturas en 2024.

Polo tanto, unha situación tan dramática do noso sector pesqueiro e marisqueiro, non se enfronta coas medidas ordinarias e habituais dos últimos 15 anos, non se enfronta cuns orzamentos que non acadan os 5 millóns de euros de incremento e onde, ademais, os investimentos reais redúcense en preto de 2 millóns de euros.

Moito menos permiten albiscar ningún tipo de recuperación, porque non existe neles o mínimo atisbo de medidas estruturais para comezar a solucionar progresivamente os múltiples problemas que lle atinxen e que non cambiaron en nada os prometidos 123 millóns de euros do anunciado Plan de Competitividade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e Sostibilidade 2024-25 para o marisqueo. Un Plan que, malia a ser solicitado por este Grupo Parlamentar ao comezo desta lexislatura polo artigo 9 do Regulamento da Cámara aínda non nos foi facilitado a día de hoxe.

Un Plan que foi anunciado ata a saciedade nos medios de comunicación e que lle serviu á Consellaría para enganar de novo e durante un tempo ao sector marisqueiro pero que hoxe, case dous anos despois, xa ninguén lembra porque as partidas orzamentarias que deberían terlle dado sostén nunca existiron nos documentos orzamentarios, nin do 2024 nin do 2025.

Tampouco, malia o enorme fracaso que veñen supoñendo nos últimos anos, con peches anticipados continuados e con paros biolóxicos recorrentes, con cada vez menos embarcacións e menos persoas que se adiquen a eles, e coa decisión da Consellaría de non abrílos este ano, non hai partidas orzamentarias nas que se atisben sequera medidas para comezar a actuar nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, en absoluta decadencia, o que certifica a renuncia total por parte da Consellaría a recuperar zonas que hai aínda poucos anos eran produtivas e empregaban a moitos traballadores e traballadoras do sector.

Por outra banda, o seguro público de produción marisqueira, que xa fora anunciado pola Consellaría no ano 2021 e sobre o que existen acordos unánimes do Parlamento galego sobre a súa creación, continúa tamén traducíndose en cero euros no documento orzamentario para 2026.

Do mesmo xeito, cero euros son os adicados a outra das vellas demandas do sector, a promoción de sementeiras públicas ou mixtas para o surtido de semente autóctona ao marisqueo, obviando unha vez máis unha das súas





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

principais necesidades, que provoca, ano tras ano, a escaseza de semente e obriga á súa importación, que medra cada vez máis, doutros países europeos.

A Consellaría márcase como un dos seus obxectivos para 2026 “recuperar e consolidar o marisqueo”. Unha actividade que, tal e como amosan os datos oficiais expostos máis arriba, leva varios lustros en descenso e que chegou ao cumio duns resultados nefastos no 2024, que as políticas da Xunta de Galiza non foron quen de recuperar nos últimos 15 anos e que agora, no 2026, a Consellaría asegura non só que o vai “recuperar” senón tamén que o vai “consolidar”.

O sector leva anos reclamando que se estuden as causas da debacle do marisqueo, para poder tomar medidas certas e para que os resultados desas investigacións marquen as pautas principais a seguir e onde se deben aglutinar os maiores recursos orzamentarios. Moi lonxe de atender esta, xa vella, demanda, os orzamentos para 2026 reducen a partida adicada ao Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación en máis dun millón de euros, pasando de 6,1 a 4,9. Aínda co incremento de medio millón de euros na partida de REDEMAR, segue faltando outro medio millón para tan só igualar a cantidade de 2025.

A transferencia de capital ás universidades, que xa era ridícula (469.960 euros) queda agora na irrelevancia absoluta cunha partida de 65.995 euros. E, finalmente, as partidas destinadas ao INTECMAR e ao CETMAR apenas sofren variacións con respecto ás deste ano.

En definitiva, unha Consellaría de Mar que non dispón de orzamentos, e polo tanto de medidas, para efectivizar a recuperación do propio mar e dun dos principais sectores de riqueza e de traballo no mesmo, o marisqueo.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3º- Os orzamentos adicados a investimentos en “feiras e eventos nos que se participa” suman 14,1 millóns de euros, practicamente a mesma cantidade que en 2025 e despois de incrementárense ese ano en 6 millóns de euros, xusto no momento no que a produtividade de gran parte dos recursos galegos que se poderían promocionar, os procedentes do marisqueo e do sector mexilloeiro, reducíase drásticamente. Unha partida que mesmo suma máis que a totalidade da transferencia de capital a Portos de Galiza, con 122 portos propios que manter.

Por outra banda, destínanse case 31 millóns de euros a investimentos e creación de empresas de acuicultura. É dicir, case o triple de todo o capital que se transfere para axudas para investimentos que fomenten a pesca sustentábel, que suma 11,1 millóns de euros, e que multiplica por 6 a partida correspondente á paralización de actividades pesqueiras, que queda por baixo dos 5 millóns de euros.

E como parte do mesmo paquete, adícanse aínda 17 millóns máis para investimentos en comercialización e transformación, que supera en 7,5 millóns de euros a todo o que vai investir a Consellaría en infraestruturas pesqueiras, que aínda se reduce 1,6 millóns con respecto a este ano, quedando en 9.500.000 euros.

En definitiva, partidas orzamentarias que amosan claramente as intencións da Consellaría: Primar a promoción dos produtos sen atender a súa orixe e á súa produtividade, abandonando ao sector extractivo e centrando os recursos no impulso ás industrias que maioritariamente non traballan con produtos autóctonos ou, directamente, os crían en granxas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É unha liña de traballo que favorece á parte industrial da cadea mais que non aposta por recuperar a parte extractiva e, polo tanto, moi alonxada dos obxectivos que debера perseguir a Administración: Un sector extractivo forte e a promoción e o apoio, si, aos produtos propios e de calidade que nos diferencian dos de calquera outra parte do mundo.

É un modelo que xa ten amosado os seus resultados, que non é proporcionado e que inclina a balanza cada vez máis en favor da industria, da acuicultura, da transformación, da comercialización, e abandona, tamén cada vez máis, ao sector extractivo, destruindo cada ano máis postos de traballo, negándose obstinadamente a investigar cais son as causas de perda de produtividade das rías e desbotando investir e adicar recursos precisamente a poñerlle remedio a esa perda de produtividade e á mellora da calidade das augas interiores, nas que a Xunta de Galiza exerce competencias de xeito exclusivo.

4º- Tampouco existe, na liña de todo o dito anteriormente sobre a despreocupación absoluta polo sector extractivo, ningún interés por apoiar a remuda xeracional no conxunto do sector pesqueiro. A “tradicional”, e tantas veces denunciada por escasa, partida que se viña contemplando nos orzamentos de 300.000 euros para “axuda inicial para xóvenes para a primeira adquisición de buque”, pasou no ano 2024 a un total de 428.571 euros, mais volveu caer ata a irrelevancia no 2025, cun importe total de 100.000 euros, a mesma cantidade que para 2026 e que, na práctica, só serviría para impulsar a compra dunha única embarcación (tomando como referencia o importe máximo de 75.000 euros de axuda en convocatorias anteriores) ou, ao sumo, dúas.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5º- E tamén, exacta, emte igual que no exercicio anterior, aparecen contemplados tan só 350.000 euros para investimentos en equipamentos pesqueiros, lonxe do 1.350.000 euros do 2024 e moito máis lonxe aínda dos 5 millóns do 2023, deixando apenas sen proxectos de infraestruturas e equipamentos en portos ao sector pesqueiro.

6º- Tamén o orzamento de Portos de Galiza se incrementa apenas en 100.000 euros con respecto ao deste ano, ficando en 12.408.573. E esta cantidade insuficiente é unha das razóns pola que ano tras ano se presentan as mesmas actuacións, só pospoñendo o ano de inicio e o de remate e en moitos casos rebaixando as cantidades orzamentadas con anterioridade, como, por exemplo, no caso da remodelación dos departamentos de exportadores de Malpica, que pasou de 3 a 1,2 millóns de euros no 2025 e agora aínda se reduce a 1.190.000 euros. Ou a rehabilitación do peirao mexilloeiro de Moaña, que pasou de 1,6 millóns de euros en 2024 a 591.723 euros en 2026, entre outros.

De absoluta ficción son tamén outras actuacións que se repiten ano tras ano con custos totais altos mais cun orzamento ridículo para o 2026. O exemplo paradigmático é a mellora da operatividade no porto de Aguiño, con 3 millóns de euros de custo total e con só 10.000 euros para o vindeiro exercicio, o que significa que, máis unha vez, non haberá mellora ningunha.

En definitiva, a baixa e lenta execución da construción de infraestruturas portuarias é un mal cronificado en Portos de Galiza, que se deriva de dotacións orzamentarias historicamente insuficientes e irrealas, ao igual que a falta de





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consignacións importantes para impulsar actuacións que levan anos agardando e que nunca se levan a cabo.

Non existe un verdadeiro plan a medio prazo, calendarizado e orzado, de construción ou de mellora de infraestruturas portuarias que teña en conta as necesidades máis graves e as situacións que máis comprometen a seguridade dos usuarios.

Tampouco existen actuacións programadas e mantidas no tempo respecto do mantemento máis básico das instalacións, mentres seguen sendo un clamor as queixas do sector sobre a falta de mantemento, de servizos e subministros básicos para desenvolver actividades pesqueiras nos portos e mentres non deixan de medrar as taxas que se cobran a usuarios e concellos.

Finalmente, a política de persoal de Portos de Galiza, cun número de traballadores escaso e coa privatización duns servizos que a cidadanía ten que pagar por duplicado, é a proba máis evidente da falta de apoio á actividade produtiva e a mellorar a capacidade de xerar emprego.

7º- E por enriba de todo o xa dito, no que se plasma nidiamente a falla dun proxecto orzamentario que poida garantir un futuro para o conxunto do sector do mar, hai que engadir a falta de execución das partidas orzamentarias, outro mal endémico da Consellaría de Mar ao que nunca se lle pon solución.

A execución dos orzamentos a 31 de decembro de 2024 amosan que nese ano o orzamento inicial foi de 214.521.306 euros.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A minoración de cretos ese ano, con destino a outras consellarías, foi dun total de 97.701.306, quedando tan só 116.820.000. Destes, executáronse só 91.608.000 euros, é dicir, o 42,7% da contía que se estipulou ao principio.

Polo tanto, o total das baixas orzamentarias (97,7 millóns de euros) máis os 25,2 millóns que deixaron sen executar, ascenden a 123 millóns menos que o orzamento inicial.

8º- Mención aparte merece a falla de execución dos fondos FEMPA que repite o ocorrido co FEMP. Así, o informe anual de indicadores de 2022, publicado polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, reflexa que o grao de execución do FEMP no caso de Galiza foi do 46,12%, a última de todas as Comunidades na execución deses fondos para o período 2014-20, moi por detrás do resto e incluso da media do Estado (57,08%).

O informe do Consello de Contas de finais de 2024 incrementa levemente esa porcentaxe para o mesmo ano 2022 ata o 47,73%, tamén por detrás do grao de execución doutras consellarías mais na tónica xeral do conxunto que é do 47,3%, e indica que isto provoca que as axudas non cheguen “de maneira efectiva á economía real”, que é precisamente do que se trata.

Os datos que se coñecen respecto do ano 2023 son igual de desesperanzadores: Máis de 95 millóns de euros sen executar, unha cantidade que podería ser determinante no caso de posíbeis beneficiarios que, finalmente, non accederon a ela e que amosa a falla de efectividade de medidas tomadas xa no 2021 por parte da Consellaría, como a creación da Subdirección Xeral de Planificación, Seguemento e Verificación do FEMP, ou no 2022, como a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

creación de oficinas de información e asesoramento para os beneficiarios das axudas do FEMPA, que aínda entraron en funcionamento neste 2025.

En resumo, centos de millóns de euros que deberan servir para potenciar un sector que en Galiza é fundamental e que en realidade foron a parar a un enredo de burocracia eterna e a non estar a disposición de quen realmente os necesita, o sector pesqueiro, marisqueiro, miticultor, as pequenas e medianas empresas e os pequenos autónomos que no mar, en Galiza, son a maioría.

Descoñecendo aínda os resultados de execución do FEMPA en 2024 e no que vai de 2025, cómpese advertir de novo que o Programa Operativo do FEMPA contempla o chamado “mecanismo de flexibilidade”, que non existía no período anterior e que significa que os fondos daquelas Comunidades Autónomas que retrasen a execución dos fondos e os poñan en risco de perda poden efectivamente perdelos en favor doutras que sexan máis áxiles na execución.

Por todas estas razóns solicítase a **devolución dos orzamentos da Sección 16.**

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Asdo.: **Ana Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG



Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2025 16:52:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:58:17
Nº Rexistro: 38419
Data envío: 07/11/2025 16:58:17.815

CSV: REXPG-T2KHgU5U-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:58:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:58:17
Nº Rexistro: 38419
Data envío: 07/11/2025 16:58:17.815

CSV: REXPG-T2KHgU5U-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 04, Presidencia da Xunta de Galicia. Sociedade mercantil. Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 04. Presidencia da Xunta de Galicia. Sociedade mercantil. Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A

O proxecto de orzamentos da Presidencia para 2026 confirma unha orientación política centrada na autopromoción institucional e na consolidación da estrutura mediática do Goberno, en detrimento da transparencia, o autogoberno e o desenvolvemento económico.

A Sección 04 presenta un descenso global do 4,9 %, situándose en 286 millóns de euros, o que supón un recorte de case 15 millóns respecto ao ano anterior. Este retroceso é especialmente grave nos investimentos reais, que diminúen máis dun 10 %, e nas transferencias de capital, mentres se manteñen ou aumentan partidas vinculadas á publicidade institucional e aos activos financeiros dos medios públicos.

A Axencia de Turismo de Galicia é a máis prexudicada, con unha caída do 14 % no seu orzamento total, incluíndo un -15,6 % en investimentos e un -24 % en transferencias, o que compromete a planificación e a diversificación turística do país. Pola contra, a Secretaría Xeral de Medios supera os 140 millóns, con máis de 130 millóns destinados a activos financeiros, consolidando un modelo de comunicación subordinado ao Goberno.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:27
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133201

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

A Secretaría Xeral da Presidencia apenas dispón de 11.000 euros en investimento real, evidenciando a ausencia de vontade para modernizar e dixitalizar a Administración. O IGE e a Oficina Económica manteñen recursos insuficientes, e as delegacións territoriais continúan marcadas pola politización dos seus cargos directivos.

En resumo, trátase dun orzamento regresivo, opaco e desequilibrado, que reduce investimento produtivo e potencia o control político e propagandístico da Presidencia.

Por todo iso, o Grupo Socialista de Galicia presenta emenda á totalidade da Sección 04, reclamando un novo proxecto orzamentario que incremente os investimentos en transparencia, datos abertos e planificación económica; recupere o investimento turístico e reforce o IGE e a Oficina Económica; e garanta medios públicos independentes e unha administración profesional e imparcial.

Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia (CSAG)

Un ano máis chega a este parlamento o orzamento da Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, a flamante CSAG, que agora se nos presenta como o motor da “sociedade dixital galega”: dixital, pero ben domesticada polo poder político que a alimenta. Porque o que este documento amosa, con toda claridade, é que a televisión pública galega continúa sendo unha ferramenta de propaganda do Partido Popular, e non o espello plural e diverso da sociedade galega que debería ser.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133202

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

Para 2026, o orzamento consolidado da CSAG ascende a 139,9 millóns de euros, dos cales 131,1 millóns (o 94 %) son achegas patrimoniais da Presidencia da Xunta de Galicia. É dicir, señorías, a televisión “independente” que presume de autonomía financeira vive practicamente do mesmo peto que paga as roldas de prensa de Rueda. Os ingresos comerciais, publicidade incluída, representan apenas 8,5 millóns, un 6 % do total. Unha cifra ridícula para un ente que di ser “tractor do sector audiovisual galego”. Se a isto lle sumamos que o custo medio por empregado supera os 50.000 euros anuais e que o cadro de persoal permanece conxelado desde hai anos, vemos que a política de recursos humanos non responde a criterios de modernización, senón de inmovilismo e clientelismo.

A memoria presume de ser unha ferramenta “para a sociedade dixital”. Fálanos de intelixencia artificial, realidade mixta, sistemas 4K, podcasts transmedia e plataformas OTT con nomes rimbombantes como Agalega ou Xabarín. Pero, detrás de todo ese envoltorio tecnolóxico, o que atopamos é a mesma estrutura de sempre: un modelo vertical, centralizado e politicamente dirixido desde San Caetano.

A nova lei (a Lei 1/2025) promete independencia e transparencia, mais a realidade é outra. Non existe un contrato programa plurianual público nin avaliable que permita saber que obxectivos concretos se financian. A rendición de contas é puramente formal e non hai indicadores reais de pluralismo nin de diversidade informativa. E, sobre todo, non hai vontade política de abrir a corporación á sociedade civil nin ao control parlamentario efectivo. Mentres tanto, a CSAG segue exercendo un papel que se parece máis ao dun gabinete de comunicación ampliado da Xunta que ao dunha radiotelevisión pública.

O orzamento dedica case 140 millóns de euros a un proxecto que di perseguir a “cohesión social e territorial” e o “impulso da lingua galega”. Pero, cando unha acende a televisión ou sintoniza a radio, o que ve e escoita é un galego

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133203

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

residual, artificial e cada vez máis arrinconado, e unha axenda informativa que coincide sospeitosamente coa do Consello da Xunta dos xoves pola mañá. Outro apartado merece o desmantelamento dos centros territoriais, que se van anegando en función dun suposto modelo de eficiencia e eficacia, cando a realidade é que Galicia se queda sen o arquivo directo do lugar.

Non se trata de cuestionar o traballo dos profesionais (moitos deles dignos, valentes e conscientes do seu papel), senón de sinalar a manipulación estrutural que converte o servizo público nun instrumento de control da opinión. Mentres tanto, as voces disidentes, os sindicatos, os movementos sociais ou as forzas políticas da oposición apenas aparecen, e cando o fan é a modo de caricatura. E todo iso, pagado por todos os galegos e galegas, con eses 139 millóns de euros de subvención directa que deberían servir para garantir pluralidade, cultura e servizo público, e non para reforzar o discurso único do PP.

A CSAG presume de equilibrio e sustentabilidade financeira. Mais, se analizamos as partidas, atopamos unha dependencia total do orzamento da Xunta, un gasto corrente crecente (73 millóns en gastos operativos e máis de 58 millóns en persoal) e un investimento en contidos e innovación de apenas 8,9 millóns, o que significa destinar só un 6 % ao que realmente chega á cidadanía.

A chamada “modernización tecnolóxica” aparece chea de siglas e promesas, pero sen indicadores medibles. Hai proxectos de intelixencia artificial, de dixitalización do arquivo histórico e de creación de plataformas, mais sen plan operativo público nin memoria de execución. E, por riba, a propia memoria recoñece que o orzamento é “tendencialmente expansivo”, é dicir, que o gasto medra sen avaliación previa do retorno social nin da eficiencia dos investimentos. En resumo, trátase dun modelo de gasto sostido na subvención

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133204

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

e na autopropaganda, sen control público real, sen avaliación de resultados e sen compromiso coa transparencia.

O servizo público audiovisual de Galicia debería ser un espazo de encontro, de lingua, de cultura e de liberdade. Unha canle que reflecta o país enteiro, non só a metade azul que lle convén ao PP. Debería ser motor da industria audiovisual galega, non un cliente cativo que reparte contratos segundo afinidades. Debería apostar pola galeguización real, pola diversidade, pola infancia, pola cultura popular e pola igualdade. E debería ser unha institución respectada, non un brazo mediático da Xunta.

Por iso, desde o PSdeG reclamamos unha verdadeira reforma da gobernanza da CSAG, un contrato programa transparente e mecanismos de control parlamentario efectivos que garantan que cada euro dos cidadáns se destina a pluralidade, cultura e servizo público, e non á propaganda institucional. Mentres iso non ocorra, seguiremos escoitando esa cantilena tecnocrática da “sociedade dixital”, pero sabendo que detrás das luces LED e das pantallas 4K segue habendo un vello televisor en branco e negro: o do control político e a manipulación informativa.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133205

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: REXPG-bUq2pbQpC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:27:50



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

CSV: REXPG-bUq2pbQpC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:33:54
Nº Rexistro: 38392
Data envío: 07/11/2025 16:33:54.950

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:33:55

CSV: REXPG-bUq2pbQpC-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 05, Consellería da Presidencia, Xustiza e Deportes** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 05. Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes

A realidade da xustiza segue a ser un exemplo perfecto do que pasa cando se mantén un sistema co piloto automático. No tema da quenda de oficio, é evidente que levamos moitos anos con baremos claramente insuficientes e con retribucións que non reflicten nin o tempo, nin os coñecementos, nin a responsabilidade que implica defender a quen non pode pagalo. E ademais existen actuacións que nin sequera están previstas nin compensadas economicamente.

O novo baremo non pode ser imposto unilateralmente, senón negociado cos colexios profesionais e cos representantes sindicais. Tamén é necesario revisar o criterio de financiamento dos colexios profesionais, porque ese 8 % do gasto conxelado desde hai anos provocou precariedade crónica e obrigou ás corporacións profesionais a tirar de fondos propios para soste un servizo que é esencial.

Por outra banda, o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 está totalmente obsoleto, polo que cómpre facer un balance real do seu cumprimento e poñer en marcha un plan novo que aposte por unha xustiza moderna, con investimento nas vilas medianas e coa execución das actuacións pendentes en Padrón, Muros, Sarria, Cambados, Vilagarcía, A Coruña ou Viveiro.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133208

28071 Madrid

CSV: REXPG-sm4mCrYNN-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

E tamén é necesario que cando o Estado rectifique o decreto dos xulgados de Instrución nº 8 da Coruña e Vigo, a Xunta inicie os trámites para implantar a garda 24 horas, porque seríamos quen de dar saída aos asuntos desa quenda sen paralizar unha semana enteira o traballo dos xulgados, como pasa agora.

Somos a única comunidade con partidos xudiciais de 8 xulgados que segue sen este sistema. E por último, o aumento do persoal do Imelga é indispensable: os informes anuais demostran que o número é insuficiente, os xulgados acumulan procedementos pendentes por máis de dous anos e as solucións externalizadas non resolven un problema estrutural.

No ámbito de deportes a realidade é a mesma: as cousas non se fan se non se financian. O Plan de impulso ao deporte feminino debe estar dotado de 1,5 millóns de euros, porque só o 23 % das persoas federadas son mulleres, e no 2025 aínda existen infraestruturas sen vestiarios adecuados para elas, e case non hai referentes nos medios. Un plan serio debe incluír axudas específicas para clubs e federacións, mellora de infraestruturas, campañas de visibilización, formación en igualdade e mecanismos de avaliación real.

O deporte é un espazo de transformación social e Galicia debe estar á vangarda desa transformación. E xunto con isto tamén é necesaria unha liña de axudas ás familias para garantir que a infancia e mocidade teñan acceso igualitario á práctica deportiva federada: evitar que o custo da tempada (300-500 € por menor) sexa unha barreira económica é garantir igualdade de oportunidades.

Por iso, defendemos axudas condicionadas por renda, solicitables por cada menor federado, que cubran material deportivo e cotas. Non é un café para todos: é igualar dereitos básicos.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133209

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

Tamén é necesario recuperar a memoria histórica. Débese establecer unha partida de 1,5 millóns no orzamento 2026 para dar cumprimento á nova Lei de Memoria Democrática e elaborar un plan 2026-2030 que recolla as iniciativas a desenvolver, facendo especial referencia ao papel das mulleres galegas na loita pola liberdade, a democracia e a autonomía. Desde 2011 destináronse 0 euros a isto en Galicia e hoxe só se está a facer un programa de fosas financiado ao 100 % polo Estado.

No ámbito de emerxencias e seguridade a situación é case groseira: o convenio da Unidade Adscrita está caducado hai anos, sen o cal non se poden completar as vacantes ata 500 efectivos. A Xunta ten que asumir o 50 % do financiamento, como fan o resto das CC.AA. Non poden racanear nun servizo esencial para a seguridade cidadá cando o Estado está a dedicar recursos para recuperar os 500 efectivos perdidos.

Igual ocorre co sistema GES e bombeiros comarcais: é necesario un cambio estrutural, diálogo real coas deputacións e a Fegamp, así como avanzar cara un servizo unificado, profesionalizado, con equidade territorial, eliminación de zonas de sombra, criterios obxectivos de reparto de material e unha capacidade real de resposta en todo o territorio.

E na Administración local tamén hai un afogo evidente: os concellos cargan competencias impropias e unha lei de 1997 non pode dar resposta aos cambios profundos das últimas décadas. A nova lei anunciada debe ser de consenso coa Fegamp. Pero ademais é evidente que o fondo base leva conxelado desde 2011 e iso incumpre en esencia o artigo 142 da CE.

É máis cómodo repartir fondos condicionados, convenios e subvencións porque son máis opacos e porque se reparten por preferencias, pero todos os concellos —de todas as cores— aprobaron por unanimidade que o fondo base

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133210

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

debe subir. E aínda por riba o fondo adicional de 59 M€ anunciado pola Xunta nin sequera chegará aos concellos no 2026.

En mobilidade tamén falla o mesmo patrón: anuncios, pero non financiamento real. O incremento do 0,68 % para ordenación e inspección do transporte é ridículo, a Tarxeta Xente Nova debería ampliar a franxa de idade, polo menos, ata 31 anos, ademais redúcese a partida de transporte en 23 millóns pola perda de fondos europeos, o que afecta á tarxeta metropolitana e á mellora da accesibilidade. Non se pode depender só de fondos europeos para competencias propias.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133211

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:13



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

CSV: REXPG-sm4mCrYNN-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:34:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:34:35
Nº Rexistro: 38393
Data envío: 07/11/2025 16:34:35.590

CSV: REXPG-sm4mCrYNN-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 06. Consellería de Medio Ambiente e Cambio climático. Servizo 82. Augas de Galicia. Sociedade mercantil. Sociedade galega do Medio Ambiente, S.A (Sogama)** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 06. Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático. Servizo 82. Augas de Galicia. Sociedade mercantil. Sociedade galega do Medio Ambiente, S.A (Sogama).

O proxecto de orzamentos presentado pola Xunta de Galicia para o exercicio 2026 confirma, unha vez máis, que a prioridade da Xunta de Rueda non é o futuro de Galicia, senón o cálculo político a curto prazo. Os números e a orientación global das contas demostran que o medio ambiente segue sendo tratado como un asunto menor, secundario, sen capacidade real para definir o modelo de país. O recorte do 10 % no orzamento da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é a mellor proba de que este Goberno non cre na transición ecolóxica, nin na protección do territorio, nin no dereito da cidadanía a vivir nun entorno saudable. Nun contexto no que o cambio climático acelera os seus efectos, reducir os recursos da consellería encargada de afrontalo é unha decisión tan irresponsable como reveladora.

A Xunta de Rueda presume de equilibrio fiscal, pero faino a costa de reducir o investimento público e, sobre todo, de deixar de lado as políticas estruturais que deberían garantir un futuro sostible para Galicia. Mentres o conxunto dos orzamentos autonómicos medra apenas un 2 %, o custo da vida faino por riba

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133214

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

desta porcentaxe, o que significa que en termos reais as contas non crecen, senón que decrecen. O resultado é un orzamento regresivo, que avanza na dirección contraria ás necesidades do país e que confirma que o medio ambiente non é unha prioridade senón unha vítima máis da falta de planificación e da obsesión pola propaganda.

A política ambiental da Xunta de Galicia leva anos instalada na contradición. Anúnciase moito, pero faise pouco. Fálase de sustentabilidade, pero continúa apostando por modelos obsoletos. O discurso público está cheo de promesas e titulares, mais a realidade segue marcada polo abandono e a falta de resultados. A Consellería de Medio Ambiente non conta cos medios suficientes para executar nin sequera as competencias básicas que lle corresponden. Galicia continúa arrastrando carencias estruturais en materia de depuración, saneamento e xestión forestal; e cada ano, cando chegan os incendios, o noso país volve revivir o drama da falta de planificación e dun territorio desprotexido.

A xestión das augas é un exemplo evidente do que significa gobernar pensando máis en titulares que en solucións. O canon da auga, que aumenta a recadación ano tras ano, non se traduce nunha mellora real dos servizos nin na modernización das infraestruturas de depuración. En lugar de establecer criterios obxectivos, a Xunta continúa distribuindo os fondos de Augas de Galicia con criterios de oportunidade política, favorecendo uns concellos e castigando outros, en función da cor do goberno local. Esta práctica, ademais de inxusta, provoca que moitos municipios sigan sen solucións ás súas necesidades máis básicas, mentres se manteñen investimentos sobredimensionados noutras zonas. A consecuencia é que Galicia segue sen cumprir coas directivas europeas en materia de tratamento de augas residuais e continúa a ter rías e ríos afectados por vertidos que deberían estar xa resoltos hai anos.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ **981.55.15.30**

133215

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

A política de residuos, pola súa banda, é outro exemplo do inmovilismo da Xunta. O modelo de Sogama, vixente desde hai máis de tres décadas, segue baseado na incineración e na xeración de residuos en lugar de na súa redución e reciclaxe. Galicia sitúase moi por debaixo da media estatal e europea en taxas de reciclaxe e continúa pagando sancións e impostos pola emisión de gases contaminantes. Mentres tanto, o Goberno galego sobe o canon do lixo aos concellos, convertendo a xestión ambiental nun negocio rendible para a empresa pública e nun castigo económico para os municipios e a veciñanza. Esta non é unha política ambiental, é unha política recadatoria que perpetúa un modelo ineficiente e contaminante.

Tampouco no ámbito da protección da natureza e da biodiversidade pode falar a Xunta de avances. Galicia segue sendo a comunidade con menor porcentaxe de territorio baixo protección da Rede Natura 2000, apenas un 12% fronte a unha media estatal que está moi riba. Non se aprobaron os plans de xestión prometidos nin se cumpriron os acordos parlamentarios de ampliación da rede. A maior parte das especies ameazadas continúan sen plans de conservación efectivos, o que deixa desprotexidos os hábitats máis fráxiles e contribúe á degradación dun patrimonio natural que é unha das maiores riquezas do país. O que hai, en realidade, é unha política de brazos cruzados, que renuncia a exercer a responsabilidade pública en materia ambiental e que deixa o futuro do territorio á inercia e aos intereses particulares.

Este modelo de xestión ambiental non é casual. É o resultado dunha concepción da política que entende o medio ambiente como un obstáculo e non como unha oportunidade. A Xunta de Rueda fala de economía verde mentres recorta o orzamento da consellería encargada de facela posible. Fala de cambio climático mentres suprime programas de mitigación e adaptación. Fala de planificación sostible mentres autoriza proxectos agresivos para o territorio e ignora a voz dos concellos e da cidadanía. O discurso non se corresponde cos feitos, e os feitos son que Galicia retrocede en materia ambiental, perde

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133216

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

capacidade de protección e queda á marxe das estratexias europeas de transición ecolóxica.

O Grupo Parlamentario Socialista de Galicia considera que este proxecto de orzamentos é, polo tanto, incompatible coas necesidades da sociedade galega e cos retos que temos por diante. Galicia precisa un cambio profundo nas súas políticas ambientais, un novo marco de actuación baseado na planificación, na participación e no investimento. Precisa unha política de augas que asegure a depuración integral, unha xestión de residuos que aposte pola redución e a reciclaxe, unha estratexia forestal centrada na prevención de incendios e na conservación da biodiversidade, e unha política enerxética que combine sustentabilidade e desenvolvemento. Precisa, en definitiva, un goberno que mire máis aló do día seguinte e que entenda que cada euro investido en medio ambiente é un euro investido en saúde, en emprego e en futuro.

Os orzamentos da Xunta de Rueda non van nesa dirección. Non responden ás demandas da sociedade nin aos compromisos climáticos que Galicia debe asumir como parte de España e de Europa. Son uns orzamentos regresivos, continuístas e sen ambición, que consolidan a parálise e a falta de rumbo. Mentres outras comunidades aproveitan os fondos europeos para acelerar a súa transformación verde, Galicia queda atrapada no inmovilismo e no conformismo dun goberno que non cre nin na innovación nin na sustentabilidade.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia solicita a devolución deste proxecto de sección e a elaboración dun novo documento que recupere o investimento perdido, priorice a protección ambiental como eixo central das políticas públicas e integre o medio ambiente como un motor de progreso e benestar para o conxunto da cidadanía galega. Galicia non pode seguir vivindo de anuncios e de titulares: necesita feitos, planificación e compromiso real co seu territorio. A defensa do medio ambiente é hoxe unha

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133217

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

cuestión de país, e un goberno que lle dá as costas está renunciando ao seu futuro.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

133218

@PSdeG



CSV: REXPG-JUBYox6xQ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

CSV: REXPG-JUBYox6xQ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:35:09



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:08
Nº Rexistro: 38394
Data envío: 07/11/2025 16:35:08,754

CSV: REXPG-JUBYox6xQ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:32
Nº Rexistro: 38395
Data envío: 07/11/2025 16:35:32.225

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 07. Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 07. Consellería de Educación. Ciencia, Universidades e Formación Profesional

O proxecto de orzamentos presentado pola Xunta de Galicia para o exercicio 2026 evidencia, unha vez máis, que o Goberno do señor Rueda non ten un proxecto de país nin unha visión de futuro. As contas que se presentan son regresivas, continuístas e alleas ás necesidades reais da cidadanía galega.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional é unha das mostras máis claras desa falta de ambición e compromiso social. Galicia precisa unha educación pública forte, inclusiva e de calidade, que garanta a igualdade de oportunidades e a cohesión social. Porén, o Goberno galego continúa degradando o sistema educativo, reducindo partidas esenciais e substituíndo políticas reais por anuncios baleiros.

Un exemplo clamoroso é o do acoso escolar. Hai apenas unhas semanas, a Xunta anunciaba a posta en marcha dun plan dotado con 55 millóns de euros para combater esta lacra. Porén, nos orzamentos de 2026 a dotación prevista é claramente insuficiente e nin sequera está concretada expresamente, nin tampouco se desenvolve na memoria da propia Consellería, o que evidencia que se trata dun simple anuncio sen apoio real nin planificación efectiva.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133221

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:32
Nº Rexistro: 38395
Data envío: 07/11/2025 16:35:32.225

Mentres as cifras de casos de acoso escolar se multiplican, non existen recursos suficientes para a prevención, a detección temperá nin o apoio psicolóxico e pedagóxico ás vítimas.

Tampouco se reforzan os recursos humanos nin materiais destinados ao alumnado con necesidades educativas específicas. As aulas seguen saturadas, os equipos de orientación están desbordados e os centros carecen de profesionais de apoio suficientes. O dereito a unha educación inclusiva non se garante con discursos, senón con profesorado, espazos e medios adaptados.

A redución das partidas destinadas a combater o abandono escolar é outro síntoma da falta de prioridade que o PP outorga á educación pública. Galicia precisa investir máis, non menos, para asegurar que ningún neno ou nena quede atrás. Fronte á perda de oportunidades, o Goberno galego recorta.

O mesmo ocorre cos comedores escolares e co transporte escolar, servizos básicos que sofren desde hai anos a falta de planificación e os fondos suficientes para poder desenvolver estes servizos. En moitos concellos, as familias seguen asumindo custos crecentes ou padecendo deficiencias no servizo mentres a Xunta presume de “gratuidades” que non chegan a todo o alumnado.

A isto engádese a negativa da gratuidade da matrícula dos mestrados universitarios. Mentres o Goberno de España traballa para garantir o acceso á educación superior con medidas de equidade e bolsas máis xustas, a Xunta continúa mantendo barreiras económicas que penalizan o esforzo e o talento da mocidade galega.

Mentres non se dota dos fondos suficientes para escolas, comedores ou mestrados, o Goberno de Rueda segue reducindo impostos ás rendas máis altas, privando á comunidade de recursos esenciais para reforzar o Estado do

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133222

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:32
Nº Rexistro: 38395
Data envío: 07/11/2025 16:35:32.225

Benestar. A política fiscal do PP beneficia a unha minoría e empobrece os servizos públicos que sosteñen a maioría social.

O resultado é un modelo educativo que non redistribúe oportunidades nin impulsa o progreso. Un modelo no que medran as desigualdades, empeoran as condicións do profesorado e se debilita o papel da escola pública como motor de transformación social.

Galicia precisa outro rumbo. Un proxecto educativo que sitúe ás persoas no centro, que invista na prevención do acoso escolar, que amplíe recursos para a inclusión e a igualdade, que garanta comedores e transporte dignos, que faga real a gratuidade do ensino superior e que aposte pola educación como alicerce do futuro do país.

Nada diso figura nestes orzamentos. Son contas pensadas para resistir politicamente, non para educar nin transformar. Uns orzamentos que consolidan a parálise, agravan a desigualdade e renuncian a facer da educación o pilar fundamental da Galicia do porvir.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia solicita a devolución da Sección 07, relativa á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, ao Goberno galego, coa finalidade de elaborar un novo proxecto que dea resposta ás necesidades reais da cidadanía, garanta o dereito á educación pública e impulse un modelo educativo ao servizo da igualdade e da cohesión social.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133223

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:23



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:32
Nº Rexistro: 38395
Data envío: 07/11/2025 16:35:32.225

CSV: REXPG-z\AQM1soN-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:35:32
Nº Rexistro: 38395
Data envío: 07/11/2025 16:35:32.225

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:35:32

CSV: REXPG-z\AQM1soN-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 08. Consellería de Política Social e Igualdade** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 08. Consellería de Política Social e Igualdade

Un ano máis existe unha “falta de sintonía” entre o que recolle a memoria dos programas relativos ao benestar social e os orzamentos que os acompañarán.

Tal é así que, desde o Colexio de Traballo Social de Galicia expresan unha fonda preocupación ante o proxecto de orzamentos para o ano 2026, xa que tal e como afirman, os incrementos ante algunhas partidas sociais tratase de subidas “retóricas que non se traducen en melloras reais nin estruturais nos servizos sociais públicos”.

E isto é facilmente comprobable xa que o investimento en melloras sociais leva anos estancado, tal e como podemos observar nunha comparativa dos últimos 16 anos. Este estancamento nin tan sequera amosa un pequeno retorno que poida paliar o que supón a inflación.

Non amosa tampouco unha intención de equilibrar en Galicia as deficiencias territoriais; de prestar atención ás demandas da poboación envellecida que solicitan a través de asociacións e plataformas reivindicativas un deseño sostible dos coidados.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133226

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: REXPG-14IR1Vpz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

Non hai tampouco unha política que garanta os dereitos da infancia, e mesmo daquelas nenas e nenos que chegan ao noso país sen seus pais e súas nais. Das persoas con discapacidade que defenden o seu benestar a través das ONG que poden ver opacado o seu futuro porque o concerto social é insuficiente para facer fronte ao pago polos servizos prestados á Xunta de Galicia. Ou ás persoas en exclusión social coas que se lles pechan programas de seguimento e inserción.

Uns orzamentos continuistas que volven a ignorar o que tantas veces temos solicitado o Partido Socialista: a redacción dun plan estratéxico dos servizos sociais de Galicia, tal e como recolle o artigo 45 da Lei de servizos sociais de Galicia: 16 anos e nunca fixeron un plan estratéxico, cando varias comunidades autónomas están a rematar xa o segundo plan estratéxico. E non é unha cuestión baladí. O plan estratéxico require da participación dos concellos e das entidades sociais, da coordinación dos bens e servizos cos que conta o territorio. E aborda as necesidades presentes e futuras dunha poboación que nun futuro próximo terá serios problemas de infraestruturas socio sanitarias: 719.891 persoas maiores de 65 anos, o que representa ao redor dun 26,6 % da poboación.

Como é sabido, ese plan requiriría unha coordinación e traballo conxunto coas entidades locais. E tal como está reflectido neste orzamento, a Xunta de Galicia decide rebaixar un 4,7 % a partida destinada aos servizos sociais comunitarios pasando de 55.914.419 euros en 2025 a 53.470.252 euros para este 2026.

No lado oposto á planificación, atópase a aposta da Xunta polos bonos e axudas puntuais. Son presentadas como política social, pero non deixa de ser, tal e como apuntan desde o Colexio de Traballo Social, unha deriva asistencial que se enfronta directamente coa fórmula dos dereitos sociais universais. Non teñen planificación, están incrementando as desigualdades territoriais, escondendo os dereitos que establece a Lei de autonomía persoal e levando á

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133227

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

poboación máis vulnerable a situacións arbitrarias das que se poden derivar situacións que vaian contra o seu benestar.

Pero sen dúbida a partida que experimenta a maior das baixadas é a de servizos xerais e promoción social: baixa un 40,51 % pasando de 97.993.788 euros a 58.299.598 euros. O que supón que tal descenso influirá nos obxectivos do programa que ten, entre eles: coordinar e apoiar as actividades do resto dos órganos no eido dos proxectos e obras, así como de bens correntes e servizos, a adquisición e reposición de mobiliario e útiles, e a reforma dos bens inmoables administrativos e centros prestadores de servizos sociais e demais actuacións tendentes ao mantemento e mellora das infraestruturas.

A aposta da Xunta polos bonos e axudas puntuais, presentadas como políticas sociais, supón unha deriva asistencialista que confronta directamente coa filosofía dos dereitos sociais universais. Estes programas, ademais de carecer de planificación a medio prazo, xeran desigualdades territoriais e confusión cidadá, substituíndo o dereito a un servizo estable por unha axuda temporal e arbitraria.

Precisamente ese incremento dos bonos coidado, bonos familia, etc. están a falar dun modelo de servizos sociais que afasta ao individuo do eido dos servizos sociais. E isto é precisamente o que reflicte a rebaixa dun 3,73 % dos programas de prestación á familia e a infancia, que pasan de 263.160.432 euros a 253.379.935 euros. Isto significa que minguan os fondos para promover inclusión e a mellora das condicións familiares que permitan a permanencia de nenas ou nenos vulnerables no seo da súa familia de orixe ou a súa reintegración no prazo máis curto posible, diminúen as accións que promoven modificacións dos marcos de convivencia no fogar, e unha mudanza progresiva no mapa das estruturas familiares, cada vez máis diversas, así como a orientación das actuacións en materia demográfica, que deben

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133228

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

transcender o ámbito político temporal e ser planificadas considerando os seus efectos a medio e longo prazo.

Resulta cando menos contradictorio, tal e como se recolle na memoria de orzamentos, que a Xunta de Galicia no programa de Atención a Persoas Maiores e con Discapacidade queira “mellorar a calidade de vida das persoas maiores e das persoas con discapacidade, en termos de autonomía persoal, así como previr as situacións de dependencia”, ao tempo que decide baixar un 4,83 % os fondos que dedica para acadar tal obxectivo; pasa de 69.351.646 euros do ano 2025 á 66.000.125 euros para 2026. Novamente volvemos á contradición e á “falta de sintonía” entre os obxectivos e os orzamentos.

Está tamén ben clarificado que para a Xunta de Galicia, os programas de solidariedade parecen ser cada vez menos necesarios. Para o ano 2026, a baixada é dun 22,47 por cento, pasando de 2.631.194 euros a 2.039.850 euros. Non atopando na memoria unha explicación ao respecto.

E finalmente outras dúas baixadas no orzamento que falan con claridade da escasa importancia que lle dá a Xunta de Galicia á Política de conciliación da vida laboral e persoal: aquí atopamos unha baixada do 0,30%, pasando de 9.510.410 euros de 2025 á de 9.481.499 euros en 2026. Supón unha nula aposta por xerar unha conciencia cidadá que promova a igualdade de todas as persoas; anulando non só os programas executivos que materialmente axudan á conciliación, senón tamén rexeitan a sensibilización e a educación en igualdade.

No ano do Voluntariado, do que tanto se fala de economía social, a Xunta de Galicia baixa os orzamentos de promoción da economía social nun 0,31%, pasando de 44.853.618 euros a 44.714.562 euros. Trátase dunha medida que vai directa á liña de flotación do sector da discapacidade que leva anos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133229

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

traballando para dignificar e atopar liñas de autonomía persoal para as persoas con diversidade funcional, coa construción de empresas sociais sen ánimo de lucro que traballan por consolidar este sistema de emprego; sen que a día de hoxe teñan blindadas as condicións á hora de contratar coa Administración galega.

En materia de igualdade, a raíz da irresponsabilidade de varias CC.AA que empregaron indebidamente o Plan Corresponsables, o Goberno de España modificou o sistema de financiamento e pasou do 100 % ao 75 %. Isto implica que Galicia debe asumir o 25 % restante con fondos propios. Polo tanto, é necesario incrementar a partida orzamentaria se realmente queremos políticas reais de corresponsabilidade que fomenten a repartición equitativa dos coidados e das tarefas domésticas. A igualdade non será posible mentres estes traballos invisibles sigan recaendo sobre as mulleres.

É imprescindible implicar aos homes con campañas, formación e medidas que transformen hábitos e responsabilidades. O orzamento 2026 tamén reduce en 300.000 € as transferencias a entidades locais. Nós opoñémonos a esta redución, porque os concellos son a administración máis próxima á cidadanía e son clave na sensibilización en igualdade.

Ademais, cómpre facer unha fiscalización efectiva do cumprimento da Lei de igualdade de Galicia. A Consellería debe velar porque cada área da Xunta aplique a igualdade de maneira transversal e medible. Sen seguimento nin avaliación anual, as leis quedan en papel mollado. Tamén é preciso modificar o Real decreto que regula os CIM, reforzando estes centros a nivel profesional e ampliando a rede en todo o territorio galego.

En relación coa loita contra a violencia de xénero increméntase a partida en 1,2 millóns de euros, pero isto débese ao aumento dos fondos do Pacto de Estado, non ao esforzo propio da Xunta. Galicia segue a aportar menos da metade do

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133230

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

que pon o Estado. Ademais, a partida destinada a casas de acollemento redúcese a 149.000 €, unha cantidade insuficiente para manter estes centros. É necesario ampliar a rede, crear un centro específico para mulleres con trastornos aditivos que sofren violencia e abrir unha casa de acollemento en Pontevedra.

Tamén é fundamental aprobar antes de que remate 2025 o II Plan de Loita contra a Trata, consensuado coa Rede Galega contra a Trata e dotado con 1,5 millóns de euros para poder desenvolverse con garantías. Hai que mellorar a coordinación entre xulgados, concellos, forzas de seguridade e servizos sociais, para garantir unha resposta integral que poña no centro ás mulleres e non a burocracia.

É imprescindible implantar a educación afectivo-sexual na ensinanza regrada para ofrecer ferramentas reais contra a falta de información. E cómpre que a formación obrigatoria en igualdade e atención ás vítimas se estenda a sanitarios, policía, funcionarios da xustiza e traballadoras sociais. Non se pode ofrecer unha atención digna se quen atende non ten ferramentas nin conciencia de xénero.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133231

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:36



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

CSV: REXPG-14IR1Vpz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:05
Nº Rexistro: 38396
Data envío: 07/11/2025 16:36:05.162

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:36:05

CSV: REXPG-14IR1Vpz-2
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:32
Nº Rexistro: 38397
Data envío: 07/11/2025 16:36:32.796

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 09. Consellería de Economía e Industria** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 09. Consellería de Economía e Industria

O Proxecto de orzamentos xerais para 2026 confirma a falta dunha estratexia industrial e económica sólida por parte do Goberno galego. A industria galega perde peso —un 6,6 % menos segundo o INE— e Galicia afástase do obxectivo europeo do 20 % do PIB industrial. A resposta da Xunta fronte aos retos internacionais e ás políticas arancelarias foi tardía e insuficiente: non houbo planificación, diálogo nin anticipación. As medidas adoptadas polo Igape limitáronse a reformular programas existentes, sen impacto real no tecido produtivo.

Galicia dispón de talento, tradición e recursos naturais, mais carece de liderado político. O resultado é un modelo esgotado que non impulsa nin a innovación nin o emprego industrial de calidade.

O orzamento da Consellería de Economía e Industria descende un 4,70 % respecto a 2025, o que supón 17,4 millóns de euros menos, e reduce o seu peso no conxunto dos orzamentos do 2,35 % ao 2,15 %. As entidades instrumentais sofren tamén recortes significativos: Xestur Galicia baixa un 13,96 %; o orzamento do Inega descende un 25,96 %; e o monto total do financiamento do Igape sofre un incremento nominal do 0,8 %, pero perda relativa de peso.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133234

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:32
Nº Rexistro: 38397
Data envío: 07/11/2025 16:36:32.796

Por programas, o orzamento de I+D+i (561A) baixa un 10,39 %, o de eficiencia enerxética e renovables (733A) cae un 28,44 % e industria, minería e enerxía faíno un 18,27 %, polo que son uns orzamentos regresivos, sen prioridade produtiva nin impulso público á transformación industrial.

A política de solo empresarial está paralizada. Xestur reduciu á metade as vendas de solo industrial en 2024 e precisa transferencias públicas superiores a 32 millóns de euros para se manter. Os Proxectos Industriais Estratéxicos (PIES) seguen sen execución efectiva, malia o apoio do Goberno de España a máis de 170 proxectos en Galicia por 636 millóns de euros. A disolución de Impulsa Galicia sen resultados e a creación de novas sociedades mixtas, como Recursos de Galicia, reflicten a improvisación e a ausencia de control público real.

A política enerxética galega acumula 92 parques eólicos suspendidos polo TSXG e segue regulada por un Plan eólico de 1997. As 14 modificacións lexislativas introducidas pola Xunta xeraron inseguridade xurídica e rexeitamento social.

No ámbito mineiro, o orzamento descende un 18 %, o Catastro Mineiro permanece sen actualizar e anúnciase a externalización da inspección, privatizando funcións de control público. O Inega, que perde un 25,96 % do seu orzamento, é un símbolo da oportunidade perdida para liderar a transición enerxética galega.

O proxecto orzamentario de 2026 consolida un modelo económico esgotado: menos recursos públicos e menos investimento, parálise dos proxectos estratéxicos e das sociedades instrumentais, desorde normativa no eólico e na minería, falta de ambición na innovación e nas renovables. Galicia precisa

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133235

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:32
Nº Rexistro: 38397
Data envío: 07/11/2025 16:36:32.796

planificación, estabilidade e visión industrial, non máis propaganda nin improvisación.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

CSV: REXPG-412Z9y9Tm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133236

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:46



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:32
Nº Rexistro: 38397
Data envío: 07/11/2025 16:36:32.796

CSV: REXPG-4i2Z9y9Tm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:36:33



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:36:32
Nº Rexistro: 38397
Data envío: 07/11/2025 16:36:32.796

CSV: REXPG-4i2Z9y9Tm-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:01
Nº Rexistro: 38398
Data envío: 07/11/2025 16:37:01.481

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 10, Consellería de Facenda e Administración Pública** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 10. Consellería de Facenda e Administración Pública

A Consellería de Facenda e Administración Pública é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións que en materia de facenda e de función pública que se establecen no Estatuto de autonomía, así como a coordinación en materia de contratación pública e as competencias en materia de simplificación administrativa e de xogo, de conformidade coa lexislación vixente, e en materia de estatística e de formación, sempre que non correspondan a outra consellería.

Así mesmo, corresponderanlle as competencias relativas á definición, desenvolvemento e execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia no ámbito das tecnoloxías da información e comunicacións e a súa aplicación para a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Se nos centramos exclusivamente nos orzamentos da Consellería de Facenda e Administración Pública, desta sección, estamos ante un orzamento que non é precisamente o maior de todas as consellerías, dado que o seu peso representa só o 1,39 % do total e 227.561 miles de €. Pero para o ano 2026, baixa nun 11,11 % con respecto ao orzamento do ano 2025 e ademais perde peso relativo no total nun 0,23 %.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133239

28071 Madrid

CSV: REXPG-0EjcfZ3zD-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:01
Nº Rexistro: 38398
Data envío: 07/11/2025 16:37:01.481

E costa entender que se poida avanzar en tecnoloxías de información e comunicación, a aplicación na innovación e o desenvolvemento tecnolóxico con baixada do orzamento.

Cómpre profundizar un pouco na Dirección Xeral de Orzamentos e financiamento autonómico e nun dos obxectivos que é realizar seguimento e análise do sistema financeiro autonómico, e para reforzar a coordinación co Estado no marco do Consello de Política Fiscal e Financeira. Obxectivos que en absoluto cumpren.

Outro dos obxectivos é a coordinación e execución do proceso orzamentario. E non cumpre a súa finalidade se non se executa correctamente. É dicir que non cumpren con unha responsabilidade política.

Con todo, as cifras ofrecidas pola intervención xeral para o ano 2023, (exercicio pechado) sinalan que a Xunta de Galicia deixou sen executar do orzamento desa anualidade en 1.138 millóns de euros, dos cales 1.126 eran gastos non financeiros. E para nada valen os orzamentos se non se executan.

Outro dos obxectivos é xestionar eficazmente o fondo de cooperación local, asegurando a súa asignación eficiente, o seguimento da execución e a valoración dos seus resultados.

E neste orzamento os concellos, non ven resolto o seu financiamento local porque levan anos asfixiados, exercendo competencias impropias e non financiándoos. E si estes orzamentos non dan resposta aos concellos, como tampouco a dan a unha parte moi importante da cidadanía.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133240

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:01
Nº Rexistro: 38398
Data envío: 07/11/2025 16:37:01.481

E se nos detemos no obxectivo de análise económica-financeiro e avaliación fiscal. Hai que pór de manifesto o que di a AIREF, que Galicia incumpriu en 2024 a regra de gasto e dado o impacto negativo das medidas permanentes de rebaixa fiscal e o incremento do gasto, acentúase o risco de incumprimento da regra de gasto en 2026 e anos seguintes.

Porque estes orzamentos seguen mantendo a aposta polas rebaixas fiscais a quen menos o necesita, no canto de dedicalo a cubrir as necesidades da cidadanía, moitas veces de servizos básicos.

Aumentan os beneficios fiscais ignorando a realidade económica das familias e ignorando calquera criterio de xustiza social, e sen dar resposta ao que os galegos e galegas precisan.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

CSV: REXPG-0EjcfZ3zD-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133241

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:29:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:01
Nº Rexistro: 38398
Data envío: 07/11/2025 16:37:01.481

CSV: REXPG-0EjcFz3zD-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:37:02



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:01
Nº Rexistro: 38398
Data envío: 07/11/2025 16:37:01.481

CSV: REXPG-0EjcFz3zD-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 11. Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 11. Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas

O proxecto de orzamentos presentado pola Xunta de Galicia para o exercicio 2026 evidencia, unha vez máis, que o Goberno do señor Rueda non ten un proxecto de país nin unha visión de futuro. As contas que se presentan son regresivas, continuístas e alleas ás necesidades reais da cidadanía galega.

A Consellería de Vivenda e Infraestruturas é unha das mostras máis claras desa falta de ambición e de compromiso social. A vivenda é hoxe un dos principais problemas de Galicia, especialmente para a xente moza e para as familias con rendas medias e baixas. A vivenda é un dereito, non un luxo nin un privilexio, e debe ser tratada como o quinto piar do Estado do Benestar.

Porén, o Goberno galego insiste en ignorar esa realidade e presentar orzamentos sen alma social nin capacidade executiva. O que medra cada ano non son as vivendas nin as solucións, senón os anuncios e as cifras de propaganda. Mentres tanto, hai 22.000 galegos e galegas rexistrados como demandantes dunha vivenda protexida, e máis de 12.200 mozos e mozas quedaron sen poder acceder ao bono alugueiro.

A realidade é contundente: na primeira metade de 2025, a Xunta deixou sen executar o 95 % dos fondos do programa de acceso á vivenda, e no ano

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133244

28071 Madrid

CSV: REXPG-VzzF0Z76a-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

anterior, 2024, máis do 70 % das partidas orzadas quedaron sen investir. É dicir, a práctica totalidade dos recursos públicos destinados a garantir o dereito á vivenda permaneceron bloqueados nos despachos. De pouco serve aprobar orzamentos en tempo e forma se despois non se executan.

A Consellería pretende substituír a falta de política pública por titulares. O último exemplo é a proposta de construír pisos de 26 metros cadrados, unha medida que degrada o dereito á habitabilidade e mete á mocidade en “cuchitrís”. Non hai unha planificación seria nin un proxecto global de vivenda pública. Non hai solo dispoñible, nin rehabilitación con fin social, nin colaboración real cos concellos.

A Xunta leva 17 anos sen impulsar unha política pública de vivenda digna dese nome. As cifras son tan elocuentes como devastadoras: nos trece anos de goberno do PP de Rueda e Feijóo 6.313 vivendas, fronte ás 7.241 vivendas de públicas que puxo en marcha o Goberno presidido polo socialista Pérez Touriño en só tres anos e medio. Esa é a diferenza entre un goberno que cre na vivenda como dereito e un goberno que a trata como mercadoría.

A Xunta, ademais, torpedea deliberadamente a Lei estatal de vivenda, impedindo que se declaren zonas tensionadas, trasladando aos concellos a carga técnica e administrativa que lle corresponde á Administración autonómica e sen achegar recursos para aplicar a norma. O resultado é a parálise dun instrumento esencial para conter os prezos do alugueiro e garantir o acceso á vivenda nas áreas máis tensionadas do país.

No ámbito das infraestruturas, a situación non é mellor. Galicia leva anos acumulando atrasos, proxectos eternamente prometidos e obras que nunca se executan. Os orzamentos de 2026 repiten a fórmula de sempre: moita publicidade e pouca realidade. As partidas de investimento real non

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133245

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

compensan a perda acumulada nin responden ao atraso estrutural que sofren as diferentes comarcas.

Mentres o Goberno de España bonifica as peaxes das autoestradas estatais, a Xunta négase a facer, cando menos, a mesma bonificación nas AG-55 (A Coruña–Carballo) e AG-57 (Puxeiros–Val Miñor). O chamado “modelo PP” consiste en presumir de titularidade e facer pagar aos galegos e galegas nas estradas da súa competencia.

A isto engádese unha caída de investimento público real: o conxunto das contas autonómicas medra un 2,1%, mentres o IPC previsto supera ese aumento. É dicir, os orzamentos decrecen en termos reais, reducindo a capacidade de gasto público e recortando dereitos mentres se manteñen rebaixas fiscais para as rendas máis altas e se rexeita a condonación da débeda que permitiría liberar 620 millóns de euros para servizos públicos.

O resultado é un modelo que non redistribúe riqueza nin garante igualdade de oportunidades, e que deixa atrás á maioría social: as persoas que buscan unha vivenda, que esperan un transporte público digno ou que viven nun territorio esquecido.

Galicia precisa outro rumbo. Un proxecto que recupere o investimento perdido, que impulse un Banco Público de Vivenda e Alugueiro, que reactive o solo público dispoñible, que aposte pola rehabilitación social e enerxética dos barrios e aldeas, que facilite a emancipación da mocidade e que faga da vivenda un dereito efectivo. Precisa tamén un plan de infraestruturas que vertebre o territorio, mellore a mobilidade, bonifique as peaxes e poña fin á discriminación entre territorios.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133246

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

Nada diso figura nestes orzamentos. Son contas pensadas para resistir politicamente, non para transformar o país. Uns orzamentos que consolidan a parálise, agravan a desigualdade e renuncian a facer da vivenda un pilar esencial do benestar e da cohesión social.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Socialista de Galicia solicita a devolución da Sección 09, relativa á Consellería de Vivenda e Infraestruturas, ao Goberno galego, coa finalidade de elaborar un novo proxecto que dea resposta ás necesidades reais da cidadanía, garanta o dereito á vivenda e impulse un modelo de infraestruturas ao servizo da igualdade e da cohesión territorial.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133247

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:29:18



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

CSV: REXPG-VzzF0Z76a-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:25
Nº Rexistro: 38399
Data envío: 07/11/2025 16:37:25.221

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:37:25

CSV: REXPG-VzzF0Z76a-4
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:51
Nº Rexistro: 38400
Data envío: 07/11/2025 16:37:51.934

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 12. Consellería de Sanidade**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 12. Consellería de sanidade

Os orzamentos da Consellería de Sanidade para 2026 ascenden a 5.671 millóns de euros, o que supón un incremento de 213,5 millóns, equivalente a un 3,9% máis que no exercicio anterior. Porén, esta contía non dá resposta ás mínimas necesidades do sistema sanitario galego, nin en termos cuantitativos nin cualitativos, aínda que neste caso ambos conceptos van intimamente unidos.

O primeiro que cómpre asumir é que a sanidade é o gran pilar do Estado do Benestar. O segundo é que non resulta nada excepcional que o orzamento de Sanidade sexa o maior de todas as Consellerías, do mesmo xeito que acontece noutras comunidades autónomas. Se falamos de volume, o Sergas é o principal receptor de recursos da Consellería, e segundo os informes do Consello de Contas, no ano 2024 produciuse unha infraestimación das previsións de gasto en persoal e farmacia, igual que acontecera en 2023. Só tendo en conta estes dous exercicios, sería necesario inxectar uns 600 millóns de euros adicionais ao orzamento ordinario, unha cifra moi superior aos incrementos anunciados. Así pois, este orzamento nace con déficit, incluso sen incorporar o impacto do IPC nin das actualizacións salariais.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133250

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:51
Nº Rexistro: 38400
Data envío: 07/11/2025 16:37:51.934

En definitiva, estes orzamentos non cobren nin sequer as necesidades do ano 2024. Con eles, resulta imposible dar resposta adecuada á atención primaria, polo que seguiremos sen ser atendidos en tempo prudencial. Tamén continuaremos padecendo listas de espera desmesuradas en atención hospitalaria, un problema que se recolle na partida 412A e que constitúe, xunto coa vivenda, unha das maiores preocupacións da cidadanía galega.

Ademais, o Goberno galego continúa sendo un dos que menos inviste en sanidade por habitante, situándose só por diante de Andalucía, Madrid, Castela-A Mancha e Baleares, segundo a AIReF. A Intervención Xeral da Administración do Estado tamén o confirma: a atención primaria galega é das peor financiadas de todo o Estado, á par coa madrileña.

Estes orzamentos non superan o exame mínimo necesario para rescatar o noso sistema sanitario e, polo tanto, tampouco permiten resolver os problemas de saúde que afectan á poboación galega. A propia Consellería de Sanidade marca uns obxectivos aos que é imposible dar cobertura real, polo que a capacidade destas contas para afrontar a realidade do sistema sanitario presenta eivas notorias e estruturais. Aínda que o incremento porcentual en sanidade supera a media do orzamento global da Xunta, segue sendo absolutamente insuficiente para cubrir as necesidades actuais, sen pór en marcha ningún obxectivo novo nin introducir cambios transformadores na estrutura do sistema sanitario galego.

Eses cambios son precisamente os que demandan os profesionais da medicina, tanto na atención primaria como na hospitalaria, e esas demandas coinciden coas dos usuarios do sistema sanitario galego. Se analizamos as infraestruturas, observamos que moitos proxectos se repiten ano tras ano, o que evidencia o incumprimento reiterado dos orzamentos anteriores e, por tanto, das promesas feitas aos territorios máis necesitados.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133251

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:51
Nº Rexistro: 38400
Data envío: 07/11/2025 16:37:51.934

En resumo, esta emenda á totalidade dos orzamentos da Consellería de Sanidade está plenamente xustificada porque reflicte un modelo de política sanitaria esgotado, que perpetúa a infradotación, o deterioro da atención primaria e hospitalaria e o esquecemento do persoal sanitario. Estes orzamentos non dan resposta ás necesidades urxentes do sistema público de saúde galego, nin garanten unha atención accesible, próxima e digna para toda a cidadanía.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133252

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:29:31



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:51
Nº Rexistro: 38400
Data envío: 07/11/2025 16:37:51.934

CSV: REXPG-gIS2Y03xx-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:37:52



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:37:51
Nº Rexistro: 38400
Data envío: 07/11/2025 16:37:51.934

CSV: REXPG-gIS2Y03xx-9
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 13. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 13. Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

Os orzamentos da Xunta de Galicia para 2026 en materia de Cultura, Lingua e Xuventude ascenden a arredor de 150 millóns de euros, mantendo unha tendencia de estancamento e desequilibrio estrutural que xa se viña observando nos exercicios anteriores. Mentres medra o gasto en estruturas administrativas e en entidades instrumentais dependentes da Xunta, como a Fundación Cidade da Cultura e a Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC), continúan infrafinanciadas as áreas de patrimonio, bibliotecas, museos, arquivos e programas de dinamización lingüística.

A análise revela unha aposta por un modelo de xestión cultural centralizado, con escaso apoio á creación de base e ás iniciativas locais, o que consolida a desigualdade territorial e a dependencia de proxectos estrela sen retorno social nin cultural contrastable. Apenas 2.265.582 euros para as corporacións locais.

En canto ás cifras xerais e comparativa 2025/2026, a Secretaría Xeral Técnica pasa de 13,9 millóns € en 2025 a 14,7 millóns € en 2026 (+5,8 %); a Secretaría Xeral da Lingua de 12,6 a 13,0 (+3,2 %); a Dirección Xeral de Cultura de 69,2 a 73,1 (+5,6 %); a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 22,0 a 22,2 (+0,9 %); a Dirección Xeral de Xuventude de 7,1 a 7,8 (+9,8 %) e o total Cultura, Lingua e Xuventude de 124,8 a 130,8 (+4,8 %). Aínda que a cifra global amosa un

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133255

28071 Madrid





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

lixeiro incremento nominal, en termos reais o crecemento é mínimo e non traduce un maior compromiso coa cultura galega.

As partidas máis dinámicas son as destinadas a fundacións e axencias públicas, non a programas de creación ou acceso cidadán á cultura. Un exemplo é que para a Fundación Camilo José Cela hai unha dotación de 349.000 euros, mentres que para o total de entidades fundacionais de senlleiros galeguistas e artistas galegos destínanse 419.704 euros para actividades.

No detalle dos capítulos, no Capítulo 1 (Persoal) destínanse 5,9 millóns €, consolidando unha estrutura burocrática crecente sen reforzo dos cadros técnicos en bibliotecas, museos ou centros patrimoniais. No Capítulo 4 (Transferencias correntes) invístense máis de 21 millóns €, concentrándose en entidades dependentes da Xunta como a Cidade da Cultura, AGADIC e Fundación Camilo José Cela. No Capítulo 6 (Investimentos reais) apenas hai 2,2 millóns € para infraestruturas e bens culturais, só unha pequena parte destinada a conservación patrimonial ou mellora de equipamentos municipais.

E no Capítulo 7 (Transferencias de capital) destínanse 18,7 millóns €, maioritariamente para proxectos de gran formato sen correlato territorial. É relevante o incremento en transferencias á AGADIC e á Fundación Cidade da Cultura (máis de 12,1 millóns € conxuntamente), a redución en investimentos reais en patrimonio histórico fronte a 2025, a escasa dotación para bibliotecas e museos e o feito de que a promoción da lingua galega mantén cifras semellantes ao exercicio anterior sen impulso á normalización efectiva.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude continúa instalada nunha lóxica de escaparate. A Cidade da Cultura segue a ser o gran sumidoiro orzamentario, con máis de 12 millóns de euros entre transferencias e investimentos, mentres moitos concellos carecen de financiamento para manter abertas as súas

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133256

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

bibliotecas. O Goberno galego fala de modernización, pero os números delatan unha política cultural de marketing, máis preocupada por proxectos emblemáticos que por fortalecer o tecido cultural real. A distribución territorial das axudas segue a ser opaca, concentrándose nas áreas urbanas e marxinando a Galicia interior. Así se constata no programa 432B (Fomento das actividades culturais), que baixa un 2,87%, pasando de 46.102.994 a 44.778.158 euros.

No ámbito do patrimonio cultural, os investimentos apenas medran un 1 %, malia o deterioro evidente de moitos bens catalogados. Os convenios coa Igrexa para restauración de bens relixiosos (2 millóns €) seguen absorbendo unha parte desproporcionada dos fondos, mentres o patrimonio civil e industrial continúa abandonado. En Protección e Promoción do Patrimonio histórico, artístico e cultural, a partida pasa de 22.347.764 € en 2024 a 22.159.824 € en 2025 e 22.194.912 € en 2026, é dicir, un ridículo 0,1,5 % de incremento pero igualmente inferior ao ano 2024.

En lingua galega, o orzamento mantén un reparto que prioriza campañas simbólicas (3 millóns €) sobre programas estruturais. Os proxectos educativos apenas superan o 10 % do total, confirmando que a política lingüística do PP é máis decorativa ca transformadora. Normalización lingüística pasa de 11.964.171 € en 2025 a 13.008.030 € en 2026 (+8,72%), pero lonxe dos máis de 17 millóns € de 2010. A promoción da lingua galega segue dependendo de programas publicitarios e convenios sen impacto medible.

O gasto cultural da Xunta apenas representa o 0,6 % do orzamento total, inferior á media estatal (0,9 %) e moi afastado de Euskadi ou Cataluña (>1,2 %). Galicia continúa á cola en investimento cultural per cápita. A falta de planificación estratéxica provoca repetición de actuacións ano tras ano sen avaliación nin continuidade. A inexistencia dun Plan Galego de Cultura tradúcese nunha política reactiva e electoralista. O apoio ás industrias culturais

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133257

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18.768

segue monopolizado por AGADIC, cun enfoque empresarial orientado á produción audiovisual, invisibilizando teatro, danza, música tradicional ou novas artes.

O orzamento de Cultura 2026 é, en esencia, unha repetición maquillada do de 2025. O PP pretende vender unha Galicia culturalmente viva mentres consolida un modelo espectáculo, centralista e dependente de grandes contedores baleiros. As cifras falan: por cada euro investido en dinamización local, a Xunta destina tres á Cidade da Cultura. Non hai perspectiva de xénero, nin apoio á mocidade creadora, nin aposta real pola cultura como servizo público, senón como escaparate institucional.

Desde o PSdeG deféndese elaborar un Plan Estratéxico Galego de Cultura 2026–2030 con participación do sector e dos concellos, incrementar o investimento cultural ata o 1 % do orzamento autonómico, reorientar fondos da Cidade da Cultura cara a proxectos descentralizados, duplicar o investimento en lingua galega, garantir un plan de conservación preventiva do patrimonio, recuperar as axudas á creación artística individual, aumentar as transferencias a concellos e dotar á AGADIC de mecanismos de avaliación e transparencia. Estes orzamentos son unha oportunidade perdida para facer da cultura un motor de cohesión e identidade. Galicia merece unha política cultural viva, plural e aberta; o PP ofrece un decorado caro e baleiro.

En canto aos orzamentos do Consello da Cultura Galega, desde o PSdeG quérese poñer de manifesto que é un orgullo que o Consello da Cultura Galega sexa un centro recoñecido en toda España, cun convenio co Instituto Cervantes e o labor dun órgano rigoroso, analítico e curador cultural. É un órgano estatutario, creado en 1983 ao amparo do artigo 32 do Estatuto de Autonomía de Galicia (1980). Os que estiveron a cargo do Estatuto hai máis de 40 anos explicitaron claramente a prioridade política deste órgano.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133258

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

Esta reflexión é acaída porque o Consello leva anos estancado na súa estrutura, sen poder afrontar novas liñas necesarias de investigación. No capítulo 1 e no capítulo 2 dos orzamentos para o vindeiro ano concéntrase a escaseza orzamentaria que obriga a traballar desde o voluntariado, con profesionais de excelencia que suplen a falta de recursos humanos. As catro liñas de traballo —arquivo sonoro, arquivo da emigración, centro de igualdade e feminismo e centro de sociolingüística galego— funcionan con apenas 6 persoas (1 no sonoro, 2 na emigración, 1 en igualdade, 2 en sociolingüística e 1 en publicacións).

Desde o Consello tense insistido na creación dun Centro da Emigración Galega, non para facer un edificio espectacular, senón para archivar e analizar a documentación da diáspora galega e propoñer proxectos de divulgación e análise. É unha petición que o PSdeG trae novamente aquí, para unir un sentir común. O voluntarismo é un valor do Consello, pero tamén unha limitación estrutural: os expertos colaboran de xeito desinteresado, mais poden deixar de facelo en calquera momento. Ademais, o Consello debería contar con material de divulgación contemporáneo, audiovisuais e gravacións, e abrir liñas nacionais e internacionais de comunicación, pois é o máximo órgano profesional da cultura galega.

O orzamento para 2026 é de 3,3 millóns de euros, practicamente o mesmo do ano anterior, absolutamente insuficiente para os retos que debe asumir: efemérides, lingua galega, intelixencia artificial na creación cultural, estudos entre turismo e cultura, patrimonio inmaterial e acción exterior. Se o Consello mantivo a súa excelencia durante 15 anos, foi pola implicación da súa escasa equipa e de profesionais altruístas.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133259

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

Isto debería bastar para planificar un incremento sostible da RPT da institución e contar coa dotación orzamentaria pertinente. Levan 16 anos soportando orzamentos continuistas, pedindo un incremento orzamentario xusto para cumprir co seu cometido estatutario e facelo co rigor de sempre.

A cultura sofre un déficit estrutural de apreciación social: parece que non é necesario pagala, que xorde por arte de maxia e que quen produce non precisa cobrar polo seu traballo. Este é un mal endémico do sector.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133260

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:29:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

CSV: REXPG-wgB7Vd8R-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:38:19



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:18
Nº Rexistro: 38401
Data envío: 07/11/2025 16:38:18,768

CSV: REXPG-wgB7Vd8R-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 14. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 14. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

O Grupo Parlamentario Socialista presenta esta emenda á totalidade por entender que o proxecto de orzamentos da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para 2026 non responde ás necesidades reais da sociedade galega, non dá solución aos problemas estruturais do noso mercado laboral e perpetúa un modelo de propaganda sen política efectiva.

O Goberno da Xunta, presidido polo señor Rueda, anuncia uns orzamentos “históricos”, pero tras os titulares agocha a falta de planificación, de execución e de visión estratéxica. Son uns orzamentos continuistas, sen ambición e sen innovación, que repiten erros e deixan fóra ás persoas, aos sectores produtivos e aos territorios que máis apoio precisan.

Galicia continúa a ser un dos territorios do Estado con menor taxa de actividade. Segundo a última Enquisa de Poboación Activa, este indicador sitúase no 53,3 %, fronte ao 59 % da media estatal. É un mercado laboral de baixo dinamismo, afectado pola precariedade, a temporalidade e a perda de emprego en sectores estratéxicos. Non é consecuencia da falta de recursos, senón da incapacidade de xestión da Xunta, que ano tras ano deixa sen executar máis dun terzo dos fondos destinados a políticas activas de emprego e formación.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:30
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133263

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

Segundo os datos oficiais de execución orzamentaria, entre 2009 e 2024 o Goberno galego deixou sen gastar 2.400 millóns de euros dos 6.826 consignados a políticas de emprego, o 34,9 % do total. Nos dous últimos exercicios, o 37,4 % dos fondos, máis de 400 millóns de euros, quedaron nos caixóns. Un de cada tres euros destinados a emprego non chega nunca ás persoas nin ás empresas galegas. É un dato demoledor que confirma o que vimos denunciando: o problema non é de falta de orzamento, é de falta de xestión.

O orzamento de 2026, lonxe de corrixir esta situación, afonda nela. A partida global para políticas de emprego apenas medra nun 5,4 % respecto a 2009, último orzamento aprobado polo goberno bipartito, malia que a inflación acumulada supera o 33 %. En termos reais, a Xunta inviste hoxe moito menos ca hai dezaseis anos. Non existe unha estratexia definida nin unha visión moderna que acompañe as tres grandes transicións que xa están a transformar o emprego: a dixital, a demográfica e a ecolóxica.

O peso do emprego dentro do conxunto dos orzamentos da Xunta cae. O programa de promoción do emprego baixa case 2 millóns. En formación profesional para desempregados redúcese un 2,16 %, tres millóns menos. En seguridade laboral, o incremento é de só 0,27 %. A economía social cae un 0,31 %.

Non hai aposta polo tecido produtivo nin polo traballo digno. Hai maquillaxe contable e propaganda institucional. Non hai políticas de acompañamento para os parados de longa duración, nin unha estratexia de emprego xuvenil, nin medidas eficaces para conciliar vida laboral e familiar.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

133264

28071 Madrid

@PSdeG



CSV: REXPG-MeFYZa5qp-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

Tampouco se reforzan as políticas de recualificación nin os programas para acompañar a reconversión de sectores industriais e produtivos que sofren escaseza de persoal cualificado.

A situación da mocidade é especialmente grave. O 73 % dos mozos e mozas galegos viven cos seus pais e o 25 % traballa a tempo parcial, moitas veces de forma involuntaria. A fenda salarial e a temporalidade seguen expulsando talento e obrigando á emigración de milleiros de galegos e galegas que non atopan oportunidades no seu país. A Xunta non ten nin plan de emprego xuvenil, nin políticas efectivas de retención do talento.

No caso das mulleres, a desigualdade estrutural mantense: taxa de actividade oito puntos inferior á dos homes, fenda salarial do 17,7 % e contratos a tempo parcial que recaen no 75 % en mans femininas. O orzamento carece de perspectiva de xénero real e non dignifica o sector dos coidados nin impulsa a corresponsabilidade efectiva.

A política da Xunta en materia de autónomos tampouco responde á realidade. Desde 2010 Galicia perdeu 18.500 negocios autónomos, e as medidas previstas non corrixen nin a falta de liquidez nin a carga burocrática que afoga a quen quere emprender. As axudas seguen sendo residuais e moitas veces chegan tarde ou mal.

No relativo á emigración, a Consellería mantén un modelo puramente propagandístico. O chamado Plan Galicia Retorna presenta cifras infladas, sen avaliación nin seguimento real, e as axudas son insuficientes fronte ao custo de regresar e iniciar un proxecto de vida en Galicia. Non existe un verdadeiro plan de acompañamento nin coordinación coa rede exterior de comunidades galegas, e a Secretaría Xeral de Emigración converteuse nun escaparate político, sen contido nin ambición. Moita propaganda, pouca realidade: os plans de retorno do PP inflan as cifras e contabilizan como éxito movementos

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133265

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

naturais da emigración. Non hai acompañamento, nin atención ás segundas xeracións, nin programas de integración cultural e lingüística. O retorno é utilizado como bandeira propagandística, pero non resolve a sangría demográfica nin ofrece oportunidades reais.

Todo isto complementábase cunha política de formación opaca, con fondos distribuídos sen transparencia nin concorrência competitiva, e cunha recente privatización dos obradoiros de emprego que supón unha nova limitación á autonomía municipal e unha desconfianza manifesta cara ás entidades locais. A Xunta recorta capacidade aos concellos, reduce o seu papel e bloquea a posibilidade de deseñar proxectos adaptados ás necesidades reais de cada territorio.

No ámbito da seguridade laboral, a situación é preocupante: Galicia rexistrou máis de 30.000 accidentes laborais en 2024, 64 deles mortais, e a partida orzamentaria apenas se move. Non hai plan de choque nin reforzo do ISSGA. Cada morte laboral é un fracaso do sistema, e a Xunta segue a mirar para outro lado.

En definitiva, estes orzamentos reflicten un modelo de xestión esgotado, que prioriza o titular sobre a acción, a publicidade sobre a execución e o control político sobre a colaboración institucional. Un modelo que non aposta pola mocidade, nin pola igualdade, nin pola calidade do emprego, nin pola seguridade laboral, nin pola modernización do tecido produtivo galego.

Galicia merece máis. Precisa uns orzamentos que poñan as persoas no centro, que impulsen a formación e a innovación, que apoiem ás empresas e aos autónomos, que garantan a igualdade efectiva e que transformen a realidade laboral con medidas útiles e avaliábeis. Este proxecto non o fai. Por iso o Grupo Parlamentario Socialista solicita a súa devolución ao Goberno galego por carecer de planificación, eficacia e orientación social, e por non responder

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal 📞 981.55.15.30

133266

28071 Madrid

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

ás necesidades reais de creación de emprego e desenvolvemento económico da sociedade galega.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

CSV: REXPG-MefYZa5qp-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal  **981.55.15.30**

28071 Madrid

133267

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:30:07



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

CSV: REXPG-MefYZa5qp-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:38:54
Nº Rexistro: 38402
Data envío: 07/11/2025 16:38:54.527

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:38:55

CSV: REXPG-MefYZa5qp-5
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:28
Nº Rexistro: 38403
Data envío: 07/11/2025 16:39:28.331

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 15, Consellería do Medio Rural**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 15. Consellería do Medio Rural

Na memoria dos orzamento sinalase como liñas principais de investimento e apoio das actuacións dirixidas a mellorar a situación económica dos sectores produtivos agrogandeiros e forestais, mellorar a comercialización e abrir novas vías de promoción dos produtos agroalimentarios galegos de calidade diferenciada, fortalecer a sustentabilidade e competitividade do sector lácteo, cárnico e vitivinícola, diversificar e apuntalar a potencialidade produtiva do monte e recuperar as terras abandonadas e axilizar os procesos de mobilización, previr os incendios forestais e avanzar nos servizos prestados no rural; son os eixes fundamentais nos que se centra a aposta dos orzamentos, tendo sempre como acompañamento a achega de ferramentas normativas e o desenvolvemento das mesmas.

Na memoria dos orzamentos para o 2026 no que atinxe a medio rural se recolle literalmente que: “para lograr estes obxectivos e desenvolver estas liñas, o orzamento da Consellería do Medio Rural, incluíndo o organismo autónomo e axencias adscritas e ela, medra no ano 2026 preto dun 0,60 % con respecto aos orzamentos do ano 2025”. A conselleira na súa comparecencia dixo que o orzamento se incrementa para este ano 2026 nun 0,90%. Esta contradición non foi aclarada pola conselleira maila que así se lle pediu por parte do Grupo Parlamentario Socialista.

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:28
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133270

28071 Madrid

CSV: REXPG-3SUETCWSs-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:28
Nº Rexistro: 38403
Data envío: 07/11/2025 16:39:28.331

A realidade é que, independentemente do dato real, o orzamento para o noso rural nestes orzamentos non alcanza nin o 1 % de crecemento, nin tan sequera o 2 % como o fai o orzamento da Xunta, que non chega nin ao incremento do IPC. Os orzamentos dedicados a medio rural perden peso no conxunto do orzamento da xunta para o vindeiro ano 2026.

Ao respecto do medio rural o que fai a Xunta de Galicia é un baile de cifras nun periplo entre partidas, quitan dun lado para meter noutro. Trátase máis dun *sudoku* no que os números cadren que establecer un instrumento útil que dea respostas a necesidades reais. A partida 55- Actuacións e valoración do medio rural vese lixeiramente incrementada pero o fai a costa da 71- Dinamización económica do medio rural. O que pon de manifesto que non se trata de elaborar esa folla de ruta que mellore o noso medio rural senón de cadrar as contas para non se exceder dese pírrico aumento que lle deron ao rural galego.

En canto á partida 55 a 551-A infraestruturas e equipamentos no medio rural, sube logo de ter baixado no orzamento do 2025 un 18,27 % polo que había que compensar o que lle tiñan restado no ano 2025 logo de ter sufrido a peor vaga de lumes das últimas décadas, pero tamén é certo que en programas como o plan camiña rural, que van a todos os concellos e con criterios obxectivos non se ve aumentado, a pesares da importancia para a seguridade da cidadanía e para a prevención de incendios. E a unha proposta do Partido Socialista pedindo que se incrementaran votaron que non.

Na partida 551-B Accións preventivas e infraestrutura forestal hai que recoñecer que si se ve aumentada en máis de 32M€ pero lonxe tamén do que se debería para implementar o Plan contra os lumes con 123 accións de prevención e extinción aprobado en 2018 e, a día de hoxe, seguen sen aplicalo. Se despois do acontecido nos meses estivais en Galicia non sobe sería xa unha negligencia manifesta. Pero esta suba faise a conta do propio rural, xa que o que sube a partida 55 vai en detrimento da 71.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133271

28071 Madrid

@PSdeG



Só se mantén case co mesmo orzamento a partida **712C- Fomento do asociacionismo**, iso si logo de baixar no orzamento do ano 25 nun 37,50 % o que supuxo un recorte de 500.000 € e a suba deste ano e de 172.645 € co cal aínda se esta en débeda co movemento asociativo.

A outra partida que sobe é a do 713D- Mellora da calidade na produción agroalimentaria; iso si, faino nun 0,51 %.

Na partida 711A- Dirección e servizos xerais do medio rural, baixa máis dun millón de euros (1.001.276€); na partida 712A- Fixación de poboación no medio rural fai unha redución en torno a un millón e medio de euros (1.482.074€); na partida 712B- Modernización e diversificación do tecido produtivo rural, sobre unha mingua de 8.331.250 €; na partida 713B- Ordenación das producións forestais redúcese en 859.334 €; na partida 713C- Implantación de sistemas produtivos agrarios sustentables, que case se reduce á metade cunha redución de 6.486.506€; na partida 713E- Benestar animal e sanidade vexetal que se ve diminuída en 13.181.498 €; e na partida 713F-Regulacións das producións agrarias e apoio á renda dos agricultores, faino en case 200.000 €.

No que atinxe ao sector forestal: sen executar o ditame aprobado no 2018 con 123 medidas, a falla de cumprimento dos distintos plans de recursos forestais (PORF) incumprindo así a Lei de montes de Galicia, presentando o Pladiga fóra de prazo. Nós pedimos: Unhas brigadas dun corpo único, profesional e publico. Un plan de pastos e xestión real da biomasa. Un plan extraordinario de recuperación e prevención.

E, pola contra, vemos como aplican reducións fiscais a un 4 % da poboación o que supón unha mingua de 796 M € ou rexeitar a condonación da débeda de 4.010M €, que tendo en conta que para pago da débeda se destinan 1.858 M €, non teriamos que facerlle fronte a 620 M € co que dispoñermos de 1416 M € menos para destinar noutras cousas como Medio Rural.





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:28
Nº Rexistro: 38403
Data envío: 07/11/2025 16:39:28.331

O problema é que estamos ante un fracaso de modelo e de planificación tanto no que atinxe ao modelo forestal, o que contribúe a que tiveramos a peor vaga de incendios das ultimas décadas, como ao modelo agrogandeiro de Galicia.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

CSV: REXPG-3SUETCWSs-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133273

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:28:56



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:28
Nº Rexistro: 38403
Data envío: 07/11/2025 16:39:28.331

CSV: REXPG-3SUETCWSs-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:39:28



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:28
Nº Rexistro: 38403
Data envío: 07/11/2025 16:39:28.331

CSV: REXPG-3SUETCWSs-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

Á MESA DA COMISIÓN 3ª

O **Grupo Parlamentario Socialista de Galicia**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026**, relativa á **Sección 16. Consellería do Mar**, con expresa petición de devolución, en virtude das seguintes consideracións:

Sección 16. Consellería do Mar

Os orzamentos da Consellería do Mar para o ano 2026, lonxe de dar resposta aos retos do sector mariño galego, repiten vellos erros e evidencian unha preocupante falta de ambición política e estratéxica. Estes orzamentos non reflicten un incremento suficiente de fondos nin unha priorización axeitada dos recursos para mellorar a sustentabilidade e a competitividade do sector pesqueiro galego.

O conxunto do sector do mar en Galicia (a pesca, o marisqueo, a acuicultura, a transformación e a comercialización) constitúe unha das principais riquezas do noso país, un motor económico e social esencial que sostén milleiros de empregos e dá vida a centos de vilas costeiras. Porén, o orzamento presentado non está nin de lonxe á altura desa importancia estratéxica.

Este proxecto orzamentario é insuficiente, pouco ambicioso e sen garantías reais de execución. Non abonda con anunciar máis crédito se logo a execución é deficiente. As políticas repítense ano tras ano sen achegar solucións estruturais; o enfoque segue a ser de continuísmo, non de transformación.

A isto súmase unha redución preocupante en partidas clave. Os orzamentos de 2026 recortan fondos destinados ás federacións e colectivos do mar, que pasan

Asinado o día 07/11/2025 ás
16:29
Por José Ramón Gómez Besteiro

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

@PSdeG



✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133276

28071 Madrid





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

de 148.000 a 122.000 euros, afectando especialmente á Federación Galega de Confrarías de Pescadores. Tamén se reduce drasticamente o apoio ás embarcacións patrimoniais, de 48.000 a só 20.000 euros. Non falamos dun capricho, senón de patrimonio mariñeiro, identidade e tracción económica para o produto galego no mercado. ¿De verdade é aquí onde hai que aforrar?

Ademais, a partida destinada á colaboración entre investigadores e pescadores, esencial para mellorar a instrumentación e a capacidade de resposta ante biotoxinas e cambios ambientais, redúcese á metade, de 100.000 a 50.000 euros. O mesmo ocorre co material técnico, que baixa de 20.000 a 15.000 euros, o que implica menos medios e menos seguridade para quen traballa a pé de banco.

Ante esta situación, desde o PSdeG propoñemos un conxunto de medidas concretas para corrixir estas carencias e garantir un futuro sostible e digno para o sector mariño galego.

En primeiro lugar, é necesario restituír de inmediato as baixas nas partidas de equipamento e material técnico, abrindo unha liña específica de microinvestimentos para as confrarías, que permita adquirir sondas, drons lixeiros de apoio, equipos de protección individual, sistemas de comunicación e visores para operativos en baixamar. Esta medida melloraría o número de intervencións efectivas e reduciría as incidencias nos polígonos marisqueiros.

Cómpre tamén poñer en marcha un plan anticierres por biotoxinas con dúas dimensións complementarias: reforzar a colaboración entre o sector e os centros de investigación mediante unha rede de sensores e un seguimento científico estable que permita anticipar os episodios tóxicos; e establecer un protocolo de reapertura áxil e transparente, con prazos máximos de análise e comunicación directa ás confrarías. O obxectivo é claro: pechar menos e abrir antes, con seguridade sanitaria e máis días de traballo para o sector.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

✉ gp-socialista@parlamentodegalicia.gal ☎ 981.55.15.30

133277

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

A maiores, propoñemos a creación dun fondo de estabilización de rendas vinculado a días de peche certificados, un mecanismo automático e transparente que garanta ingresos mínimos ás mariscadoras e mariscadores cando os bancos se pechan por causas sanitarias ou ambientais. Non se trata dun privilexio, senón de xustiza social: se o peche é obrigatorio e alleo ao seu traballo, o sector non pode quedar sen sustento. Este fondo activaríase de maneira inmediata ante cada peche certificado, compensando parte dos ingresos perdidos e evitando o abandono da actividade ou o incremento do furtivismo.

Propoñemos tamén un plan plurianual de rexeneración de bancos marisqueiros, cun horizonte de tres anos, para garantir actuacións continuas, coordinadas e efectivas. Este plan incluíría sementeira e repoboación, limpeza de substratos, control de sedimentos, coordinación coas augas das rías e seguimento científico. O seu obxectivo é aumentar a produtividade, mellorar a calidade ambiental e asegurar un futuro estable para o sector, dando seguridade ás mariscadoras e mariscadores e valor engadido ao produto galego.

Cómpre, ademais, reorientar os recursos de promoción e cultura cara proxectos que realmente aumenten o valor comercial do noso marisco. Propoñemos impulsar iniciativas de etiquetaxe de orixe, trazabilidade dixital, campañas de “produto de ría” e experiencias de turismo mariñeiro nas tempadas baixas, co obxectivo de diferenciar o marisco galego, mellorar o seu prezo e abrir novas canles de venda *premium* que xeren ingresos máis estables e visibilidade internacional.

Finalmente, é imprescindible poñer en marcha un plan galego de especies invasoras mariñas, coordinado con confrarías, centros de investigación e universidades, para combater o avance de especies como o cangrexo azul, o

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal **981.55.15.30**

133278

28071 Madrid

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

caracol asiático ou as algas exóticas, que están a deteriorar os bancos e hábitats costeiros. Este plan debe incluír vixilancia temperá, eliminación selectiva, investigación aplicada e apoio directo ás confrarías. O obxectivo é reducir a presenza destas especies, recuperar superficie marisqueira útil e protexer a economía das rías galegas.

Todo isto require tamén unha nova normativa actualizada e unificada para a pesca profesional e o marisqueo, que simplifique trámites, clarifique competencias entre administracións e inclúa axudas garantidas durante os peches por causas ambientais ou sanitarias. Só así poderemos asegurar a sustentabilidade ecolóxica e económica do sector, reducindo burocracia, mellorando o acceso ás axudas e garantindo estabilidade e futuro para as mariscadoras e mariscadores.

Galicia merece máis: máis visión de futuro, máis investimento produtivo, máis apoio ao emprego mariñeiro e máis respecto polas persoas que viven do mar.

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2025

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal



981.55.15.30

133279

28071 Madrid

@PSdeG



Asinado dixitalmente por:

José Ramón Gómez Besteiro na data 07/11/2025 16:29:43



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

CSV: REXPG-NJ0udWRxg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 16:39:58
Nº Rexistro: 38404
Data envío: 07/11/2025 16:39:58,804

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 07/11/2025 16:39:59

CSV: REXPG-NJ0udWRxg-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/11/2025 17:41:58
Nº Rexistro: 38427
Data envío: 07/11/2025 17:41:58.766

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta as seguintes **emendas á totalidade ao Proxecto de lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2026 sen efectos devolutivos, que incrementan o estado de ingresos e modifican a estrutura orgánica dos orzamentos** transferindo recursos da **Sección 04**, Presidencia da Xunta, **Sección 05** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Sección 06**, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Sección 07**, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **Sección 08**, Consellería de Política Social e Igualdade, **Sección 09**, Consellería de Economía e Industria, **Sección 10**, Consellería de Facenda e Administración Pública, **Sección 11**, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **Sección 12**, Consellería de Sanidade, **Sección 13**, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **Sección 14**, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, **Sección 15**, Consellería do Medio Rural e **Sección 16**, Consellería do Mar; ás seccións: **Sección 04**, Presidencia da Xunta, **Sección 05** Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, **Sección 06**, Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Sección 07**, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, **Sección 08**, Consellería de Política Social e Igualdade, **Sección 09**, Consellería de Economía e Industria, **Sección 10**, Consellería de Facenda e Administración Pública, **Sección 11**, Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **Sección 12**, Consellería de Sanidade, **Sección 13**, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, **Sección 14**, Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, **Sección 15**, Consellería do Medio Rural e **Sección 16**, Consellería do Mar, de acordo coa relación que se achega no presente escrito.



Emenda Nº: 1													
Redución Estado de gastos							Incremento Estado de gastos						
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	01	761A	432.12	10.000.000	Axencia Galega de Turismo	EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	7	01	561A	7	250.000.000	Pacto Galego pola Ciencia para converter a I+D+i no grande motor de transformación de Galiza.
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	01	761A	732.12	30.000.000	Axencia Turismo de Galiza							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	01	111A	110.00	1.304.599	Persoal eventual de gabinete							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	01	111A	226.99	306.000	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	01	111A	227.99	10.000	Outros							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	03	461A	110.00	659.180	Persoal eventual de gabinete							
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALIZA	04	03	461A	226.99	110.921	Outros							
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	110.00	250.000	Persoal eventual de gabinete							
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	221.00	2.500.000	Subministracións. Enerxía eléctrica							
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	221.02	300.000	Subministracións. Gas							



PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	221.03	500.000	Subministracións. Combustibles
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	222.00	50.000	Comunicacións telefónicas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	222.01	50.000	Comunicacións postais
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	223	50.000	Transportes
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	226.01	30.000	Gastos diversos. Atencións protocolarias e representativas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	226.02	5.000	Publicidade e propaganda
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	226.99	45.000	Gastos diversos. Outros
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	227.00	2.500.000	Traballos realizados por outras empresas: limpeza e aseo
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	227.01	3.000.000	Traballos realizados por outras empresas: seguranza
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	227.03	25.000	Traballos realizados por outras empresas: postais
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	632.0	4.500.000	Investimento de reposición asociado ao funcionamento operativo de servizos



PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	121A	640.1	400.000	Gastos de carácter inmaterial. Infraestructuras e equipamentos
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	441A	221.99	80.000	Outras subministracións
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	01	441A	226.02	60.000	Publicidade e propaganda
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	226.06	61.000	Reunións conferencias e cursos
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	226.10	882.315	Actividades deportivas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	226.99	247.624	Outros
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	227.99	152.170	Outros
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	625.1	5.000	Outro mobiliario
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	760.00	2.900.000	Convenio co concello de Ferrol
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	02	441A	781.8	100.000	Convenio fundación amare
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	221.00	1.200.000	Subministracións. Energía eléctrica
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	221.02	170.000	Subministracións. Gas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	221.03	150.000	Subministracións. Combustibles



PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	222.00	150.000	Comunicacións telefónicas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	222.01	2.500.000	Comunicacións postais
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	222.02	450.000	Comunicacións telegráficas
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	227.00	1.900.000	Traballos realizados por outras empresas: limpeza e aseo
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	227.01	850.000	Traballos realizados por outras empresas: seguranza
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	131A	400.0	1.300.000	Convenio Ministerio do Interior para vixilancia sedes xudiciais
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	03	212A	430.01	800.000	Academia Galega de Seguridade Pública
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	07	111E	443.02	710.417	Fundación Galiza Europa
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	08	512A	640.0	3.575.863	Gastos en investimentos inmateriais
PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES	05	08	512A	227.99	252.544	Outros
MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	06	01	542A	740.01	10.000.000	Ente Público Empresarial Augas de Galiza



MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO	06	03	541D	741.02	10.000.000	Sociedade Galega de Medio Ambiente (SOGAMA)
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	311A	220.01	325.564	Prensa, revistas, libros e outras publicacións
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	311A	222	1.000.000	Comunicacións telefónicas e postais
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	311A	226.02	64.303	Publicidade e propaganda
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	312D	480.32	52.000.000	Libranzas de coidados na contorna familiar
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	312D	480.33	23.000.000	Libranzas vinculadas á adquisición dun servizo de centro de atención residencial
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	312D	480.34	6.000.000	Libranzas vinculadas á adquisición dun servizo de centro de día
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	01	312D	480.36	6.000.000	Libranzas vinculadas á adquisición dun servizo de axuda no fogar
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	03	312A	480.1	23.000.000	Renda galega de inclusión social
POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	05	312D	228.1	43.517.500	Funcionamento de centros públicos para persoas maiores



Emenda Nº: 2													
Redución Estado de gastos							Incremento Estado de gastos						
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	01	421A	230	100.000	Axudas de custo	SANIDADE	12	01	411A	4	250.000.000	Nova Atención Primaria: novas categorías profesionais a Atención Primaria (psicólogos/as clínicos/as, logopedas, terapeutas ocupacionais...); plan de recursos humanos coa mellora da condicións económicas e laborais.
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	01	421A	231	100.000	Locomoción							
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	03	423A	482	262.100	Axudas a concertos educativos							
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	03	423A	780	335.543	Transferencias a familias e centros concertados							
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	03	423B	482	201.000	Axudas familias centros concertados PROA+ FSE+							
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	421A	110	427.171	Persoal eventual de gabinete							



EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	132	19.239.477	Persoal laboral temporal (profesorado relixión)
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	162.09	101.393	Outros gastos sociais do persoal
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	482.0	23.269.160	Concertos educación infantil
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	482.1	119.347.555	Concertos educación primaria e ESO
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	482.3	143.767	Axudas centros concertados alumnado NEE
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	482.4	2.482.408	Incremento módulos estado concertos
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422A	780	71.883	Axudas familias centros concertados alumnado NEE
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422D	482	10.258.484	Concertos educación especial
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422M	132	10.854.408	Persoal laboral temporal (profesorado relixión)
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422M	162.09	103.584	Outros gastos sociais do persoal
EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP	07	05	422M	482	14.808.022	Axudas a centros concertados FP



POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	08	05	312D	228.1	6.482.500	Funcionamento de centros públicos para persoas maiores
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	220.00	3.000	Ordinario non inventariable
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	220.01	61.750	prensa revistas libros e outras publicacións
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	226	311.900	Gastos diversos
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	227	1.094.891	reunións conferencias e cursos
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	233	50.000	Outras indemnizacións
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	470.5	700.000	Apoio á contratación de xestores de internacionalización
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	480.3	1.090.732	Axudas á capacitación profesional en internacionalización
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	622.0	3.061.823	Construcións
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	625.0	2.897	Adquisición
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	626.0	2.257.829	Equipamento e aplicacións informáticas
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	640	7.447.919	Actuacións inmateriais en competitividade investimento
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	641	1.181.304	Investimentos en sectores estratéxicos
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	744.0	7.500	Transferencia ao SUG
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	770	24.140.000	Apoio á competitividade o investimento a internacionalización e outras actuacións nas empresas



Emenda Nº: 3													
Redución Estado de gastos							Incremento Estado de gastos						
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	110	388.911	Persoal eventual de gabinete	ECONOMÍA E INDUSTRIA	9	04	733A	6	180.000.000	Creación da Empresa Pública de Enerxía (planificación, xeración, almacenamento, comercialización e educación social) e do Polo de Coñecemento, Innovación e Experimentación en enerxía.
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	212	20.000	Edifícios e outras construcións							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	213	6.000	Maquinaria, instalacións e utensilios							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	216	58.968	Equipamentos para procesos de información							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	220	48.000	Material de oficina							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	220.01	61.000	Prensa, revistas, libros e outras publicacións							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	220.02	20.000	Material informático non inventariable							
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	221.99	5.000	Outras subministracións							



FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	222	144.521	Comunicacións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	226	63.200	Gastos diversos
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	227	270.772	Traballos realizados por outras empresas
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	230	16.767	Axudas de custo
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	231	34.250	Locomoción
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	233	2.000	Outras indemnizacións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	622	100.000	Edificios e outras construcións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	623.1	10.000	Adquisicións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	625	30.000	Mobiliario e utensilios
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	626	40.000	Equipos para procesos de información
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	632	35.491	Edificios e outras construcións
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	611A	640.1	65.268	Asesoramento externo
FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA	10	01	612A	640	1.000.000	Gastos en investimentos de carácter inmaterial



VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	511A	220.00	21.500	Ordinario non inventariable
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	511A	227.99	66.578	Outros
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	511A	632.0	142.000	Investimento en edificios e outras construcións
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	511A	640.0	272.091	Investimentos de carácter inmaterial
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	512B	432.04	5.000.000	Axencia Galega de Infraestruturas
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	01	512B	732.04	120.000.000	Axencia Galega de Infraestruturas
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	03	521A	220.00	10.780	Ordinario non inventariable
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	03	521A	226.99	7.064	Outros
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	04	511A	202	75.000	Edificios e outras construcións
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	04	511A	212	11.365	Edificios e outras construcións
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	04	511A	220.00	5.110	Ordinario non inventariable
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	202	55.000	Edificios e outras construcións



VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	204	70.000	Material de transporte
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	212	680.000	Edificios e outras construcións
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	215	10.000	Mobiliario e utensilios
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	220.00	55.000	Ordinario non inventariable
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	220.02	30.000	Material informático non inventariable
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	221.00	200.000	Enerxía eléctrica
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	222.01	150.000	Postais
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	226.02	15.000	Publicidade e propaganda
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	226.99	20.000	Outros
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	227.99	2.415.006	Outros
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	625.0	30.000	Mobiliario e utensilios
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	628.1	40.000	Gastos inherentes á transmisión da propiedade
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451A	632.0	300.000	Reparación edificios propios



VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451B	607.5	2.000.000	Adquisición e adecuación de loais para VPP
VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS	11	81	451B	780.2	500.000	Axudas adquisición de vivendas en centros históricos
SANIDADE	12	80	412A	252.03	45.398.358	Concertos entidades privadas



Emenda Nº: 4													
Redución Estado de gastos							Incremento Estado de gastos						
Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito	Consellería	Sección	Servizo	Programa	Concepto	Cantidade	Denominación do crédito
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	770	87.634.886	Apoio á competitividade o investimento a internacionalización e outras actuacións nas empresas	POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE	8	02	313D	4	140.000.000	Plan 2026 de loita contra a violencia machista (1% do orzamento).
ECONOMÍA E INDUSTRIA	09	A1	741A	781	4.060.740	Apoio á competitividade o investimento a internacionalización e outras actuacións nas ISFL							
